DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL en Pleno o 30 de decembro de 2020

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 30 de decembro de 2020, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 12/2020, do 27 de novembro

2. Aprobación da corrección de erro material nas actas de sesións do Pleno da Deputación

3. Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 21 de novembro ata o 18 de decembro de 2020

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

4. Aprobación da concesión de subvención nominativa a Asociación Cultural Correlingua para financiar o Proxecto de Correlingua 2020 na provincia da Coruña "Vinte coa lingua" e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

5. Aprobación da modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os Cursos na sede da Coruña no ano 2020

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

6. Aprobación da subvención nominativa ao Concello de Camariñas para financiar o proxecto "Mostra Encaixe de Camariñas 2020"

7. Aprobación da subvención nominativa ao Concello de Oleiros para financiar o proxecto Feira olería tradicional "Alfaroleiros"

8. Aprobación da subvención nominativa ao Concello de Mesía para financiar o proxecto "Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga"

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

9. Aprobación técnica da cuarta fase do Plan de Inversións en Vías Provinciais 2020

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

10. Aprobación defnitiva do expediente de cesión de uso de varias fincas en

Bastiagueiro (Oleiros), na marxe esquerda da estrada AC 173 en sentido A Coruña Santa Cruz, en favor da Universidade da Coruña.

11. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de As Pontes polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de rehabilitación de cuberta, fachada e pavimento no polideportivo Monte Caxado.

12. Dar conta ó Pleno da Corporación Provincial do Plan Anual de Contratación para o ano 2021

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

13. Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 para modificar as Bases 7 e 9 para regular a utilización do contrato menor nas obras incluídas no Plan, e a Base 12 para a ampliación do obxecto do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios

14. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora de eficiencia enerxética da iluminación pública no Milladoiro," do Concello de Ames, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0301.0

15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da seguridade viaria na travesía de Bastavaliños", do Concello de Brión, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2019 co código 2019.2001.0643.0

16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora e acondicionamento da Rúa Nova e da Rúa do Porto de Camelle", do Concello de Camariñas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0418.0

17. Aprobación do 2º proxecto modificado da obra denominada "Rehabilitación do antigo Cine París para centro cultural, 1ª Fase" do Concello de Muros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2100.0032.0

18. Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provinciual da Coruña e a Asociación de OPC de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Congreso nacional OPC Spain 2020".

19. Aprobación da proposta de designación do representante da Deputación na Mesa de traballo dos camiños Inglés e Fisterra-Muxía

20. Aprobación da proposta de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Narón para financiar o proxecto denominado "Rehabilitación do Muiño de Xuvia"" (Convenio 95/2019)

21. Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o concello de Noia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do proxecto "Promoción reactivación sector turístico".

22. Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o concello de Outes polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do "Plan de promoción turística do concello de Outes"

23. Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Deportiva e Cultural OCR Allariz polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "O Camiño Race".

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

24. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a novembro de 2020 e proxección a 31/12/2020.

25. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de novembro de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de novembro de 2020.

26. Dación de conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2020 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

27. Dación de conta das liquidacións provisionais da recadación do 1º e 2º trimestre de 2020 dos conceptos entregables e non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

28. Dación de conta da información complementaria ás propostas de dación de conta da liquidación provisional da recadación da voluntaria do 1º semestre e das liquidacións provisionais do 1º e 2º trimestre de conceptos entregables e non entregables de 2020.

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

29. Aprobación da modificación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña

30. Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP para financiar o programa COOPERAMOS+, no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2020

31. Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), para cofinanciar o proxecto "Asesoría Enerxética 2020"

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

Moción Plan Integrado Emprego

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL en Pleno o 30 de decembro de 2020.

De forma telemática, consonte ao disposto na Resolución da Presidencia número 39263/2020, do 1 de decembro, o 30 de decembro reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa Mª Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Non asiste o Sr. Fernández Mouriño.

Actúa como secretario: José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:14 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 12/2020, do 27 de novembro

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 12/2020, de 27 de novembro

2.- Aprobación da corrección de erro material nas actas de sesións do Pleno da Deputación

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Nos meses de setembro e outubro, celebráronse catro sesións do Pleno de forma telemática, pero nas actas correspondentes non se recolleu esa circunstancia. E aínda que, consonte ao disposto no número 5 do artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas sesións a distancia os acordos se entenden adoptados no lugar onde teña a súa sede o órgano colexiado, con todo convén que nas correpondentes actas figure nidiamente unha cuestión tan trascendente como é a forma de celebración telemática.

Por tanto, procede introducir nas actas que se indican a seguir as modificacións que se sinalan:

Sesión do Pleno do día 9 de setembro de 2020

Onde di:

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 9 de setembro de 2020, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión extraordinaria.

Debe dicir:

De forma telemática, consonte ao disposto na Resolución da Presidencia 26391/2020, de 7 de setembro, o 9 de setembro de 2020 reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión extraordinaria.

Sesión do Pleno do día 11 de setembro de 2020

Onde di:

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 11 de setembro de 2020, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Debe dicir:

De forma telemática, consonte ao disposto na Resolución da Presidencia 26391/2020, de 7 de setembro, o 11 de setembro de 2020 reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Sesión do Pleno do día 25 de setembro de 2020

Onde di:

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 25 de setembro de 2020, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Debe dicir:

De forma telemática, consonte ao disposto na Resolución da Presidencia 26391/2020, de 7 de setembro, o 25 de setembro de 2020 reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Sesión do Pleno do día 30 de outubro de 2020

Onde di:

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 30 de outubro de 2020, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Debe dicir:

De forma telemática, consonte ao disposto na Resolución da Presidencia 33269/2020, de 27 de outubro, o 30 de outubro de 2020 reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria."

3.- Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 21 de novembro ata o 18 de decembro de 2020

Dáse conta das resolucións da Presidencia desde o 21 de novembro ata o 18 de decembro de 2020

4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa a Asociación Cultural Correlingua para financiar o Proxecto de Correlingua 2020 na provincia da Coruña "Vinte coa lingua" e aprobación do correspondente convenio de colaboración

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 1 de decembro de 2020.

2.- Aprobar o convenio coa **Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683**, correspondente á subvención nominativa que, por importe de 20.000 euros, coeficiente de financiamento do 80% para financiar o Correlingua 2020 na provincia da Coruña, Vinte coa lingua, de acordo co texto de convenio que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2021, autorice o correspondente orzamento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA CIF G70325683 PARA FINANCIAR CORRELINGUA 2020 NA PROVINCIA DA CORUÑA. VINTE COA LINGUA

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D/Dna._____en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____en nome e representación de Asociación Cultural Correlingua

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, organiza coa denominación, que adoptaron, de Correlingua desde 2001 diversas carreiras a prol do idioma por Galicia.

Unha proposta de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que pretende convidar a mocidade, alumnado e centros de ensino de titularidade pública e privada, de diferentes niveis a participar nun acto público de reivindicación do dereito de medrar en galego e tamén exercer de maneira efectiva como galegos e galegas a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro.

Debido á situación de crise sanitaria en 2020 a causa da COVID-19 os actos públicos numerosos como son as carreiras e festas finais do Correlingua non poden celebrarse. O proxecto dura todo o ano con diferentes actividades que se veñen desenvolvendo nos centros de ensino, e ao longo deste proxecto, ademais das actividades que se celebran ano a ano coma os concursos de elaboración do manifesto, vídeo, banda deseñada, o Cantalingua ou o Posadoiro, prográmanse outras actividades alternativas ás festas finais e carreiras para o Correlingua 2020; "Faixas e coplas" concurso de animación que xorde este ano pensado para celebrarse no último trimestre, como peche do Correlingua 2020. A participación será por centros e categorías para animar o Correlingua na rede.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar este convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, para financiar o Vinte coa lingua 2020 (**do 1 de xaneiro ao 31 de decembro**) na provincia da Coruña, un proxecto que pretende incentivar o uso oral do galego e polo tanto a

súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

Na provincia realizaranse as seguintes actividades:

1.- Concursos escolares

2.- Concurso musical

3.- Festas do Correlingua na Coruña, Narón, Rianxo e Zas (por retransmisión).

4.- Posadoiro

5.- Dúas unidades didácticas programadas co obxectivo de propiciar nas aulas a reflexión e o debate sobre o uso da nosa lingua.

6.- Faixas e coplas concurso de animación creado en 2020

O prazo de execución remata o 31 de decembro de 2020.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

1. Organización de actividades_____ **18.500 euros**

1.1 Actividades para os participantes nos concursos Correlingua 2020 __ 5.500 euros

Obradoiro creación literaria de AELG para CPI de Zas _____ 314,60 euros

Actuación Monoulious para CPI de Zas (son incluído_____ 953,00 euros

Obradoiro banda deseñada de Manel Cráneo CEIP Ramón Cabanillas_ 600,00 euros

Obradoiros de regueifas de Luis Caruncho participantes no concurso___ 600,00 euros

Obradoiros de video por AGARESO para participantes no concurso ____800,00 euros

Actuación Biribirlocke (Rianxo) son incluído _____1.150,00 euros

Actuación AldaoLado (Coruña)_____ 1.082,40 euros

1.2 Contratación de profesionais_____ 13.000 euros

Presentación do Correlingua de Isabel Risco (Narón)_____340,00 euros

Actuación A Gramola Gominola (Narón)_____652,00 euros

Actuación Cé Orquestra Pantasma (Narón) _____423,00 euros

Coordinación Correlingua: catro nóminas Lucía Barreiro _____ 8.745,24 euros

Streaming e gravar concerto Narón e Zas _____ 1.629,76 euros

Comunicación e redes sociais _____ 1.210,00 euros

2. Edición de material e publicitación_____ **6.500 euros**

2.1 Agasallos para o alumnado_____ 6.169,19 euros

4.500 pulseiras agasallo alumnado

participante Correlingua provincia da Coruña _____ 1.720,62 euros

4.500 mochilas agasallo alumnado Correlingua da Coruña _____ 4.448,57 euros

2.2 Material publicitario Correlingua _____ _____330,81 euros

TOTAL 25.000 euros

Cantidade total orzada: 25.000,00 euros
Axuda solicitada á Deputación da Coruña: 20.000,00 euros
Coeficiente de financiamento: 80%

Asociación Cultural Correlingua financiará con fondos propios os restantes 5.000,00 euros (20%).

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **20.000,00 euros** , o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0111/334.4/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que Asociación Cultural Correlingua obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación Cultural Correlingua. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Asociación Cultural Correlingua, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, Asociación Cultural Correlingua deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que Asociación Cultural Correlingua tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logotipo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga de Asociación Cultural Correlingua.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación Cultural Correlingua unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de Asociación Cultural Correlingua, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social,

segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2020,** como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, Asociación Cultural Correlingua deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2021**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Asociación Cultural Correlingua para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Cultural Correlingua da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por Asociación Cultural Correlingua na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Correlingua terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. Asociación Cultural Correlingua deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Asociación Cultural Correlingua destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, Asociación Cultural Correlingua deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Asociación Cultural Correlingua poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, Asociación Cultural Correlingua queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o

disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Correlingua serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación Cultural Correlingua será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio 2021, autorice o correspondente orzamento

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2021 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na data citada.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

5.- Aprobación da modificación do convenio de cooperación entre a Deputación

Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os Cursos na sede da Coruña no ano 2020

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación do convenio de concesión dunha subvención nominativa á Universidad Internacional Menéndez Pelayo que foi aprobado polo Pleno desta Corporación na sesión ordinaria celebrada o pasado 30 de outubro de 2020, cuxo texto definitivo é o seguinte:

"**Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os Cursos na sede da Coruña no ano 2020.**

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ……., en representación da Deputación Provincial da Coruña

Dona María Luz Morán Calvo-Sotelo, en nome e representación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (entidade con NIF Q2818022B e domicilio social en rúa Isaac Peral, 23, 28040 Madrid) na súa calidade de Reitora Magnífica, que actúa facultada polo seu nomeamento realizado por Real Decreto 1457/2018, do 14 de decembro (BOE do 15 de decembro) e facendo uso das atribucións que ten conferidas no artigo 12 do Estatuto da Universidad, aprobado por Real Decreto 331/2002, do 5 de abril (BOE do 12 de abril).

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación subscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo con o disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no EMC 6/2018 unha subvención

nominativa para o financiamento dos Cursos na sede da Coruña no ano 2018.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as partes, a Deputación provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de cooperación de acordo con as seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases do outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a favor da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (NIF: Q2818022B), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamiento parcial dos Cursos na sede da Coruña no ano 2020, de acordo con o seguinte programa:

Optimización metodológica en la enseñanza de la danza clásica
Paula de Castro Fernández
7-8 novembro
Online. A Coruña

Cine independiente en tiempos del meme
Manuel López
21-27 setembro
Presencial. A Coruña
Transición energética justa
Ricardo García Mira
17-18 setembro
Online

Retos demográficos y políticas públicas para la España despoblada en tiempos del covid-19. Una reflexión desde los expertos
Francisco Ramos
setembro- novembro
Online

I Foro economía prospectiva de Galicia
Fernando González Laxe
12-13 novembro
Presencial. A Coruña

Patrimonio cultural digital: retos y oportunidades en Galicia
16-17 setembro
Online. Santiago de Compostela

II.- Orzamento da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

As actividades realizaranse de acordo con o seguinte orzamento:

Gastos directos

Honorarios profesores		24.300.-
Aloxamento e manutención		3.500.-
Viaxes de profesores		3.900.-
Medios técnicos (gravación e/ou traducción simultánea)		4.600.-
Publicidade e difusión		3.700.-
Reprografía e material		2.100.-
Total gastos directos	*42.100.-*	

Gastos indirectos

Limpeza / desinfección locais / xel hidroalcohólico		2.125.-
Gastos de persoal		5.900.-
Total gastos indirectos	*8.025.-*	

Total gastos **50.125 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Diputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como defínese na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 79,80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non conseguise o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, si a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42111, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou persoais, que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidad Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

2.- Si o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres presupostos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento deste deber da Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), cando se trate de actividades xa rematadas, a Deputación poderá establecer medidas alternativas, sempre que éstas permitan dar a difusión da financiación pública recibida co mesmo alcance das inicialmente acordadas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Universidad Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente de maneira telemática (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita pola representante legal da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

* Certificación da aprobación da relación de gastos e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta de IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigacións asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar finalizadas o 31 de decembro de 2020.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2021.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para que o presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidad Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo na documentación achegada; e se transcurriran máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo terá dereito ao aboamento dos intereses de demora, ao tipo de interese legal, que se perciban desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

VIII.- Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade

Social.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento dos deberes tributarios coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento dos deberes tributarios coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderase realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impor, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobranzas e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas os demais deberes formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2.- Simultaneamente, de acordo con o previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeneral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no este precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, a concesión da subvención á Universidad Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín oficial da provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas desde o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021 autorice o correspondiente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeneral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da esta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---.

E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- Aprobación da subvención nominativa ao Concello de Camariñas para financiar o proxecto "Mostra Encaixe de Camariñas 2020"

*1.-*Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Apreciánse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

- A actividade subvencionada ao Concello da Camariñas “Mostra do

Encaixe de Camariñas"(I Mostra Virtual do Encaixe de Camariñas)" ,está dentro dun proxecto que o Concello de Camariña está levando acabo dende o ano 1991 e que ten unha singularidade única dende o punto de vista da promoción económica, e ante a dificultade por causa das limitación tanto de distribución e comercialización como da produción e dinamización do colectivo de palillerias para promover o cooperativisomo e da trascendencia para esta industria do encaixe para a economía local. O Concello de Camariñas diseñou un Programa de Desenvolvemento do Encaixe, para que a vila de Camariñas, potencie esta actividade como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

- Este ano por motivo da pandemia COVID-19 o Concello de Camariñas organizou unha boa parte da organización do evento de xeito virtual con gran éxito de participantes o que non supuxo unha perda de participantes e vendas

- A memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste en executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, xa descritas anteriormente e que se xuntan ao expediente, contribuirán a manter a posición de Camariñas como destino tanto comercial como turístico de primeira orde.

- Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas con CIF P1501600I para financiar as actividades "Mostra do Encaixe de Camariñas" (I Mostra Virtual do Encaixe de Camariñas)" cunha achega provincial de 45.000,00 € con cargo á aplicación presupustaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 68,85 con respecto a un orzamanto de 65.364,17 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación, Secretaría Xeral e da Intervención Provincial

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto de "XXX Mostra Encaixe de Camariñas 2020" (I Mostra Virtual do Encaixe de Camariñas)".
En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte, en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, en representación do CONCELLO DE CAMARIÑAS

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector do encaixe se converta nunha actividade rendible de futuro para isto o Concello de Camariñas deseñou un programa de desenvolvemento do encaixe no dito programas conteplouse as seguinte áreas de intervencion: formación, investigación, produción, distribución e comercialización, todo este proceso repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial**.**

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CAMARIÑAS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO DE CAMARIÑAS**, CIF P1501600I, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumido polo concello para o financiamento do proxecto de "XXX Mostra Encaixe de Camariñas 2020" (I Mostra Virtual do Encaixe de Camariñas)".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE CAMARIÑAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Gastos de persoal	
Importe brulto do soldo dunha técnica durante 5 meses	10.369,40
Seguridade Social a cargo da entidade	
SeguridadeLSocial da técnica durante 5 meses	3.396,35
Publicidade e propaganda:	
Publicidade e promoción en diferentes medios, servizo de comunicación, reparto de cartelería, servizo de dixitalización de carteis,spot e cartel desta edici	22.759,98
Compras de bens detinados á actividade:	
Subministro de moqueta e encaixes para as colecións de moda e	17.890,83

artencaixe	
Comunicacións:	
Gastos de rexistros web, creación de web e tradución idiomas contido webl	1.500,00
Contratacións externas (servizos de profesionais indenpendetes:	
Servizo de modelo para cartel e spot, servizo de captación de deseñadores e servizo mural recinto ferial	9147,61
Reparacións e conservación:	
Servizo de montaxe e desmontaxe de expositores	300,00
TOTAL:	65.364,17

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 45.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 68,85 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 68,85% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMARIÑAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMARIÑAS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMARIÑAS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE CAMARIÑAS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMARIÑAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

.

O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o **dia 1 de xaneiro ata o 30 de outubro do ano 2020.**
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CAMARIÑAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Camariñas da sanción que de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable. 3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CAMARIÑAS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de outubro do ano 2020**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2021**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de abril de 2021.**

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CAMARIÑAS, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación O representante do Concello de Camariñas"

7.- Aprobación da subvención nominativa ao Concello de Oleiros para financiar o proxecto Feira olería tradicional "Alfaroleiros"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

- A actividade subvencionada ao Concello de Oleiros, relativa á "Feira de Olería Tradicional "Alfaroleiros" pretende mediante este evento a dinamización comercial, tendo en conta que se trata dun acto de exaltación desta artesanía tradicional, senón tamén na maior actividade de promoción do ámbito xeográfico no que esta inmersa. Contribuíndo decisivamente ao desenvolvemento socioeconómico da. Xunto coa dinamización comercial, a mostra repercute igualmente nunha promoción económica da vila, xa que vai atraer unha grande afluencia de xente, fomentando a promoción cultural, turística, comercial e socioeconómica do entorno xeográfico da vila de Oleiros.

- Por todo o exposto, Alfaroleiros constitúe unha das mellores e máis poderosas ferramentas para a promoción cultural, turística e económica do Concello de Oleiros e serve este evento para apoiar un oficio tradicional como é a oleiría e potenciar ao mesmo tempo o uso da hostalería e do comercio existente na zona. A participación na feira estímase entre 10.000 e 15.000 persoas.

- Por outra banda segundo a memoria presentada polo concello, esta feira de olería tradicional ten carácter nacional xa que participan artesáns de distintos puntos da xeografía española, seleccionados pola calidade das súas obras, que durante unha semana amosan oa seus traballos ao público.

- Un dos obxectivos principais desta feira e promocionar o patrimonio da olería tradicional como medio de coñecemento da nosa identidade e como fonte de riqueza cultural e intelectual. Para acadar este fin, o Concello de Oleiros traballou activamente no deseño de ferramentas de difusión que facilitasen e atraesen o interes de usuarios e potenciais visitantes. Foi así como se puxo en marcha a Escola Municipal de Olería e a feira de olería popular "Alfaroleiros".

- Cabe considerar, ademais, que o proxecto, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello Oleiros con CIF P1505900I para cofinanciar XXVI Feira Olería Tradicional "Alfaroleiros"cunha achega provincial de 25.055,52 € con cargo á aplicación presupustaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80% con respecto a un orzamanto de 31.319,40 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros polo que se instumenta unha subvención nominativa para o cofinaniamento do proxecto "XXVI Feira Olería Tradicional "Alfaroleiros".
En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte , en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte , en representación do CONCELLO DE OLEIROS

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial

EXPOÑEN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE OLEIROS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE OLEIROS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a do **CONCELLO OLEIROS**, CIF P1505900I fixando as condicións que se impoñan por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto XXVI Feira Olería Tradicional "Alfaroleiros", que se celebrou entre os días do 5 ao 9 de agosto de 2020.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE OLEIROS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Alugueer grupo electróxieno	665,50 €
Aluguer escenario (2 día)	3.025,00 €
Póliza seguro pezas olería	150,00 €
Impresión bolsas de papel 24x12x31 cm	1.030,00 €
Macarillas agasallo con logo "Alfaroleiros"	1.810,00 €
Gastos imprenta: cartaces, dípticos, etc..	400,00 €
Proxeccións: "O que arde" e "Asteris: el secreto de la poción mágica"	1.700,00 €
Dereitos de autoría proxeccións	100,00 €
Gastos vixiancia Policía Municipal	5.232,60 €
Concerto de Ernest Martínez: "Testus"	968,00 €
Obradoiro de barro	484,00 €
Convenio desprazamentos oleiros-as	4.901,81 €
Prensa: Anuncios en prensa escrita	3.522,31 €
Prensa: Cuñas radiofónicas e anuncios en TV	4.980,36 €
Prensa. Anuncios Redes Sociais: Instagram e Facebook	726,00 €
Servizo fotografía	344,85 €
Servizo gravación video	943,80 €
Vinilos de sinalización recorrido	335,17 €
TOTAL	31.319,40 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.055,52 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a

recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3341/46201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE OLEIROS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE OLEIROS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE OLEIROS deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibida, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria e elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que o CONCELLO DE OLEIROS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE OLEIROS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE OLEIROS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE OLEIROS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

.

O CONCELLO DE OLEIROS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o dia 1 de xaneiro ata o 31 de outubro do ano 2020.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE OLEIROS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE OLEIROS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE OLEIROS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida coresponder..
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE OLEIROS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE OLEIROS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses

ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.-O CONCELLO DE OLEIROS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.- O CONCELLO DE OLEIROS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE OLEIROS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE OLEIROS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE OLEIROS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de

enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable. 3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE OLEIROS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE OLEIROS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de outubro do ano 2020**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2021** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. O CONCELLO DE OLEIROS deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de abril de 2021.**

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE OLEIROS, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día--- de de
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Represenante da Deputación O representante do CONCELLO DE OLEIROS"

8.- Aprobación da subvención nominativa ao Concello de Mesía para financiar o proxecto "Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

As actvidades propostas polo Concello de Mesia enmarcase na promoción económica, e segundo consta na motivación das razóns expostas polo Concello e xustifican a concesión da citada subvención dada a relevancia tan importante do lugar co obxecto de manter o pulso vital do municipio a través do funcionamento continuado deste espazo e realizar así unha grande variedade de actividades dirixidas, cada día, a toda a poboación e que satisfagan non só a súa alternativa de ocio senón que se convertan nunha forma de aprender.

Segundo a memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste converter este lugar nun referente para os centros educativos galegos, nun lugar onde complementar coñecementos e adquirir outro novos

Asi mesmo pretende recuperar entornos danados e a posibilidade de convertelos en lugares de interese para a poboación que poderá achegarse ao mundo da cerámica e a súa importancia histórica e social en Galicia

Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía con CIF P1504800B para financiar o proxecto “Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga” que queda condicionado á aprobación do EMC 5/2020 cunha achega provincial de 58.277,40 € con cargo á aplicación presupuestaria 0510/3336/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80 % con respecto a un orzamento de 72.846,75 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MESÍA

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte, o representante da Deputación

E doutra parte, o representante do Concello de Mesia

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MESÍA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE MESÍA**, **CIF P1504800B**, para o financiamento das "*Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga*".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE MESÍA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL	**58.277,40 €**
Peón de xardinería	21.431,64 €
Peón de xardinería	19.190,0 4€
Monitor de tempo libre	17.655,72 €
GASTOS CORRENTES	**14.569,35 €**
Material divulgativo e didáctico para visitas, exposicións, talleres, xornadas, etc.	1.100,00 €
Material para obradoiros, talleres, etc.	1.926,95 €
Cursos de cerámica, de utilización de materiais naturais, de modelado do barro, etc.	1.100,00 €
Conferencias e charlas	300,00 €
Produtos de limpeza	900,00 €
Electricidade e teléfono	2.100,00 €
Ferramentas de xardinería (materiais non inventariables)	1.038,71 €
Abonos, sementes e outros produtos para o mantemento das áreas axardinadas e zonas verdes	700,95 €
Alimentación e repoboación da fauna existente	1.100,00 €
Mantemento, reposición e conservación das instalacións e demais equipamento (pintado aulas, traballos de albanelería en vieiros, canalizacións acuíferas, etc.)	2.602,74 €
Material e traballos de reparación de fontanería, electricidade…	1.700,00 €
TOTAL	**72.846,75 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **58.277,40 € (gastos de persoal)** o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3336/46201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MESÍA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE MESÍA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MESÍA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE MESÍA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MESÍA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE MESIA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MESIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

.

O CONCELLO DE MESIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

.VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MESÍA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MESÍA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución

do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O CONCELLO DE MESÍA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE MESÍA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)
3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MESÍA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MESÍA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura, ou no seu caso, desde o 01/01/2021 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de xuño do ano 2022, sempre e cando exista crédito para tal fin**.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MESÍA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de maio de 2022**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente . Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada por Resolución de Presidencia que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MESÍA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MESÍA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación O representante do CONCELLO DE MESÍA"

9.- Aprobación técnica da cuarta fase do Plan de Inversións en Vías Provinciais 2020

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Deixar sen efecto a inclusión na Segunda Fase do Plan de Vías Provinciais 2018 as obras incluídas no Proxecto DP 1704.- PROXECTO DE EXECUCION DE MURO DE CONTENCION E BEIRARRUAS NA DP 1704 CAMBRE A CARRAL.- PQ 0+670 AO 0+820 (CAMBRE), código 2018.1110.0006.0 cun orzamento de 136.436,99 euros, con motivo da redacción dun novo proxecto denominado MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA DP 1704 CAMBRE A CARRAL PQ 0+580 A 1+070, código 2020.1110.0005.0 por importe de 93.532,95 euros.

2.- Aprobar tecnicamente o proxecto incluído no Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2020 CUARTA FASE cun orzamento total de 93.532,95.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2020.1110.0005.0	MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA DP 1704 CAMBRE A CARRAL PQ 0+580 A 1+070	CAMBRE	93.532,95	4.255,99

3.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2020.1110.0005.0	MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA DP 1704 CAMBRE A CARRAL PQ 0+580 A 1+070	CAMBRE	93.532,95	4.255,99

4.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

5.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

10.- Aprobación defnitiva do expediente de cesión de uso de varias fincas en Bastiagueiro (Oleiros), na marxe esquerda da estrada AC 173 en sentido A

Coruña _Santa Cruz, en favor da Universidade da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso en favor da Universidade da Coruña das fincas propiedade da Deputación da Coruña situadas en Bastiagueiro (Oleiros), na marxe esquerda en sentido crecente da estrada A Coruña - Santa Cruz, denominadas Xan das Viñas e Viña Grande, e cuxa descrición se concreta do xeito que se indica:

Referencia catastral: 15059A029001410000TS

Superficie catastral: 43.513 m

Inventario de Bens: Epígrafe 1.1 finca 50

Superficie no inventario: 47.211 m

Título de propiedade: Escritura de compravenda outorgada o 11/08/1937 ante o notario Víctor Valderrama Arias, da Coruña, baixo o número 514 do seu protocolo.

A cesión efectuarase baixo as seguintes condicións:

a) A Deputación da Coruña cede á Universidade da Coruña o uso das fincas descritas polo prazo máximo de 30 anos, e deberá adicar estes bens en interese provincial ao ensino superior mediante o exercicio da docencia, o estudo, a investigación e a creación de coñecemento, no prazo máximo de 2 anos contados dende a apobación do acordo de cesión, debendo manter estes destinos durante os 30 anos seguintes, establecéndose expresamente a resolución da presente cesión en caso de incumprimento, de conformidade e coas consecuencias previstas no artigo 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986.

b) Non pode existir ánimo de lucro no cumprimento dos fins previstos na clausula anterior, establecéndose expresamente a resolución da presente cesión en caso de incumprimento, de conformidade e coas consecuencias previstas no artigo 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986. No caso de que os bens cedidos orixinen algún tipo de ingreso, tal circunstancia deberá ser comunicada á Deputación da Coruña

c) A Universidade da Coruña facilitará á Deputación da Coruña a utilización das instalacións ubicadas na propiedade cedida ata 20 días ao ano para a realización de actividades de competencia provincial que sexan compatibles co destino dos inmobles.

d) As descricións das fincas efectúanse a título meramente informativo para permitir a súa identificación, e se cede o seu uso como corpos certos, sen que caiba

reclamación polas deficiencias e inexactitudes dos títulos de propiedade e superficies indicadas.

e) Serán de conta da Universidade da Coruña toda clase de investimentos, gastos, mantementos, seguros e impostos que recaian sobre a propiedade cedida. A Universidade da Coruña asumirá o pago do Imposto de Bens Inmobles (IBI) desta propiedade aínda que o recibo non figure ao seu nome e durante toda a vixencia do presente acordo. No caso de extinción da presente cesión de uso, manteranse en vigor as citadas obrigas de pago durante todo o tempo en que a universidade continúe no uso dos bens cedidos.

f) Coa extinción da presente cesión de uso, os bens revertirán ao patrimonio da Deputación da Coruña con todas as súas pertenzas e accesións."

11.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de As Pontes polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de rehabilitación de cuberta, fachada e pavimento no polideportivo Monte Caxado.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de As Pontes para cofinanciar as **obras de rehabilitación de cuberta, fachada e pavimento en polideportivo Monte Caxado** cunha achega provincial de **180.000,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/3420/762.01**, o que representa un coeficiente de financiamento do **78,67250 %** respecto dun orzamento de **228.796,59 euros**. e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3º- **Condicionar** o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2021

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA E O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA COFINANCIAR AS OBRAS DE REHABILITACIÓN DE CUBERTA, FACHADA E PAVIMENTO EN POLIDEPORTIVO MONTE CAXADO.

Na Coruña, a _____ de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña.
Doutra parte, _____, en representación do Concello das Pontes de García Rodríguez .

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.
A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.
Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local
O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:…. d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.
neste sentido, o concello das pontes de García Rodríguez considera de primeira necesidade as obras de rehabilitación de cuberta, fachada e pavimento en polideportivo Monte Caxado. ao considerar o seguinte:
A excepcionalidade e singularidade da execución da obra “Rehabilitación de cuberta, fachada e pavimento en polideportivo Monte Caxado” ven motivada no especial interese existente na promoción de diversas actividades deportivas no concello (baloncesto, fútbol sala, patinaxe...) para atender as demandas das diferentes asociacións deportivas e da veciñanza en particular
Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións, preténdese por parte do Concello executar as obras de rehabilitación de cuberta, fachada e pavimento en polideportivo Monte Caxado , motivado principalmente por razón de interese público, social e económico.
Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello das Pontes de García Rodríguez ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello das Pontes de García Rodríguez** con CIF P1507100D fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do proxecto de **Rehabilitación de cuberta, fachada e pavimento en polideportivo Monte Caxado** tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polos Arquitectos Jorge Cebreiro Cabarcos e Antonio Manuel Ferreiro Romero datado en **Novembro de 2020.**

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Presuposto execución material	158.897.56
13 % gastos xerais	20.656,68
6 % beneficio industrial	9.533,85
Presuposto base de licitación	189.088,09
Imposto sobre valor engadido 21%	39.708,50
Total presuposto das obras	**228.796,59**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **180.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **78.67250 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na

cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **78.67250 %**. da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**
Tampouco se financiarán **os incrementos de gasto** derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3420/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .
1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**
3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.
1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade

beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3**. Asemade**, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.
1. Coa posibilidade prevista nas Bases 53 de execución do Orzamento para o ano 2020, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o

ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos

xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa

exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.
1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2021.** Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2021**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2022**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.
De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.
1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de

contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 26 de xuño de 2020.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

12.- Dar conta ó Pleno da Corporación Provincial do Plan Anual de Contratación para o ano 2021

Tomar coñecemento do Plan Anual de Contratación para o ano 2021

ANEXO POR SERVIZOS E CENTROS

SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
3º Fase Poda de saneamento e seguridade en Balarés	Servizos	20.700 €		1 mes	Non	
Control de Pragas nos Centros da Deputación	Servizos	41.350 €		2 anos	Sí	2 anos
Investimento en maquinaria para o Pazo de Mariñán	Subministración	20.000 €			Non	
Reforma de vestiarios de persoal no Pazo de Mariñán	Obras	66.000,00 €		5 meses	Non	
Reparación de fachada da Biblioteca Provincial	Obras	25.000,00 €		4 meses	Non	
Reparación da cuberta do pavillón do dolmen de Dombate	Obras	33.500,00 €		5 meses	Non	

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Adaptación de espazos no Forno Novo	Obras	16.500,00 €		1,5 meses	Non	
Servizos de limpeza dos centros da Deputación da Coruña	Servizo	1.000.000,00 €		2 anos	Si	2 anos
Servizos de mantemento das instalacións do Teatro Colón	Servizo	75.000,00€		2 anos	Si	2 anos

SERVIZO DE VÍAS E OBRAS

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Execución da campaña de roza nas estradas de titularidade da Deputación Provincial da Coruña. Anualidades 2021-2022. Prorrogable 2023-2024. LOTE A	Servizos	348.325,95	01/01/2021	2 anos	s í	1 ano +1ano
Execución da campaña de roza nas estradas de titularidade da Deputación Provincial da Coruña. Anualidades 2021-2022. Prorrogable 2023-2024. LOTE B	Servizos	341.275,35	01/01/2021	2 años	s í	1 ano +1ano
Execución da campaña de roza nas estradas de titularidade da Deputación Provincial da Coruña. Anualidades 2021-2022. Prorrogable 2023-2024. LOTE C	Servizos	304.645,47	01/01/2021	2 anos	s í	1 ano +1ano
Execución da campaña de roza nas estradas de titularidade da Deputación Provincial da Coruña. Anualidades 2021-2022. Prorrogable 2023-2024. LOTE D	Servizos	453.900,85	01/01/2021	2 anos	s í	1 ano +1ano
Execución da campaña de roza nas estradas de titularidade da Deputación Provincial da Coruña. Anualidades 2021-2022. Prorrogable 2023-2024. LOTE E	Servizos	331.783,77	01/01/2021	2 anos	s í	1 ano +1ano
Execución da campaña de poda de arbolado (2021) nas estradas DP 1702, Cambre a Rocha, e DP 5812, Meirás a Santa Cruz, de titularidade da Deputación Provincial da Coruña	Servizos	83.489,27	01/01/2021	1 ano	n o	
Plan VIP_Estradas Provinciais	Obras	3.5000.000				
Plan conservación_Estradas Provinciais	Obras	8.000.000				
Plan de Travesías Provinciais	Obras	1.650.000				
Plan de Sendas Peonís	Obras	1.650.000				

ARQUIVO PROVINCIAL

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APRO-XIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Escáner cenital (sin software OCR)	suministros	23 700				
Software OCR para el escáner cenital	suministros	3 320				
Dixitalización (II fase) de documentación do arquivo de Patrimonio e Contratación	servizos	23 600				
Dixitalización (III fase)de Proxectos de arquitectura e libros de Beneficencia	servizos	37 000				
Dixitalización (III fase) de libros de Actas da Comisión Provincial	Servizos	57 000				

IMPRENTA PROVINCIAL

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
ADQUISICION PLANCHAS	Subministración	33.057,86		1 ano	SÍ	1 ano
ADQUISICION PAPEL	Subministración	41.322,32		1 ano	SÍ	1 ano
ADQUISICION TINTAS	Subministración	12.396,70		1 ano	SÍ	1 ano
ENCUADERNACION TAPA DURA	Servizo	16.528,93		1 ano	SÍ	1 ano
ENCUADERNACION TAPA BLANDA	Servizo	41.322,32		1 ano	SÍ	1 ano
ADQUISICION 5 LICENCIAS ADOBE CREATIVE CLOUD	Subministración	12.396,70		1 ano	SÍ	1 ano
ADQUISICION SOFTWARE GESTIÓN COLOR	Subministración	41.322,32		1 ano	SÍ	1 ano
ADQUISICION APILADOR ELECTRICO	Subministración	13.223,15		1 ano	NON	
ADQUISICION VESTUARIO	Subministración	4.132,24		1 ano	NON	

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
SERVIZOS DE ASISTENCIA Á DEPUTACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NOS PROXECTOS COMPRENDIDOS NOS PLANS QUE CONTRATE A DEPUTACIÓN	SERVIZOS	41.322,31	DECEMBRO 2020 / XANEIRO 2021	2 ANOS	SI	1+1
SERVIZOS DE TRANSPORTE DOS VISITANTES AO MOSTEIRO DE CAAVEIRO E OUTROS SERVIZOS DE TRANSPORTE PARA ACTIVIDADES DA DEPUTACIÓN	SERVIZOS	45.454,55	ABRIL 2021	2 ANOS	SI	1+1
SEGURO DE ACCIDENTES DO PERSOAL DA DEPUTACIÓN	SERVIZOS	105.000,00	FEBREIRO	2 ANOS	SI	1
SERVIZOS DE MANTEMENTO DO SISTEMA APPCC E DE ELABORACIÓN DUN ESTUDO NUTRICIONAL DOS MENÚS DOS CENTROS CON COMEDOR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (DOUS LOTES)	SERVIZOS	12.000,00	FEBREIRO	2 ANOS	SI	1+1
SERVIZOS DE MANTEMENTO E TRATAMENTO TÉCNICO DOS BENS DEPOSITADOS NA NAVE ALMACÉN DA DIPUTACIÓN NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN - ARTEIXO	SERVIZOS	8.264,46	FEBREIRO	2 ANOS	SI	1+1
SUBMINISTRACIÓN DE LIBROS CON DESTINO Á BIBLIOTECA CENTRAL ADMINISTRATIVA	SUBMINISTRACIÓN	19.000,00	FEBREIRO	2 ANOS	SI	1+1
SERVIZOS DE INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA, REALIZACIÓN DE ANÁLISE DE CALIDADE, MANTEMENTO PREVENTIVO E HIXIENIZACIÓN DE FUENTES PURIFICADORAS DE AUGA	SERVIZOS	POR DETERMINAR	FEBREIRO	2 ANOS	SI	1+1
SERVIZOS DE ENCADERNACIÓN PARA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	SERVIZOS	20,661,16	FEBREIRO	1 ANO	SI	1
AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS NOS EDIFICIOS PROVINCIAIS	ESPECIAL	INGRESO	FEBREIRO	4 ANOS	NON	

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Actualización EIEL Fase 2019	Servizos	125000	DECEMBRO	1 ano	SI	1 ano
Deseño e impresión mapas áreas supramunicipais	Servizos	85000	MARZO	6 Meses	NON	

BIBLIOTECA PROVINCIAL

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APRO-XIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITA-CIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓ-RROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
8 TALLERES TEMÁTICOS	SERVIZOS	2000	FEBRERO 2021	12 MESES	NO	
CURSOS DE INGLÉS FÁCIL	SERVIZOS	5880	FEBRERO 2021	12 MESES	NO	
TALLERES DE LECTURA	SERVIZOS	3940	FEBRERO 2021	12 MESES	NO	
TALLERES DE LITERATURA	SERVIZOS	3940	FEBRERO 2021	12 MESES	NO	
TALLER DE ROBÓTICA Y PROGRAMACIÓN	SERVIZOS	3300	FEBRERO 2021	12 MESES	NO	
TALLER DE ROBÓTICA LEGO WEDO	SERVIZOS	3240	FEBRERO 2021	12 MESES	NO	
TALLERES ARTÍSTICOS DE PINTURA	SERVIZOS	2800	FEBRERO 2021	12 MESES	NO	
CLUB DE LECTURA POÉTICA	SERVIZOS	1800	FEBRERO 2021	12 MESES	NO	
COORDINACIÓN CLUB DE LECTURA VIRTUAL	SERVIZOS	2542	FEBRERO 2021	12 MESES	NO	
CONTRATO DE SERVIZOS DE ATENCIÓN DA SECCIÓN DE HEMEROTECA DA BIBLIOTECA PROVINCIAL	SERVIZOS	48000	FEBRERO 2021	24 MESES	SI	12 MESES

CONSERVATORIO DE DANZA

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Subministración de vestiario para actuación de fin de curso	Menor	6.600,00	Abril 2020		NON	

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
subministración de vehículos con destino á Deputación da Coruña, para a súa cesión a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña, para a mellora dos servizos e/ou prestacións en materia de servizos sociais e/ou sociosanitarios	Subministración	1.000.000,00	Xaneiro	2 anos	Si	1
Campamento deportivo	Servizos	55.000,00	1 abril	2 meses	non	
Campaña de vela	Servizos	35.500,00	1 xuño	2 meses	non	
Circuíto Carreiras Populares	Servizos	30.000,00	1 abril	1 ano	non	
Actividades deportivas ao aire libre	Servizos	60.000,00	1 xuño	6 meses	non	
Coordinación premios e certames	Servizos	45.000,00	1 marzo	2 anos	si	6 meses
Edición obra gañadora Premio “Raíña Lupa”	Servizos	Sen custo	15 febreiro	18 meses	non	
Edición obra gañadora Premio “Torrente Ballester” galego	Servizos	Sen custo	15 febreiro	18 meses	non	
Edición obra gañadora Premio “Torrente Ballester” castelán	Servizos	Sen custo	15 febreiro	18 meses	non	
Edición obras gañadoras Premio “Castelao”	Servizos	Sen custo	1 xuño	18 meses		
Xira concertos grupos gañadores Premio Fran Pérez “Narf”	Privado	8.000,00	15 abril	6 meses	non	
Comisariado Concurso “Quero Cantar”	Servicios	6.000,00	30 abril	1 ano	non	
Comisariado actividades premios	Servicios	5.000,00	1 marzo	10 meses	non	
Coordinación asistenza á Feira Culturgal 2021	Servicios	15.000,00	1 xullo	6 meses	non	
Coordinación e organización do Festival Rosalía	Servicios	30.000,00	15 febreiro	3 meses	non	
Subministración fondos bibliográficos servizos municipais	Subministros	30.000,00	30 setembro	2 meses	non	
Exposición Igualdade	Servizos	15.000,00	1 agosto	6 meses	Si	2 meses
Actividades 8 de marzo	Servizos	10.000,00	1 febreiro	2 meses	non	

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Actividades 25N	Servizos Subministros	70.000,00	1 setembro	3 meses	non	
Ademais dos sinalados, ao longo de ano poden tramitarse contratos menores de servizos e/ou subministracións para a contratación de comisariado de actividades, artistas, pequeno material... que varían en función das propostas de actividades feitas polas persoas responsables das áreas. Así mesmo, faies constar que as previsións de actividades deportivas, exposicións, premios dirixidos a escolares, etc. Poden verse limitadas en fun- ción da evolución da situación sanitaria.						

CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
ACTIVIDADES LECER E TEMPO LIBRE – CDM FERROL-	Servizos	36.000,00		Xuño 2020-Setembro 2021	SÍ	1 ano
ESTUDO VALOR NUTRICIONAL DO MENÚ				1 ano		

SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Mantemento da aplicación de Xestión de recursos humans Ginpix7 da Deputación da Coruña e das entidades locais da provincia 2020-2022	SERVIZOS	91.000,00		2 anos	SÍ	2 anos (1+1)
Mantemento da aplicación Accede de Padrón de Habitantes dos concellos da provincia da Coruña (PMH)	SERVIZOS	15.000,00		3 anos	SÍ	2 anos (1+1)
Mantemento da BBDD Universe da biblioteca provincial	SERVIZOS	4.000,00		3 anos	SÍ	2 anos (1+1)
Ampliación da licenza de control horario da Deputación da Coruña ás EELL da provincia da Coruña	SUBMINISTRACIÓN	150.000,00		1 ano	NON	
SERVIZO DE SOPORTE DE NIVEL AVANZADO E ALTA DISPOÑIBILIDADE DA PLATAFORMA TEDeC/AL-SIGM	SERVIZOS	170.000,00		3 anos	SÍ	2 anos (1+1)
Subscripción dos servizos dunha aplicación para a xestión dos procesos de oposicións	SUBMINISTRACIÓN	39.000,00		3 anos	SÍ	2 anos (1+1)
Subscripción dos servizos de acceso a contenidos sobreLexislación e Xurisprudencia	SUBMINISTRACIÓN	50.000,00		3 anos	SÍ	2 anos (1+1)
Sistema de xestión de citas e turnos nas zonas recaudatorias	SERVIZOS	50.000,00		3 anos	SÍ	2 anos (1+1)
PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN DA AMPLIACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE SERVIZOS E INSTALACIÓNS DA PLATAFORMA TEDeC/AL-SIGM	SERVIZOS	700.000,00		3 anos	SÍ	2 anos (1+1)
SOPORTE E EVOLUCIÓN DO BOP E OUTRAS TECNOLOXÍAS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	SERVIZOS	80.000,00		3 anos	SÍ	2 anos (1+1)

SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APRO-XIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Servizos de mantemento dos servidores municipais	Servizos	33.000€	1/2/2021	1	SI	1+1+1
Servizo integral de xestión da impresión da Deputación Provincial da Coruña	Servizos	125.000€	1/3/2021	4	SI	2
Mantemento do posto de traballo informático	Servizos	50.000€	1/5/2021	2	SI	1+1
Servizos de comunicacións e ubiquidade	Servizos	450.000€	1/4/2021	4	SI	2
Subministración de ordenadores personais, portátis	Subministración	100.000€	1/9/2021	2	NO	
Servizos de soporte e mantemento para os sistemas e infraestructuras auxiliares do CPD	Servizos	15.000€	1/4/2021	2	SI	1+1
Licenzas de software	Subministración	100.000€	1/3/2021	-	NO	-

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN

–

SECCIÓN DE ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APRO-XIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Produtos farmacéuticos e material sanitario	Suministros	7.000,00				
Subministracións material prevención	Suministros	5.000,00				
Subministracións derivadas do Covid-19	Suministros	30.000,00				
Vixilancia da saúde	Servizos	68.000,00	Xaneiro 2021	2 anos	Sí	2 anos
Xestión de residuos	Servizos	6.000,00		2 anos	Sí	2 anos
Actividade de prevención	Servizos	1.000,00				

RELACIÓNS PÚBLICAS E PROTOCOLO

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Placas conmemorativas xubilacións	Subministración	6.000 €	Marzo		NO	
Insignias conmemorativas 25 anos	Subministración	2.000 €	Marzo		NO	
Local celebración entrega Premios PEL	Servizos	5.000 €	Depende data entregado premio		NO	
Cóctel celebración entrega Premios PEL	Servizos	15.000 €			NO	
Montaxes diversos Premios PEL	Servizos	20.000 €			NO	
Local celebración Día Internacional Muller Rural	Servizos	3.500 €	Setembro		NO	
Cóctel Día Internacional Mlljer Rural	Servizos	15.000 €	Setembro		NO	
Felicitación nadal funcionarios	Servizos	10.000 €	Novembro		NO	

CENTRO RESIDENCIAL CULTURAL PAZO DE MARIÑÁN

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Contrato de atención de comidas e aloxados Pazo Mariñán	SERVIZOS	80.000,00	Febreiro	1 ano	sí	1 ano

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO

1.- Sección de Promoción Económica e Emprego

OBXECO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
PARTICIPACION EN FEIRAS		100.000,00				
FESTIVAL DE LA LUZ		60.000,00				
SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO DE EMERXENCIA		100.0000,00		3 ANOS		

2.- Sección de Turismo

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL(IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Investimento en mellora e actualización dos espazos expositivos no centro arqueolóxico do dolmén de Dombate		125.000,00				
Reestructuración museística Torres do Allo		60.000,00				
Reestructuración museística Ecomuseo Forno do Forte		30.000,00				
Cata e catalogación arqueolóxica en Brandomil		50.000,00				
Accións de mellora mediante realizade aumentada no Castelo de Naraío		15.000,00				
Inversións de patrimonio		350.000,00				
Actividades Idade do Ferro		150.000,00				
Actividades Compostela Rupestre		125.000,00				
Actividades Río Anllóns		150.000,00				
plan director do proxecto Compostela		95.565,40				

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL(IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Rupestre						
adquisición de dolmes megalíticos por parte do Concello de Vimianzo para o proxecto do parque de Megalitismo						
Proxecto LIFE WATER WAY		41.738,00				
Asistencia a feiras A asistencia a feiras dependerá das decisións adoptadas no ámbito sanitario que posibiliten ou non a realización de este tipo de eventos. En todo caso, hai varios eventos nos que a presenza provincial é habitual. En particular nas feiras de FITUR e XANTAR, ademais da posible presenza na feira Fairway de Santiago						
Publicidade, prensa O gasto en anuncios de prensa, publicidade en medios, e diversos actos de promoción das actividades da sección dependerá das decisións ao respecto adoptadas pola área política, e unida á asistencia da sección a feiras, polo que procederá a difusión da participación do ente provincial nas mesmas						

13.- Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 para modificar as Bases 7 e 9 para regular a utilización do contrato menor nas obras incluídas no Plan, e a Base 12 para a ampliación do obxecto do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión que tivo lugar o 27 de novembro de 2020, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP nº 205 do 1 de decembro do 2020

Logo de ver a proposta asinada o 1 de decembro de 2020 polo presidente da Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural, para regular a utilización do contrato menor nas obras incluídas no POS+2021 nas condicións que se detallan, o que afecta ás Bases 7 e 9

Logo de ver a proposta asinada o 10 de decembro de 2020 pola presidenta da Comisión de Benestar Social e Educación e polo presidente da Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural, para modificar a Base 12 para a ampliación do obxecto do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021

1.- Aprobar a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión que tivo lugar o 27 de novembro de 2020 e publicadas no BOP nº 205 do 1 de decembro do 2020, que consiste en modificar as Bases 7, 9 e 12, e os Anexos XV, XVI e XVII segundo se indica a continuación:

BASE 7

* Na Base 7 créase un epígrafe 7.1 denominado "Procedementos de adxudicación", cuxo contido coincide co da Base 7 inicial, salvo o previsto no 3º parágrafo que se modifica de forma que onde dicía "*Non se poderá realizar a adxudicación dos investimentos mediante contrato menor",* pasa a dicir "*O contrato menor só poderá utilizarse para a adxudicación das obras de acordo co previsto no apartado 2 desta Base".*

* Engádese a Base 7.2 co seguinte contido:

"7. 2.- Utilización do contrato menor na adxudicación das obras

Unicamente poderán adxudicarse utilizando o contrato menor as obras (non as subministracións) incluídas no POS+ 2021, cando o seu valor estimado sexa inferior a 40.000 euros (IVE excluído) o que supón 48.400 € co 21% de IVE incluído, e cun prazo de execución non superior a un ano que non poderá prorrogarse.

A selección do contratista, segundo o orzamento do proxecto das obras, realizarase do seguinte modo:

Valor estimado	*Entre 24.794 e 34.000 €*	*Consulta polo menos a 3 empresas / ou*

	(IVE excluído)	*Publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación*
Orzamento de contrata	*Entre 30.000 e 41.140 €* *(21% IVE incluído)*	

Valor estimado	*Entre 34.000 e 40.000 €* *(IVE excluído)*	*Publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación*
Orzamento de contrata	*Entre 41.140 e 48.400 €* *(21% IVE incluído)*	

Procurarase que ningún provedor poida resultar adxudicatario de contratos menores cun importe acumulado superior aos límites establecidos para o contrato menor. No caso de que se supere este límite, deberán motivarse os contratos menores posteriores á superación do límite.

Os concellos deben presentar nesta deputación a seguinte documentación:

- Proposta para realizar a adxudicación da obra mediante contrato menor, autorizada polo alcalde ou concelleiro delegado, de acordo co previsto no artigo 118 da citada Lei 9/2017, na que figuren, entre outros, os seguintes datos:
  . Denominación, orzamento e prazo de execución
  . As tres empresas ás que se vai facer a consulta, ou a indicación de que se vai publicar un anuncio na Plataforma de Contratación
  . Prazo e forma de presentación de ofertas
  . Criterios de adxudicación coa súa ponderación, debendo ser sempre un deles o prezo.
- Certificado de existencia de crédito ou documento contable RC
- Resolución de adxudicación na que motivadamente se recollan os datos da empresa adxudicataria e o prezo de adxudicación.

Nos demais aspectos será de aplicación o previsto nas Bases reguladoras do POS+ 2021, especialmente no relativo á presentación xunto coa solicitude do proxecto técnico e os informes requiridos nas Bases, e á xustificación mediante certificacións de execución das obras aprobadas polo concello".

<u>BASE 9</u>

* Ao final da Base 9.3 titulada "Pago da achega provincial: achega provincial destinada ao financiamento de obras e subministracións" engádese o seguinte parágrafo:

"Non obstante, cando se trate de obras adxudicadas mediante contrato menor, o prazo de execución será como máximo dun ano e non poderán ser obxecto de prórroga, o que se controlará tanto desde o concello como por esta deputación, de conformidade co disposto no artigo 29.8 da citada Lei 9/2017."

BASE 12

***** Incluír especificamente ás mulleres vítimas de violencia de xénero, de xeito que a Base 12.1.b) queda como segue:

> “b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.”

***** Incluír entre os gastos financiados a parte que corresponde aos concellos no servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, aínda que non supoña ampliación, de xeito que a Base 12.1.d) queda como segue:

> “d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS).
>
> Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas".

ANEXOS XV, XVI E XVII

* Nos Anexos XV, XVI e XVII, os apartados b) e d) que figuran na táboa de cada anexo quedan redactados como figuran nos apartados b) e d) da Base 12 modificada, segundo se indica no parágrafo anterior.

2.- Despois de realizar a modificación das Bases 7, 9 e 12, e dos Anexos XV, XVI e XVII, aprobar o texto das Bases modificadas do POS+ 2021, cuxo texto figura como anexo.

3.- Dispor a exposición pública deste expediente mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

6.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións."

Deputación DA CORUÑA

BASES REGULADORAS
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
" POS+ 2021 "

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente "Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" é un Plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2021 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

O Plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas e préstamos provinciais, que poderían incrementarse se esta deputación así o acorda:

- Cunha **"achega provincial 2021"** por importe de 23.100.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2021 e no expediente de modificación de créditos (EMC) 5/2020, posto que nos últimos anos a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

  En principio, pártese de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2021, e nos expedientes de modificación de créditos que se aproben ao longo dos anos 2020, 2021 ou 2022, vaise consignar a cantidade de 23.100.000,00€ para o financiamento desta achega provincial 2021 ao Plan.

- Cunha **"achega provincial 2020"** por un importe total de 22.000.000,00 € que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2021 na partida 0430/4592/76201, a través do expediente de modificación de créditos (EMC) 5/2020. Desta cantidade, 12.168.532,91 € correspóndese coas baixas de licitación ou coas anulacións de investimentos do POS+2017 e 2018 que non foran previamente reinvestidas, polo que se asignan aos concellos nos que se produciron; e a cantidade restante de 9.831.467,09 € asígnase no POS+ 2021 a todos os concellos da provincia aplicando os criterios obxectivos de reparto do Plan.

- Cunha achega provincial denominada **"préstamo provincial 2021"** por importe de 5.500.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2021 na partida 0430/9438/82120, coa finalidade de realizar préstamos aos concellos sen xuros, con dous anos de carencia e cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2023, prazo prorrogable mediante Resolución da Presidencia.

- Cunha **"achega provincial 2021 extraordinaria"** por importe de 14.000.000,00 €, para o financiamento do "POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios", que previsiblemente se van consignar no orzamento provincial 2021 na partida 0611/23126/46201.

Con isto, o importe total das achegas e do préstamo provinciais destinados ao financiamento do **POS+2021 e do POS+Adicional 1/2021 ascende a 64.600.000,00** €, como se indica a continuación:

Plan	Tipo de achega	Consignación	Asignación aos 93 concellos	Reinvestimento baixas / anulacións
POS+2021	Achega provincial 2021	23.100.000,00	23.100.000,00	
	Achega provincial 2020	22.000.000,00	9.831.467,09	12.168.532,91
	Préstamo provincial 2021	5.500.000,00	5.500.000,00	
	Subtotal POS+2021	**50.600.000,00**	**38.431.467,09**	**12.168.532,91**
POS+ AD 1/2021	Achega extraordinaria 2021 (social)	14.000.000,00	14.000.000,00	
T O T A L		**64.600.000,00**	**52.431.467,09**	**12.168.532,91**

Pero dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento desta deputación para o orzamento 2021, o POS+ 2021 concíbese co carácter de "Programación preventiva de actuacións", suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o Plan que poida aprobarse pola deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na Base 6.

Por iso, a aprobación destas Bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente, tanto no orzamento inicial do exercicio 2021, como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación aprobe ao longo dos anos 2020, 2021 ou 2022 para o financiamento do POS+ 2021. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, e que para estes efectos as deputacións aprobarán anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia.

FINALIDADE

O POS+ 2021 continua na liña dos POS+ 2017, 2018, 2019 e 2020, que introduciron importantes novidades en relación cos Plans dos anos anteriores, coa intención de acadar as seguintes finalidades:

- **Reducir o número de Plans** destinados a colaborar cos concellos, integrando no POS+ 2021, xunto co tradicional POS, tanto outros Plans especiais financiados con cargo ao superávit, como o Plan destinado a concederlles préstamos aos concellos para a redución da súa débeda con entidades financeiras ou realizar investimentos financeiramente sostibles, que anteriormente daban lugar a novos Plans.

- **Racionalizar e obxectivar** a colaboración desta deputación cos concellos da provincia na realización de investimentos que antes estaba dispersa en distintas liñas de subvencións, de xeito que, por unha banda, suprímense algunhas destas liñas e os seus créditos pasan a sumarse á achega provincial a este Plan, que deste modo se ve incrementada, o que ademais **simplifica as tarefas administrativas dos concellos** na realización de trámites; e por outra banda, realízase unha distribución de fondos entre todos os concellos aplicando os criterios obxectivos e transparentes que tradicionalmente se veñen empregando no POS.

As liñas de subvencións desta deputación cuxas dotacións orzamentarias se sumaron ao POS+ desde o exercicio 2017 son as que deseguido se indican:

FO201	Cultura actividades
FO202	Cultura Investimentos
FO101	Deportes actividades
FO102	Deportes Investimentos
FOAYAA	Promoción económica actividades
FOAYIA	Promoción económica investimentos
DP007	Turismo actividades
DP0006	Turismo investimentos
FOAXCA	Desenvolvemento Servizos Sociais
FOI00B	Políticas de igualdade
FO036A	Envellecemento activo

É importante salientar que o importe das achegas provinciais destinadas desde o 2017 a estas liñas de subvencións sumouse á dotación do POS+ 2017, 2018, 2019 e 2020, e tamén se suma á do POS+2021, incrementándose os créditos inicialmente destinados ao POS+ cos que ata entón se destinaban a financiar estas liñas de subvencións suprimidas.

Polo tanto, os concellos poderán financiar con cargo aos seus propios recursos as actividades e investimentos anteriormente incluídos nas ditas convocatorias de subvencións, por quedar liberados créditos municipais despois de recibir unha maior achega provincial a través do POS+, de modo que este novo sistema non implica unha maior achega do concello.

En consecuencia, para que estas actividades e investimentos continúen realizándose, os concellos deberán consignar nos seus orzamentos a cantidade que anteriormente financiaba a deputación con subvencións finalistas.

- **Facer un Plan dinámico**, que poida ver incrementada a súa dotación orzamentaria e se adapte ao longo do ano para absorber incrementos da achega provincial se os houbera.

- **Dar resposta á situacións e necesidades concretas de cada concello**, **reforzando a súa autonomía e responsabilidade** mediante a ampliación e flexibilización do seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a **planificación da actividade** do concello.

- **Contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento que os concellos teñan cos seus provedores**, financiando as facturas pendentes de pago cos requisitos que máis adiante se indican, o **que repercutirá positivamente no tecido empresarial**, que deste xeito poderá cobrar as súas facturas pendentes.

- **Contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento dos concellos coas entidades financeiras,** mediante a concesión de préstamos sen xuros e cun prazo de carencia de 2 anos.

OBXECTO

Para acadar estas finalidades, os concellos poderán solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignado aos seguintes obxectos:

- PAGO A PROVEDORES

En primeiro lugar, os concellos deberán obrigatoriamente destinar a cantidade asignada neste Plan en concepto de "achega provincial 2020" e "achega provincial 2021" (non "préstamo provincial 2021") ao pago das súas débedas con provedores cuxas facturas teñan data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2020, este incluído, que estean pendentes de pago no momento da elaboración do informe que para estes efectos emita a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, separando as facturas que se imputan ao capítulo II do orzamento municipal e as que se imputan ao capítulo VI, segundo se detalla na Base 5.B.1.

No caso de que o concello teña débedas con provedores con estes requisitos, deberá aplicar ao seu financiamento, en primeiro lugar, a "achega provincial 2020", ata esgotala, e posteriormente, deberá aplicarse a "achega provincial 2021", ata esgotala tamén, coa única excepción que se indica no penúltimo parágrafo da Base 2.1.

Non obstante, o concello tamén poderá, voluntariamente, destinar as ditas achegas provinciais 2020 e 2021 ao financiamento doutras facturas con data de entrada no Rexistro Xeral do concello posterior ao 30 de xuño de 2020 que estean pendentes de pago no momento da elaboración do referido informe, segundo se detalla na Base 2.1.

A cantidade restante poderá destinala cada concello aos outros obxectos, segundo corresponda polo tipo da achega provincial:

- GASTO CORRENTE

O concello poderá destinar a “achega provincial 2021”, ou excepcionalmente a "achega provincial 2020" no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.2, ao financiamento dos seus gastos correntes orixinados polos servizos de competencia municipal obrigatorios do exercicio 2021, segundo se detalla na Base 5.B.2, sen límite ningún.

- REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS

O concello poderá destinar a “achega provincial 2021” e a “achega provincial 2020” ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.

- REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO CON ENTIDADES FINANCEIRAS

Por outra parte, no que se refire ao “préstamo provincial 2021”, o concello unicamente poderá aplicalo a reducir o seu endebedamento con entidades financeiras.

- GASTOS SOCIAIS

O concello poderá destinar a “achega provincial 2021 extraordinaria” ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na Base 12, a través do "POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios".

En resumo, os obxectos que poden solicitar os concellos con cargo aos distintos tipos de achega e préstamo provincial destinados ao financiamento deste Plan son os que a continuación se detallan, tendo en conta que o “préstamo provincial 2021” destinarase só á redución do endebedamento do concello con entidades financeiras.

POS + 2021 E POS + ADICIONAL 1/2021 TÁBOA COS TIPOS DE ACHEGA PROVINCIAL E POSIBLES OBXECTOS PARA CADA TIPO			
P O S + 2 0 2 1			**POS+AD1/2021**
ACHEGA PROVINCIAL 2021 (23.100.000,00 €)	**ACHEGA PROVINCIAL 2020 (22.000.000,00 €)**	**PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 (5.500.000,00 €)**	**ACHEGA 2021 EXTRAORDINARIA (14.000.000,00 €)**
Pago a provedores	Pago a provedores		
Gastos correntes	Gastos correntes (Excepción da Base 2.2 final)		
Obras ou subministracións	Obras ou subministracións financeiramente sostibles		
		Redución débeda con entidades financeiras	
			Gastos sociais

A continuación descríbense os posibles obxectos do POS+2021. Respecto do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios, na Base 12 contense a súa regulación específica.

2. 1 Financiamento de pago a provedores (achegas provinciais 2020 e 2021)

A Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe coa relación de facturas con provedores de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), que teñan data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2020, este incluído, e que estean pendentes de pago no momento da elaboración do dito informe.

Non obstante, deberán excluírse deste informe as facturas que xa foron financiadas a través do POS+ 2017, 2018, 2019 ou 2020, base ou adicional, así como as que non poidan pagarse por causas non imputables ao concello, debendo concretarse as ditas causas neste informe. Tamén deberán excluírse as facturas que van ser financiadas polo concello con cargo a un expediente de modificación de créditos xa aprobado inicialmente polo Pleno municipal.

Neste informe deberán separarse as facturas que se imputan ao capítulo II do orzamento municipal e as que se imputan ao capítulo VI, e indicaranse, entre outros datos para cada débeda, a data de entrada no Rexistro do Concello, o resumo do concepto, a identificación do provedor e o importe da débeda (IVE incluído), relacionándose segundo a orde da súa entrada no Rexistro do concello, todo iso segundo se detalla na Base 5.B.1.

No caso de facturas que teñan financiamento doutras Administracións públicas, deberá desagregarse o seu financiamento e só poderá aplicarse a achega provincial asignada neste Plan á parte que financia o concello.

A achega provincial asignada neste Plan en concepto de "achega provincial 2020" e "achega provincial 2021" (non "préstamo provincial 2021") deberá necesariamente destinarse ao pagamento das ditas débedas, aplicando en primeiro lugar a achega provincial procedente do ano 2020 e posteriormente a de 2021, tendo en conta que deberá seguirse para o seu pagamento a orde da súa entrada no Rexistro do concello.

Excepcionalmente, cando o importe destas débedas do concello con provedores sexa moi elevado, e coa finalidade de que se poida dar resposta á situacións especiais e singulares, o concello poderá solicitar de forma debidamente xustificada, a aplicación de ata o 25% da suma de "achega provincial 2020" e "achega provincial 2021" (non "préstamo provincial 2021") para o financiamento de investimentos necesarios, urxentes e inaprazables, sempre que teñan a condición de financeiramente sostibles, debendo acreditarse todas estas circunstancias excepcionais e singulares na Memoria do Plan asinada pola Alcaldía segundo o modelo Anexo II, e financiarase con cargo á achega provincial 2021.

Por outra banda, o concello poderá, voluntariamente, destinar as ditas achegas provinciais 2020 e 2021 ao financiamento doutras facturas con data de entrada no Rexistro Xeral do concello posterior ao 30 de xuño de 2020 que estean pendentes de pago no momento da elaboración do referido informe. Estas facturas "voluntarias" imputaranse, en primeiro lugar, á achega provincial 2020, se existe dispoñible logo de destinarse ás que son obrigatorias; e, en segundo lugar, á achega provincial 2021. En calquera dos casos, aínda que se imputen á achega provincial 2020, o importe das facturas "voluntarias" non poderá superar o 25% da achega 2021 asignada.

2. 2 Financiamento de gastos correntes (achega provincial 2021 e excepcionalmente achega provincial 2020)

No suposto de que o concello opte por destinar en todo ou en parte a "achega provincial 2021" ao financiamento dos gastos correntes do concello previstos para o exercicio 2021, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá elaborar unha previsión, para o exercicio 2021, dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente.

Poderán incluírse os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida domiciliaria de lixo, alumeado público, mantemento dos accesos aos núcleos de poboación, e aqueles outros que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos obrigatorios en cada concello. Os custos de persoal poderán incluírse cando estean total e directamente adscritos ao funcionamento dos devanditos servizos municipais, ou cando estean destinados parcialmente, na parte proporcional que corresponda.

Concretamente poderán incluírse os gastos que deseguido se detallan:

- persoal directamente adscrito ao servizo
- bens e servizos correntes
- achegas municipais a entes supramunicipais ou outros que realizan o servizo

Poderá solicitarse o financiamento provincial con cargo ao POS+ 2021 para o financiamento da cantidade efectivamente financiada polo concello, excluíndose polo tanto o importe das taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados asociados á prestación do correspondente servizo, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

Non poderán incluíse na xustificación do Gasto corrente financiado con cargo ao POS+ aquelas facturas cuxo financiamento xa se solicita dentro do obxecto "Pago a provedores".

Excepcionalmente, os concellos que se atopan nunha situación de "risco financeiro", por ter unha débeda viva con entidades financeiras superior ao 200% dos seus ingresos correntes segundo os datos da última liquidación aprobada, poderán destinar ao financiamento dos seus gastos correntes, tanto a cantidade que reciben en concepto de achega provincial 2021, como a que reciben polo concepto achega provincial 2020, coa finalidade de compatibilizar o cumprimento das súas obrigas ineludibles coa prestación dos servizos municipais básicos, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985 de bases de réxime local e no artigo 109 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

2. 3 Financiamento de obras ou subministracións (achegas provinciais 2020 e 2021)

Neste Plan pódense incluír todas as obras e subministracións que sexan de competencia municipal, con preferencia das asociadas aos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

En todo caso, deben ser investimentos para os que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, aptos urbanisticamente, e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e o concello deberá acreditar documentalmente que xa conta con elas ou que xa as solicitou, xuntando os correspondentes documentos. Neste último caso, esta deputación aprobará estes investimentos condicionados a que o concello xustifique a súa obtención.

Os proxectos e os pregos de prescricións técnicas deberán presentarse para todas as obras e subministracións incluídas neste Plan, tanto do Plan Base como do Plan Complementario ao que se fai referencia máis adiante. O importe mínimo de cada obra é de 30.000,00 € (IVE incluído) e o de cada subministración é de 18.000,00 € (IVE incluído). Non obstante, se a achega provincial asignada é inferior a 18.000,00 €, o concello poderá solicitar unha subministración cun orzamento inferior, para axustarse á achega provincial asignada.

Cada obra ou subministración debe ter carácter de completo, no sentido de poder entregarse ao uso público, e ademais identificarase cun único proxecto ou prego de prescricións técnicas, debendo estar asinado por técnico competente.

Cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, de forma que cada investimento aprobado poida corresponderse cun único expediente de contratación e cun só adxudicatario, coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE nº 272 do 9 de novembro de 2017), relativo á división e adxudicación en lotes. En consecuencia, se o investimento é divisible en lotes deberá solicitarse de forma individualizada en proxectos ou pregos independentes.

Non obstante, o concello poderá solicitar incluír neste Plan un proxecto ou prego susceptible de división en lotes sempre que o órgano de contratación acorde motivadamente non dividir en lotes o obxecto do contrato, xuntando xa coa solicitude de participación neste Plan o acordo ou resolución que así o xustifique validamente, utilizando os motivos que, de acordo co previsto na citada norma, o concello considere aplicables.

Lémbrase que non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade os investimentos que se integran no Plan, incluíndo sempre un nome propio na denominación.

Para realizar a selección dos investimentos que se incluirán no Plan teranse especialmente en conta os datos que figuran na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local, (EIEL), xestionada por esta deputación, que constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos da cooperación económica local. Recoméndase consultar a "ficha municipal" cos datos do concello que figura na páxina web desta deputación, na que se contén información detallada das súas infraestruturas e datos, en especial a ficha na que figuran os índices sintéticos do concello comparados coa comarca e coa provincia. Os datos dese concello que se reflicten na Enquisa deben servir de base para a elaboración do Plan e así se motivara na correspondente Memoria do Plan asinada pola alcaldía (Anexo II).

Investimentos financeiramente sostibles

(Investimentos financiados con "Achega provincial 2020", "investimentos excepcionais previstos no penúltimo parágrafo da Base 2.1" e investimentos incluídos no "Plan Complementario").

Para o caso dos investimentos que se soliciten con cargo á "achega provincial 2020", "investimentos excepcionais previstos no penúltimo parágrafo da Base 2.1" e do "Plan Complementario", debe terse en conta que deben ser "investimentos financeiramente sostibles" e cumprir os requisitos fixados na disposición adicional decimosexta da Lei reguladora das facendas locais, na súa redacción dada polo Real decreto-lei 1/2018, do 23 de marzo (BOE nº 73 do 24 de marzo de 2018).

Esta disposición concreta os requisitos obxectivos, subxectivos e formais dos investimentos "financeiramente sostibles" que poden financiarse con superávit orzamentario, para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

De acordo con tales disposicións, os investimentos financeiramente sostibles que se soliciten dentro deste Plan con cargo aos tres conceptos antes indicados, deben ter reflexo orzamentario nos grupos de programas que se concretan no primeiro parágrafo da citada disposición adicional decimosexta da Lei de facendas locais, na súa redacción dada polo citado Real decreto-lei 1/2018, de entre os programas previstos na Orde EHA do 3 de decembro de 2008, modificada pola Orde HAP do 14 de marzo de 2014, co que os programas actualizados son os seguintes:

160. Rede de sumidoiros
161. Abastecemento domiciliario de auga potable
162. Recollida, eliminación e tratamento de residuos
165. Alumeado público
172. Protección e mellora do medio natural
412. Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos
422. Industria
425. Enerxía
431. Comercio
432. Información e promoción turística
441. Transporte de viaxeiros
442. Infraestruturas do transporte
452. Recursos hidráulicos
463. Investigación científica, técnica e aplicada
491. Sociedade da información
492. Xestión do coñecemento

Tamén poderán corresponderse cos seguintes programas do segundo parágrafo desta norma, pero coa indicación de que cando se incorra nun gasto de investimento no conxunto de grupos destes programas superior a 15 millóns de euros ou ao 40% do gasto non financeiro total da entidade local respectiva, e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento, requirirase autorización previa da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local do Ministerio de Facenda.

132. Seguridade e orde pública
133. Ordenación do tráfico e do estacionamento
135. Protección civil
136. Servizo de prevención e extinción de incendios
153. Vías públicas
171. Parques e xardíns
231. Asistencia social primaria
321. Creación de centros docentes de ensino infantil e primario
323. Funcionamento de centros docentes de ensino infantil, primario e educación especial
332. Bibliotecas e arquivos
333. Equipamentos culturais e museos
336. Protección do patrimonio histórico-artístico
342. Instalacións deportivas
453. Estradas
454. Camiños veciñais
933. Xestión do patrimonio no que se poderán incluír as aplicadas á rehabilitación, reparación e mellora de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público, incluíndo as actuacións de adaptación de infraestruturas que permitan a accesibilidade universal para persoas con discapacidade e persoas maiores.

Quedan expresamente excluídas as adquisicións de mobiliario e enseres, salvo que se destinen á prestación de servizos asociados aos grupos de programas recollidos no apartado anterior. Tamén quedan excluídos os investimentos en vehículos, salvo que se destinen á prestación dos servizos públicos de recollida, eliminación e tratamento de residuos, seguridade e orde pública, protección civil, prevención e extinción de incendios, e de transporte de viaxeiros.

2.4 Redución da débeda do concello con entidades financeiras (préstamo provincial 2021)

Se o concello solicita préstamo provincial 2021 poderá aplicalo unicamente a reducir o seu endebedamento con entidades financeiras e deberá presentar a documentación que se detalla na Base 5 xustificativa de que o préstamo que solicita á deputación cumpre cos requisitos establecidos na lexislación vixente para a concertación de operacións de endebedamento, e que o préstamo a cuxa minoración se aplica non está relacionado con mecanismos de financiamento para o pago a provedores.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios que se detallan na base 4, así como as que proceden do reinvestimento, nos concellos nos que se produciron, das baixas de licitación e anulación de investimentos do POS+2017 e 2018 que non foran previamente reinvestidas,.

4.- FINANCIAMENTO

No financiamento deste Plan participarán esta deputación e, de ser o caso, os concellos que voluntariamente realicen achegas para completar o financiamento dos seus investimentos.

4.1.- Achega provincial

Segundo se indica na Base 1, o Plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas e préstamos provinciais, que poderían incrementarse se esta deputación así o acorda:

- Cunha **"achega provincial 2021"** por importe de 23.100.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2021 e no expediente de modificación de créditos (EMC) 5/2020, posto que nos últimos anos a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

En principio, pártese de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2021, e nos expedientes de modificación de créditos que se aproben ao longo dos anos 2020, 2021 ou 2022, vaise consignar a cantidade de 23.100.000,00€ para o financiamento desta achega provincial 2021 ao Plan.

- Cunha **"achega provincial 2020"** por un importe total de 22.000.000,00 € que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2021 na partida 0430/4592/76201, a través do expediente de modificación de créditos (EMC) 5/2020. Desta cantidade, 12.168.532,91 € correspóndese coas baixas de licitación ou coas anulacións de investimentos do POS+2017 e 2018 que non foran previamente reinvestidas, polo que se asignan aos concellos nos que se produciron; e a cantidade restante de 9.831.467,09 € asígnase no POS+ 2021 a todos os concellos da provincia aplicando os criterios obxectivos de reparto do Plan.

- Cunha achega provincial denominada **"préstamo provincial 2021"** por importe de 5.500.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2021 na partida 0430/9438/82120, coa finalidade de realizar préstamos aos concellos sen xuros, con dous anos de carencia e cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2023, prazo prorrogable mediante Resolución da Presidencia.

- Cunha **"achega provincial 2021 extraordinaria"** por importe de 14.000.000,00 €, para o financiamento do "POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios", que previsiblemente se van consignar no orzamento provincial 2021 na partida 0611/23126/46201.

Con isto, o importe total das achegas e do préstamo provinciais destinados ao financiamento do **POS+2021 e do POS+Adicional 1/2021 ascende a 64.600.000,00** €, como se indica a continuación:

Plan	Tipo de achega	Consignación	Asignación aos 93 concellos	Reinvestimento baixas / anulacións
POS+2021	Achega provincial 2021	23.100.000,00	23.100.000,00	
	Achega provincial 2020	22.000.000,00	9.831.467,09	12.168.532,91
	Préstamo provincial 2021	5.500.000,00	5.500.000,00	
	Subtotal POS+2021	**50.600.000,00**	**38.431.467,09**	**12.168.532,91**
POS+ AD 1/2021	Achega extraordinaria 2021 (social)	14.000.000,00	14.000.000,00	
T O T A L		**64.600.000,00**	**52.431.467,09**	**12.168.532,91**

Dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o POS+ 2021 concíbese co carácter de "Programación preventiva de actuacións", suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento, e a reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na Base 6.

As cantidades que inicialmente se lle asignan a cada concello no POS+2021 e no POS+Adicional 1/2021 calcúlanse mediante a aplicación á achega provincial 2021, a unha parte da achega provincial 2020, ao préstamo provincial 2021 e á achega provincial extraordinaria 2021 para gastos sociais, das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS. A outra parte da achega 2020 asígnase aos concellos nos que se produciron baixas de licitación ou anulacións de investimentos do POS+2017 e 2018 que non foran previamente reinvestidas.

Os criterios de reparto do POS son os seguintes:

10% cota fixa
5% esforzo fiscal
15% número de parroquias
35% poboación (só a rural para os concellos de máis de 50.000 habitantes)
35% superficie

No caso do concello fusionado de Oza-Cesuras aplicaránselle dúas cotas fixas para realizar o dito reparto, coa finalidade de non causarlle prexuízos pola dita fusión.

A cada concello comunicaráselle a cantidade que se lle asigna por cada un dos tipos de achega provincial ao POS+ 2021, ("achega provincial 2021", "achega provincial 2020", e "préstamo provincial 2021"), e ao POS+Adicional 1/2021 ("achega provincial 2021 extraordinaria" para gastos sociais) e o concello poderá destinala aos distintos obxectos do Plan respectando para cada tipo de achega provincial as indicacións contidas na Base 2, especialmente na táboa denominada "POS+ 2021 e POS+Adicional 1/2021: táboa cos tipos de achega provincial e posibles obxectos para cada tipo".

NOTA ESPECÍFICA SOBRE A SOLICITUDE DE PRÉSTAMO PROVINCIAL PARA A REDUCIÓN DE ENDEBEDAMENTO DO CONCELLO CON ENTIDADES FINANCEIRAS

Nos casos nos que o concello solicite préstamo provincial para a redución da súa débeda con entidades financeiras, debe acreditarse o cumprimento da lexislación sobre préstamos, en especial o cumprimento do disposto no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), e na disposición adicional 14ª do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Para estes efectos deberá presentar un informe emitido pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, segundo o modelo que figura no Anexo XI, relativo aos seguintes extremos:

- O concello adoptou o acordo de solicitude de préstamo segundo as normas de aplicación
- O concello ten aforro neto positivo no exercicio inmediato anterior
- O nivel de endebedamento do concello non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados ou devengados, ou, excedendo deste límite pero non superando o límite previsto no artigo 53 do TRLRFL (110%), conta coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, os concellos que presenten aforro neto negativo ou un volume de endebedamento vivo superior ao recollido no artigo 53 do TRLRFL, non poderán concertar operacións de crédito a longo prazo; e se o endebedamento excede do 75% pero non supera o 110%, deberá contar coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Todo iso sen prexuízo da obriga dos concello de remitirlle ao Ministerio de Facenda, a través da Central de Información de Riscos, a información á que se refire o artigo 55 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Ademais, debe acreditarse que o préstamo municipal a cuxa minoración se aplica o préstamo provincial, non está relacionado coa formalización de operacións de endebedamento financeiro no marco do mecanismo de financiamento para o pago a provedores regulado, na súa primeira fase, polo Real decreto-lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago a provedores das entidades locais. Esta acreditación realizarase no modelo que figura no Anexo XII ás Bases.

4.2.- Achega municipal

A achega do concello é voluntaria. Para cada investimento deberá indicarse a parte que se financia con cargo á deputación e, de ser o caso, a parte que voluntariamente achega o concello, co compromiso do seu financiamento.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 25 de setembro de 1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación no investimento, o concello beneficiarase da máxima baixa posible. Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente algunha achega, no caso de que houbese baixa de licitación, esta aplicarase en primeiro lugar a minorar a achega municipal ata anulala, e despois minorará a achega da deputación.

4.3.- Plan Complementario

A deputación aprobará o Plan Base da anualidade 2021 xunto cun Plan Complementario que se xestionará como se indica nesta Base.

O Plan Complementario ten natureza de reserva e a súa finalidade é poder investir en cada concello os créditos procedentes dunha maior achega provincial a este Plan no caso de que a deputación así o acorde ao longo do exercicio 2021.

Para estes efectos realizarase unha distribución desta maior achega provincial entre todos os concellos, aplicando os mesmos criterios obxectivos previstos na Base 4.1. Con cargo a esta nova cantidade asignada, os concellos poderán financiar os investimentos financeiramente sostibles solicitados inicialmente no Plan Complementario, ou outros novos. Todo isto realizarase segundo as instrucións que esta deputación lles enviará aos concellos no seu momento.

Por iso, no POS+ 2021 é obrigatorio para os concellos solicitar "investimentos financeiramente sostibles" dentro do Plan Complementario por un importe mínimo do 50% da suma dos tres tipos de achega provincial asignada a cada un deles neste Plan, aínda que se aconsella que sexa maior. Non obstante, aqueles concellos cuxas débedas con provedores sexan moi elevadas, poderán indicar que non presentan investimentos no Plan Complementario porque no caso de incremento de achega provincial, destinaríana integramente ao pago das súas débedas con provedores pendentes de pago.

Só poderán incluírse neste Plan complementario "investimentos financeiramente sostibles", segundo se definen no apartado correspondente da Base 2.3.

En síntese, esta deputación aprobará, xunto co Plan Base, o Plan Complementario, integrado por investimentos financeiramente sostibles que terán carácter supletorio e cuxa aprobación definitiva quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente procedente dos incrementos da achega provincial que, de ser o caso, se aproben posteriormente.

No momento de iniciar a elaboración do Plan Adicional no marco do Plan Complementario, a deputación dirixirase aos concellos comunicándolles a cantidade de que poden dispoñer e solicitándolles que presenten os documentos necesarios para a elaboración do Plan Adicional, tendo en conta os investimentos xa aprobados polo concello como Plan Complementario no acordo inicial de solicitude.

Se o concello inclúe varios investimentos no Plan Complementario, poderá decidir no seu momento aqueles aos que vai aplicar a nova cantidade asignada, con independencia da súa orde de relación no dito Plan. Para o caso de que os investimentos do Plan Complementario foran insuficientes para investir toda a nova cantidade asignada, ou que o concello renuncie á execución dalgún deles, poderá solicitar outros novos investimentos financeiramente sostibles.

5.- FORMA E PRAZO DA SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación Provincial da Coruña. www.dacoruna.gal. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica a Alcaldía e o persoal funcionario que deba asinar documentos, así como a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao Rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o **luns 7 de decembro de 2020 e rematará ás 15.00 horas do venres 5 de febreiro de 2021.**

A documentación administrativa e técnica será revisada por esta deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada. A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello, mentres que as dos proxectos das obras ou pregos das subministracións realizarase polo Pleno ou por outro órgano competente do concello, tendo en conta o seu carácter substancial ou non.

O concello deberá presentar, por unha banda, a documentación xeral da súa solicitude, e por outra, a documentación específica que corresponda aos distintos obxectos incluídos na súa petición, segundo se detalla a continuación, debendo empregar necesariamente os modelos que figuran como Anexos a estas Bases, e de acordo coas instrucións desta deputación.

5.A.- DOCUMENTACIÓN XERAL

O concello deberá presentar necesariamente unha solicitude integrada pola certificación do acordo e por unha memoria xustificativa da súa solicitude:

– Certificación do acordo plenario (ANEXO I)

Certificación do acordo do Pleno do concello, segundo o modelo que figura como Anexo I a estas Bases, polo que se dispoña participar no presente Plan, aceptar expresamente estas Bases e solicitarlle á deputación a aplicación do importe dos distintos tipos de achegas que se lle asignaron dentro deste Plan para a realización dos posibles obxectos previstos na Base 2, detallando a achega provincial aplicada a cada un deles e, no seu caso, o seu financiamento desagregado, así como o resto do contido previsto no Anexo I.

Non obstante, os municipios de gran poboación, formalmente acollidos ao réxime previsto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o acordo de participación neste Plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal ás actuacións solicitadas no Plan se voluntariamente existe achega do concello.

- Memoria do Plan asinada pola Alcaldía (ANEXO II)

A Memoria deberá conter como mínimo os seguintes aspectos:

- Descrición dos obxectivos que se pretende alcanzar durante o período do Plan, tendo en conta, moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local.
- Criterios de selección dos distintos obxectos do Plan.
- Análise das actuacións practicadas ou previstas sobre xestión de residuos urbanos
- Financiamento. Analizarase e xustificarase o plan financeiro previsto.
- Só no suposto previsto no penúltimo parágrafo da Base 2.1, xustificación da necesidade de investimentos financeiramente sostibles, de ata o 25% da suma da achega provincial 2021 e 2020 asignada (non préstamo provincial 2021).
- Se é necesario, outras cuestións de interese que complementen a información anterior.

5.B.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA SEGUNDO OS DISTINTOS OBXECTOS

5.B.1.- Pago a provedores (ANEXOS III-a) / III-b))

- Informe de que o concello <u>non ten facturas pendentes de pago</u> con provedores (ANEXO III -a) Convocatoria POS+SOLICITUDE

No caso de que o concello non teña pendentes de pago facturas con provedores de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), con data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2020, este incluído, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe, segundo o modelo que figura como Anexo III-a) a estas Bases, no que se indique esta circunstancia, e subirase na convocatoria POS+SOLICITUDE.

Igualmente se emitirá o informe segundo o Anexo III-a) cando o concello unicamente teña facturas destas características que se financiaron con cargo a Plans de anos anteriores, ou que non pode pagar por causas que non lle son imputables (deberán concretarse), ou que se van financiar con cargo a un expediente de modificación de créditos xa aprobado inicialmente polo Pleno do concello.

-Informe coa relación de facturas pendentes de pago con provedores do concello (ANEXO III-b) Convocatoria POS+PROVEDORES

No caso de que o concello teña facturas pendentes de pago, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe, segundo o modelo que figura como Anexo III- b a estas Bases, coa relación de facturas con provedores de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), que teñan data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2020, este incluído, e que estean pendentes de pago no momento da elaboración do dito informe, e subirase na convocatoria POS+PROVEDORES.

Neste informe deberán separarse as facturas que se imputan ao capítulo II do orzamento municipal e as que se imputan ao capítulo VI, e indicaranse, entre outros datos para cada débeda, a data de entrada no Rexistro do concello, o resumo do concepto, a identificación do provedor e o importe da débeda (IVE incluído), relacionándose segundo a orde da súa entrada no Rexistro do concello. Non obstante, deberán excluírse deste informe as facturas que non poidan pagarse por causas non imputables ao concello, debendo concretarse estas circunstancias no dito informe. Ademais, deberán excluírse as que xa foron financiadas a través do POS+ 2017, 2018, 2019 e 2020, base ou adicional, así como as facturas que van ser financiadas polo concello con cargo a un expediente de modificación de créditos xa aprobado inicialmente polo Pleno municipal.

Por outra banda, o concello poderá, voluntariamente, destinar as ditas achegas provinciais 2020 e 2021 ao financiamento doutras facturas con data de entrada no Rexistro Xeral do concello posterior ao 30 de xuño de 2020 que estean pendentes de pago no momento da elaboración do referido informe. Estas facturas "voluntarias" imputaranse, en primeiro lugar, á achega provincial 2020, se existe dispoñible logo de destinarse ás que son obrigatorias; e, en segundo lugar, á achega provincial 2021. En calquera dos casos, aínda que se imputen á achega provincial 2020, o importe das facturas "voluntarias" non poderá superar o 25% da achega 2021 asignada.

No caso de facturas que teñan financiamento doutras Administracións públicas, deberá desagregarse o seu financiamento e só poderá aplicarse a achega provincial á parte que financia o concello.

5.B.2.- Gasto corrente

- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención de previsión de gastos correntes 2021 (ANEXO IV)

No suposto de que o concello opte por destinar, en todo ou en parte, a "achega provincial 2021", ou excepcionalmente a "achega provincial 2020" no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.2, ao financiamento dos gastos correntes do concello previstos para o exercicio 2021, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá elaborar un informe segundo o modelo que figura como Anexo IV a estas Bases, no que se conteña a previsión orzamentaria para o exercicio 2021 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente, referidos aos conceptos de gasto que se detallan na Base 2.2.

No dito Anexo IV deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe das taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados asociados á prestación do correspondente servizo, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá cubrir no Anexo unicamente os datos dos servizos aos que desexe aplicar o financiamento con cargo ao Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial que o concello vai aplicar a esta finalidade, non sendo preciso cubrir os datos de todos os servizos que figuran no Anexo.

Non poderán incluíse na xustificación do Gasto corrente financiado con cargo ao POS+ aquelas facturas cuxo financiamento xa se solicita dentro do obxecto "Pago a provedores".

No suposto excepcional previsto no último parágrafo da Base 2.2, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello deberá engadir ao final do modelo Anexo IV que o concello está en situación de "risco financeiro", por ter unha débeda viva con entidades financeiras superior ao 200% dos seus ingresos correntes segundo os datos da última liquidación aprobada, o que xustifica que o concello solicite destinar ao financiamento dos seus gastos correntes, tanto a cantidade que reciben en concepto de achega provincial 2021, como a que reciben polo concepto achega provincial 2020, coa finalidade de compatibilizar o cumprimento das súas obrigas ineludibles coa prestación dos servizos municipais básicos, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985 de bases de réxime local e no artigo 109 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

5.B.3.- Obras e subministracións

5.B.3.1.-- Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas

Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, tanto dos investimentos do Plan Base como do Plan Complementario, co contido establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE nº 272 do 9 de novembro de 2017).

Para o caso de que un investimento conteña prestacións correspondentes en parte a obra e en parte a subministración, atenderase ao carácter da prestación principal, de acordo co disposto no artigo 18 da citada norma.

Obras

No caso das obras, os **proxectos técnicos** deberán presentarse nun só documento e comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 233 da Lei 9/2017, que en síntese son os seguintes:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer, e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orden que deban terse en conta. Non se admiten obras cuxo único obxecto sexa a demolición. No caso de incluír varias obras deberán ter carácter homoxéneo.

b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, de ser o caso, e servizos afectados pola súa execución.

c) O prego de prescricións técnicas e particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulamentará a súa execución, con expresión da forma na que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnico que lle correspondan ao contratista, e a maneira na que se levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, de ser o caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración. Non se admiten obras con financiamento plurianual.

Todas as cantidades deberán expresarse con dous decimais e redondearse, por exceso ou por defecto segundo corresponda.

Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, homologacións, licenzas, estudos, etc., nin honorarios de profesionais dentro do orzamento do proxecto, sen prexuízo de que deban realizarse polo concello con cargo aos seus propios recursos, pero non poderán figurar no orzamento do proxecto incluído no Plan. Tampouco poderá incluírse o custo do cartel da obra, por ser a cargo do adxudicatario.

Todos os equipamentos que se integren no orzamento do proxecto deberán contar coa acreditación "Etiqueta CE".

No caso de incluír "partidas alzadas", o seu importe total non poderá superar o 5% do orzamento de execución material do proxecto. Considerananse partidas alzadas as correspondentes á xestión de residuos e á seguridade e saúde a menos que teñan prezos descompostos.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, de ser o caso, do tempo e custo.

f) O estudo de seguridade e saúde ou, de ser o caso, o estudio básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

g) O estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade dos residuos xerados, e unha valoración do custe previsto para a súa xestión, o que debe figurar en capítulo independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro (BOE núm. 38 do 13 de febreiro de 2008).

h) O estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, salvo que resulte incompatible coa súa natureza.

i) As referencias de todo tipo nas que se fundamentará o replanteo da obra.

j) Canta documentación veña prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.

É importante salientar que non se poden facer referencias a marcas concretas en ningún documento do proxecto, incluso nos relativos a cálculos técnicos ou outras referencias de calquera tipo (lumínicos, hidráulicos, etc). Únicamente se permitirá, excepcionalmente, a referencia a marcas cando non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato, de acordo co artigo 126.6 da citada Lei 9/2017 e deberá engadirse a mención «ou equivalente».

Subministracións

No caso de subministracións, os **pregos de prescricións técnicas** deberán incluír, cando menos, os seguintes documentos:

a) Memoria descritiva na que se detallen o obxecto e finalidade da subministración, os antecedentes, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada. No caso de incluír varias subministracións, estas deberán ter carácter homoxéneo.

b) Un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración, coas súas características técnicas precisas, pero sen facer referencia a marcas, segundo se indica no último parágrafo relativo aos investimentos, con expresión dos prezos de cada elemento e o número de unidades, e desagregando o imposto sobre o valor engadido (IVE).

Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, homologacións, licenzas, estudos, etc., nin honorarios de profesionais, sen prexuízo de que deban realizarse polo concello con cargo aos seus propios recursos, pero non poderán figurar no orzamento do prego incluído no Plan. Non obstante, poderán incluírse os gastos da Inspección técnica de vehículos (ITV) ou cursos de formación do manexo da subministración.

Todos os equipamentos deberán contar coa acreditación "Etiqueta CE".

A descrición dos elementos deberá realizarse utilizando rangos de prestacións, dimensións, características técnicas, etc, para evitar limitar a competencia.

No caso de ser necesario o transporte da subministración ao lugar de destino, no orzamento deberá indicarse que o prezo inclúe o prezo do transporte.

A subministración deberá comprender, de ser o caso, a instalación dos obxectos da subministración, non admitíndose a mera entrega nun almacén. Non obstante, admitirase a colocación das subministracións polo persoal municipal, pero nestes casos deberá indicarse expresamente no prego, e a acta de recepción deberá vir acompañada necesariamente dunha certificación expedida pola dirección do investimento xustificativa de que todos os elementos quedaron instalados nos lugares detallados no prego, e entregados ao uso público.

c) Lugar e prazo de entrega

d) Prazo de garantía

e) Documentos gráficos se son necesarios para a correcta definición da subministración. Nos casos de subministración e instalación de mobiliario urbano, xogos, luminarias, marquesiñas, colectores de lixo, sinais de tráfico ou turísticas e similares, será obrigatorio sinalar para cada elemento o lugar exacto da súa instalación no plano.

5.B.3.2.- Informe técnico (ANEXO V)

Informe técnico individual para cada investimento, segundo o modelo Anexo V, co seguinte contido:

- Autorizacións:

O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e acreditarse documentalmente que o concello xa conta con elas subindo as correspondentes autorizacións, ou que xa as solicitou, xuntando neste caso as solicitudes presentadas ante os organismos correspondentes. Neste último suposto, estes investimentos aprobaranse condicionados a que o concello xustifique a súa obtención. Cando se acheguen as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse nun novo informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, de ser o caso, na dita autorización.

No caso de que algún investimento precise autorización desta deputación por afectar a unha estrada provincial, deberá presentar a súa solicitude de autorización a través da Convocatoria específica da plataforma SUBTEL, xuntando a documentación requirida e de acordo co procedemento aprobado por esta deputación e publicado no BOP nº 40 do 26 de febreiro de 2019.

- Supervisión

Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou polo seu contido, de acordo co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado pola conta do concello por persoal técnico independente, remitíndolle unha copia á deputación, ou se lle solicita asistencia a esta deputación para a súa realización ao abeiro da disposición adicional 3, apartado 6, da citada norma.

- Fases, partes ou tramos (obra completa)

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste Anexo V deberá xustificarse que, de acordo co previsto no artigo 13.3 da citada Lei 9/2017, trátase dunha "obra completa", no sentido de ser susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, e que comprende todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

- Lotes

De acordo co previsto na Base 2.3, no informe debe indicarse expresamente que a obra ou subministración "non pode dividirse en lotes" que teñan o carácter de "investimento completo" no sentido de ser susceptible de entrega ao uso público, posto que cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, coa finalidade de dar cumprimento ao artigo 99.3 da Lei 9/2017, relativo á división e adxudicación en lotes.

Non obstante, no caso de que o concello solicite incluír neste Plan un proxecto de obra ou prego dunha subministración susceptible de división en lotes, e o órgano de contratación acorde motivadamente non dividilo en lotes, este informe deberá pronunciarse sobre se a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, ou ben se provocaría problemas de coordinación ou doutra índole na execución das diferentes prestacións.

- Estudo xeotécnico

Deberá indicarse expresamente se é necesario realizar o estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, ou que non é necesario por resultar incompatible coa súa natureza.

- Aptitude urbanística

Deberá indicarse se os terreos afectados polo investimento son aptos urbanisticamente para a súa execución.

- Competencia do redactor do proxecto ou prego

Deberá indicarse se o proxectista conta coa titulación profesional habilítante para a redacción do proxecto ou prego que asina.

5.B.3.3.-Informe técnico-xurídico sobre dispoñibilidade dos terreos (ANEXO VI)

O concello deberá acreditar, mediante o informe que figura como modelo Anexo VI, que conta cos terreos necesarios para a execución dos investimentos, mediante a emisión dun informe conxunto no que o persoal técnico detalle os terreos necesarios para a execución do investimento, e a Secretaría do concello informe se o concello conta coa dispoñibilidade deses terreos. Cada asinante unicamente subscribirá as súas declaracións.

5.B.3.4.- Resolución ou acordo do órgano de contratación dispoñendo motivadamente a non división en lotes do investimento (ANEXO IX)

No suposto de que o investimento sexa susceptible de división en lotes, pero o concello opte por non dividilo e incluílo no Plan para a súa adxudicación nun só contrato, o concello deberá presentar xa coa solicitude de participación no Plan a resolución ou acordo do órgano de contratación de non dividilo, debendo detallarse os argumentos técnicos, económicos, xurídicos ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes, de acordo previsto no artigo 99.3 da Lei 9/2017.

5.B.3.5.- Informe sobre investimentos relativos ao ciclo da auga (ANEXO X)

No caso de investimentos asociados ao ciclo da auga, principalmente abastecementos ou saneamentos, deberá achegarse un informe da secretaría do concello no que xustifique que a execución da obra non se atopa entre as obrigas a realizar pola empresa xestora da auga no concello.

5.B.3.6.- Xustificación de que os investimentos son financeiramente sostibles (ANEXOS VII e VIII)

Para cada investimento financeiramente sostible deberá presentarse tanto unha Memoria económica específica asinada pola Alcaldía, como un informe da Intervención do concello, segundo se detalla:

- Memoria económica específica da Alcaldía (ANEXO VII)

A Memoria económica específica asinada pola Alcaldía, segundo o modelo Anexo VII, conterá unha previsión dos gastos de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores. Ademais, deberá conter a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil.

- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello (ANEXO VIII)

A Intervención ou Secretaría-Intervención do concello emitirá un informe, segundo o modelo Anexo VIII, sobre os seguintes extremos:

- Consistencia e soporte das proxeccións da Memoria económica da Alcaldía
- Análise da consideración de investimento financeiramente sostible, co contido previsto no Anexo VIII, indicando unha única aplicación orzamentaria de imputación de entre as indicadas no apartado correspondente da Base 2.3.
- Se o investimento cumpre ou non os requisitos para ser considerado financeiramente sostible

5.B.4.- Redución de endebedamento do concello con entidades financeiras

5.B.4.1.- Informe sobre o cumprimento da lexislación sobre préstamos (ANEXO XI)

No modelo Anexo XI, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá informar se o acordo de solicitude de préstamo provincial 2021 foi adoptado conforme ás normas de aplicación, e que o concello non necesita autorización preceptiva do órgano competente da Comunidade autónoma de Galicia, ou, de ser necesaria, que se obtivo a dita autorización.

5.B.4.2.- Informe con datos da débeda a reducir (ANEXO XII)

A Intervención ou Secretaría–Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe, segundo o modelo Anexo XII, cos datos das débedas con entidades financeiras ás que se vai aplicar o "préstamo provincial 2021" para a súa amortización anticipada. O informe deberá conter polo menos os seguintes datos: entidade financeira, data do préstamo, código do préstamo, código IBAN da conta bancaria asociada ao préstamo, importe inicial, importe pendente, importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración e outros datos relevantes para a súa identificación.

Ademais, indicarase se o préstamo municipal a cuxa minoración se vai aplicar o préstamo provincial está relacionado ou non cos mecanismos de financiamento do pago a provedores, segundo se indica no último parágrafo da Base 4.1.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación dos concellos, o Pleno desta deputación poderá aprobar o Plan partindo das solicitudes presentadas, estruturado segundo os distintos tipos de achegas provinciais e dos posibles obxectos solicitados, e incluirá un Plan Base, coas actuacións aprobadas definitivamente, así como un Plan Complementario con actuacións supletorias, segundo se describe na Base 4.3.

O Plan poderá aprobarse nunha ou en varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da deputación e poderá ser o resultado de axustes ou reprogramacións de importes ou anualidades, aplicándose como "criterio de prioridade" a poboación dos concellos, de xeito que terán prioridade as solicitudes presentadas polos concellos de menor poboación.

Unha vez aprobado o Plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e da Subdelegación do Goberno. Ademais, remitirase para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia. Transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentaren alegacións nin se emitira o informe, poderán proseguirse os trámites.

A aprobación definitiva do Plan Adicional que máis adiante se aprobe para a realización de investimentos financeiramente sostibles, no marco do Plan Complementario descrito na Base 4.3, financiado cos incrementos da achega provincial que a deputación poida aprobar posteriormente, realizarase mediante Resolución da Presidencia ou acordo plenario, segundo corresponda, coa finalidade de declarar cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e, en consecuencia, se declare definitivamente aprobado o Plan Adicional no que se incluirán as solicitudes dos concellos con indicación do seu financiamento.

Respecto da aprobación do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios estarase ao disposto na Base 12.

7.- CONTRATACIÓN DOS INVESTIMENTOS

7. 1.- Procedementos de adxudicación

Os concellos contratarán os investimentos de acordo coa citada Lei 9/2917 de contratos do sector público mediante procedemento "aberto", procedemento "aberto simplificado", ou procedemento "aberto simplificadísimo", utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta deputación. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato. O incumprimento das condicións da delegación da contratación implicará a perda da achega da deputación ao investimento correspondente, aínda que a achega provincial poderá reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior.

Excepcionalmente, as obras poderán executarse pola propia Administración de acordo co establecido no artigo 30 da citada Lei 9/ 2017.

O contrato menor só poderá utilizarse para a adxudicación das obras de acordo co previsto no apartado 2 desta Base.

Se no momento da licitación fora outra a lexislación vixente en materia de contratación pública, estarase ao disposto expresamente nela.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do Plan, os concellos poderán adxudicar as actuación incluídas no Plan **ata o 30 de novembro de 2021.** Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución da Presidencia tras a solicitude motivada do concello.

No caso de que a aprobación do Plan se produza por fases ao longo do ano 2021 ou 2022, esta deputación poderá establecer outras datas para a contratación dos investimentos.

Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, entre outra, a seguinte documentación, segundo se require na súa plataforma de tramitación telemática:

- Listaxe cos datos de adxudicación dos investimentos debidamente cubertos no modelo establecido
- Anuncio de adxudicación obtido directamente da Plataforma de Contratos do Estado
- Certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato
- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos
- Relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes e datos avaliables
- Informe xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación e da valoración das ofertas

No caso de que as obras fosen executadas pola propia Administración, debera presentarse o informe da Secretaría do concello no que se indique cal dos supostos do artigo 30 da citada Lei 9/ 2017 é de aplicación ao caso concreto.

As baixas que se produzan na adxudicación dos investimentos destinaranse a minorar a achega municipal se existira ata anular, se fose posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente actuación e poderá reinvestirse no concello mediante a realización de novos investimentos financeiramente sostibles a través do POS+ dun exercicio posterior, xunto con outros remanentes que se puideran producir nos outros obxectos incluídos neste Plan.

7. 2.- Utilización do contrato menor na adxudicación das obras

Unicamente poderán adxudicarse utilizando o contrato menor as obras (non as subministracións) incluídas no POS+ 2021, cando o seu valor estimado sexa inferior a 40.000 euros (IVE excluído) o que supón 48.400 € co 21% de IVE incluído, e cun prazo de execución non superior a un ano que non poderá prorrogarse.

A selección do contratista, segundo o orzamento do proxecto das obras, realizarase do seguinte modo:

Valor estimado	Entre 24.794 e 34.000 € (IVE excluído)	Consulta polo menos a 3 empresas / ou Publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación
Orzamento de contrata	Entre 30.000 e 41.140 € (21% IVE incluído)	

Valor estimado	Entre 34.000 e 40.000 € (IVE excluído)	Publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación
Orzamento de contrata	Entre 41.140 e 48.400 € (21% IVE incluído)	

Procurarase que ningún provedor poida resultar adxudicatario de contratos menores cun importe acumulado superior aos límites establecidos para o contrato menor. No caso de que se supere este límite, deberán motivarse os contratos menores posteriores á superación do límite.

Os concellos deben presentar nesta deputación a seguinte documentación:

- Proposta para realizar a adxudicación da obra mediante contrato menor, autorizada polo alcalde ou concelleiro delegado, de acordo co previsto no artigo 118 da citada Lei 9/2017, na que figuren, entre outros, os seguintes datos:

  . Denominación, orzamento e prazo de execución

  . As tres empresas ás que se vai facer a consulta, ou a indicación de que se vai publicar un anuncio na Plataforma de Contratación

  . Prazo e forma de presentación de ofertas

  . Criterios de adxudicación coa súa ponderación, debendo ser sempre un deles o prezo.

- Certificado de existencia de crédito ou documento contable RC

- Resolución de adxudicación na que motivadamente se recollan os datos da empresa adxudicataria e o prezo de adxudicación.

Nos demais aspectos será de aplicación o previsto nas Bases reguladoras do POS+ 2021, especialmente no relativo á presentación xunto coa solicitude do proxecto técnico e os informes requiridos nas Bases, e á xustificación mediante certificacións de execución das obras aprobadas polo concello.

8.- EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS

Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións da subministración. A súa dirección e execución realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que esta deputación realice as inspeccións que considere convenientes. Para estes efectos, a deputación poderá realizar controis de calidade dos investimentos incluídos neste Plan a través dos seus propios medios ou de empresas contratadas con financiamento provincial para tal finalidade. Igualmente, os concellos poderán solicitar que esta deputación realice, con financiamento provincial, controis de calidade cando o consideren necesario ou conveniente, de acordo co procedemento que para estes efectos se estableza.

Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei 9/2017, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá dárselle audiencia ao contratista adxudicatario e realizarse os demais trámites legalmente previstos, debendo achegarse o informe favorable da Secretaría municipal. Se o proxecto modificado experimenta un incremento do seu orzamento, deberá asumilo integramente o concello e achegar un informe favorable da Intervención do concello ou un compromiso do seu financiamento.

Calquera outro incremento que se derive da execución da obra, como liquidacións por excesos de medicións que non requiran un modificado, deberá tamén ser financiado integramente polo concello, e certificarse de forma separada do resto do proxecto, sen que sexa necesaria a súa presentación nesta deputación por corresponderlle ao concello o seu financiamento.

9 .- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O pago da achega da deputación realizase segundo se indica a continuación para os distintos obxectos posibles do Plan, debendo utilizar necesariamente os modelos establecidos. En todos os casos, a deputación verificará previamente de oficio que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa propia deputación.

9. 1 Achega provincial destinada ao financiamento de pago a provedores (ANEXOS III-b) e XIII)

Para aqueles concellos que teñan débedas con provedores, cuxos datos figuran no informe presentado polo concello segundo o modelo Anexo III-b), esta deputación, despois da aprobación do Plan, transferiralle ao concello, con carácter prepagable, a cantidade solicitada para esta finalidade.

Unha vez que o concello realice o pago destas débedas, deberá presentar telematicamente nesta deputación, ata o 31 de marzo de 2022, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, no que se detallen os pagos efectuados, segundo o modelo que figura como Anexo XIII. Excepcionalmente, e a solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante Resolución da Presidencia.

No caso de que o concello non xustifique a realización do pago das facturas para cuxo financiamento se solicitou a achega provincial xa transferida ao concello, ou non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Os importes a reintegrar poderán ser obxecto de compensación con calquera obriga recoñecida pola deputación a favor do concello.

9.2 Achega provincial destinada ao financiamento de gastos correntes (ANEXOS IV e XIV)

No suposto de que o concello destinase en todo ou en parte a “achega provincial 2021”, ou excepcionalmente a "achega provincial 2020" no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.2, ao financiamento dos seus gastos correntes, esta deputación, despois da aprobación do Plan, transferiralle ao concello, con carácter prepagable, nun ou dous prazos, a cantidade solicitada para esta finalidade, de acordo coa previsión de gastos emitida pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, segundo o modelo Anexo IV.

Unha vez que o concello realice o pago destes gastos correntes, deberá presentar telematicamente nesta deputación, ata o 31 de marzo de 2022, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, ou por quen corresponda nos municipios de gran poboación, no que se detallen, por unha banda, os pagos realizados e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos vinculados á prestación do servizo correspondente (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados), coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+ 2021, segundo o modelo que figura como Anexo XIV. Excepcionalmente, e á solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante Resolución da Presidencia.

Non poderán incluíse na xustificación do Gasto corrente financiado con cargo ao POS+ aquelas facturas cuxo financiamento xa se solicita dentro do obxecto "Pago a provedores".

O importe dos pagos xustificados deberá acadar como mínimo o da subvención da deputación ou, no caso de que se tiveran outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, ou no suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no citado artigo 70.3 do Real decreto 887/2006.

9. 3 Achega provincial destinada ao financiamento de obras e subministracións

O pago ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas das subministracións aprobadas polo órgano municipal competente, que o concello presente nesta deputación, xunto co resto da documentación que se require na plataforma de tramitación telemática provincial, empregando os modelos establecidos. Procurarase que as certificacións de execución de obras sexan por un orzamento superior aos 6.000,00 €.

Desde o inicio das obras ata a súa recepción deberase colocar o cartel oficial debidamente cuberto, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e o outra do cartel da obra e a súa contorna, sendo este requisito indispensable para que esta deputación lle transfira ao concello o importe da achega provincial ao Plan. Esta documentación acompañarase á primeira certificación de execución das obras.

Xunto coa primeira certificación deberá tamén achegarse a "acta de comprobación do replanteo" e coa derradeira certificación de execución, deberá achegarse a correspondente "acta de recepción".

Para as subministracións, deberá achegarse a factura co detalle da subministración, segundo figura no prego de prescricións técnicas, aprobada polo órgano municipal competente xunto coa acta de recepción. Para o caso de que a subministración fora instalada polo persoal do concello, a acta de recepción deberá vir acompañada necesariamente dunha certificación expedida pola dirección do investimento xustificativa de que todos os elementos quedaron instalados nos lugares detallados no prego, e entregados ao uso público.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos 19.3, 34.3, 37.1 e) e 37.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberá acompañarse unha certificación ou informe relativo á percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais co fin de verificar que a concorrencia non supera o custo da actuación subvencionada.

Todos os investimentos deberán estar terminados o 30 de novembro de 2022. Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar una prórroga para o seu remate de acordo coas instrucións que se lle remitirán máis adiante, que se concederá, no seu caso, mediante Resolución da Presidencia.

Non obstante, cando se trate de obras adxudicadas mediante contrato menor, o prazo de execución será como máximo dun ano e non poderán ser obxecto de prórroga, o que se controlará tanto desde o concello como por esta deputación, de conformidade co disposto no artigo 29.8 da citada Lei 9/2017.

9. 4 Préstamo provincial destinado ao financiamento de débedas do concello con entidades financeiras

No suposto de que o concello destinase o préstamo provincial ao financiamento de débedas do concello con entidades financeiras, a deputación, despois da aprobación do Plan, transferiralle, con carácter prepagable, directamente á entidade financeira na que o concello teña concertado o préstamo municipal que se vai amortizar co importe do préstamo provincial, o que se lle comunicará oportunamente ao concello para o seu coñecemento.

10.- DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL

Os concellos deberán devolverlle á deputación en dez anualidades o importe do préstamo provincial que se lles transfira, devolución que se realizará sen xuros e con dous anos de carencia, a partir do ano 2023 ata o 2032, prazo prorrogable mediante Resolución da Presidencia. O importe anual a devolver será a décima parte do importe total transferido, realizándose no último ano o axuste exacto da cantidade a devolver. Non obstante, o concello poderá anticipar a devolución do préstamo pendente, comunicándoo previamente á deputación.

A devolución realizarase mediante o ingreso na conta da deputación que se lles indicará aos concellos, a metade do importe anual ata o 30 xuño e a outra metade ata o 30 de novembro de cada ano.

No caso de que o concello non realice os ingresos que correspondan nos prazos establecidos, esta deputación poderá aplicar aos concellos usuarios do servizo de recadación a compensación coas entregas a conta, e aos demais concellos, con calquera outro pago que a deputación deba realizarlle ao concello.

11.- RÉXIME SANCIONADOR

O incumprimento do disposto nalgunha destas Bases poderá dar lugar ao inicio de oficio dun expediente sancionador, segundo se indica nesta Base e de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

De acordo co disposto na Base 7, o incumprimento das **condicións da delegación da contratación** dos investimentos implicará a perda da achega da deputación ao investimento correspondente, aínda que a achega provincial poderá reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior.

No caso de pagos realizados ao concello **con carácter prepagable**, de acordo co disposto nas Bases 9.1 e 9.2 cando o concello non xustifique correctamente no prazo sinalado a aplicación da achega provincial recibida, poderá iniciarse un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no artigo 70.3 e 91 e seguintes do Real decreto 887/2006, para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado, aínda que o importe da achega provincial reintegrada poderá recuperarse a través dun Plan dun exercicio posterior.

Os importes a reintegrar poderán ser obxecto de compensación con calquera obriga recoñecida pola deputación a favor do concello.

No caso de pagos de achega provincial que **requiran a previa xustificación** do gasto polo concello, a súa non xustificación dará lugar á perda da achega provincial correspondente, aínda que se poderá recuperar nun Plan posterior.

En todos os casos, a presentación da documentación xustificativa fora do prazo establecido, poderá dar lugar á imposición de sancións, de conformidade co disposto na Ordenanza Xeral de subvencións e transferencias desta deputación, aprobada polo pleno na sesión realizada ao 1 de febreiro de 2019 e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 72 do 15 de abril de 2019.

En canto ao procedemento administrativo a seguir aplicarase supletoriamente o previsto nas citadas leis e regulamentos de subvencións.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1.- A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas Bases serán resoltas pola Presidencia desta deputación, previos os informes da Secretaría e da Intervención.

2.- Para o non disposto expresamente nas presentes Bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

12.- POS+ADICIONAL 1/2021 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2021

Esta Base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2021 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021, que se financia con cargo a unha achega provincial 2021 extraordinaria por importe de 14.000.000,00 €, que se vai consignar no orzamento provincial 2021 na partida 0611/23126/46201 para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 en materia de servizos sociais.

A xestión deste POS+ Adicional 1/2021 realizarase a través da Sección de Servizos Sociais do Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes desta deputación.

12.1.- OBXECTO

O POS+Adicional 1/2021 destínase ao financiamento dos seguintes gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021:

a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación).

b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.

c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.

d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS).

Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.

e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.

f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.

g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e ás persoas usuarias dos programas que non conten con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.

h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.

12.2.- FINANCIAMENTO

O POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021, finánciase con cargo a unha achega provincial 2021 extraordinaria por importe de 14.000.000,00, que se vai consignar no orzamento provincial 2021 na partida 0611/23126/46201, que se distribúe entre os 93 concellos da provincia mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS, que son as que se indican na Base 4.1.

12.3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia.

12.4.- SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Plataforma SUBTEL desta deputación, iniciarase o **luns 7 de decembro de 2020 e rematará ás 15.00 horas do venres 5 de febreiro de 2021**, mediante a presentación da seguinte documentación:

-Certificación do acordo de solicitude (Anexo XV)

Certificación do acordo do Pleno do concello, segundo o modelo Anexo XV, polo que se dispoña participar no POS+ Adicional 1/2021, aceptar expresamente as súas Bases reguladoras e solicitarlle á deputación a aplicación da achega provincial extraordinaria asignada para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

-Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención da previsión de gastos sociais extraordinarios 2021 (ANEXO XVI)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo XVI a estas Bases, no que se conteñan os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021.

Neste Anexo XVI deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

Non se incluirán os gastos xa financiados a través doutras convocatorias de subvencións desta deputación para a mesma finalidade.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos sociais extraordinarios aos que desexe aplicar a achega provincial extraordinaria deste Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial asignada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

12.5.- APROBACIÓN DO PLAN E PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O Pleno desta deputación poderá aprobar o POS+ADICIONAL 1/2021 partindo das solicitudes presentadas polos concellos, para o que realizará os mesmos trámites previstos na Base 6, e, posteriormente transferiralles aos concellos, con carácter prepagable, a achega provincial solicitada para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios, de acordo coas previsións contidas no informe emitido segundo o modelo Anexo XVI.

Tendo en conta a natureza e as características deste POS+Adicional 1/2021, destinado a gastos sociais extraordinarios, a súa aprobación poderá realizarse antes da aprobación do POS+2021 Base.

12.6.- XUSTIFICACIÓN DA APLICACIÓN ACHEGA PROVINCIAL (ANEXO XVII)

Unha vez que o concello realice o pago destes gastos, deberá presentar telematicamente na deputación, ata o 31 de marzo de 2022, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou por quen corresponda nos municipios de gran poboación, no que se detallen, por unha banda, os pagos realizados e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados vinculados ao gasto, coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+ Adicional 1/ 2021, segundo o modelo que figura como Anexo XVII. Excepcionalmente, e en virtude da correspondente solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante Resolución da Presidencia.

O importe dos pagos xustificados deberá acadar como mínimo o da achega transferida da deputación ou, no caso de que se tiveran outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións. No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, ou no suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no Real decreto 887/2006. O importe do reintegro poderá ser obxecto de compensación cos importes vencidos, líquidos e esixibles a favor do concello, e en particular coas entregas a conta derivadas da xestión recaudatoria que a deputación realice por delegación do concello.

A N E X O I

CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021"

D. / Dna. _____

secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día __/__/202__, adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021","achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	**Deputación**	**Concello**	**Orzamento total**
Subtotal investimentos achega provincial 2021			

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	**Deputación**	**Concello**	**Orzamento total**
Subtotal investimentos achega provincial 2020			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

E) Resumo:

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020			
	Achega 2021			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021			
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021			
	Achega 2020			
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021			
T O T A L	Achega 2021			
	Achega 2020			
	Préstamo 2021			
	TOTAL			

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
TOTAIS	

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en _____, ___ de _____ de dous mil _____.

V. pr.
A Alcaldía

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021" ANEXO II MEMORIA DO PLAN

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA	

De acordo co esixido na Base 5.A das reguladoras do Plan, emítese esta Memoria relativa á súa elaboración:

OBXECTIVOS DO PLAN
(Deberanse describir os obxectivos que se pretende alcanzar durante o período do Plan, tendo en conta, moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local)

CRITERIOS DE SELECCIÓN
(Deberanse fixar con carácter obxectivo os criterios de selección dos distintos obxectos do Plan)

ANÁLISE DAS ACTUACIONS PRACTICADAS OU PREVISTAS POLO CONCELLO PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS URBANOS DENTRO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA VIXENTE (FINANCIADAS CON CARGO AO POS+ OU POR OUTROS MEDIOS)
(En cumprimento dunha suxestión da Valedora do Pobo)

FINANCIAMENTO
(Analizarase e xustificarase o plan financeiro previsto)

XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES DE ATA O 25% DA SUMA DA ACHEGA PROVINCIAL 2020 E 2021 ASIGNADA (NON PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021), CANDO AS DÉBEDAS DO CONCELLO CON PROVEDORES SEXAN SUPERIORES Á DITA CANTIDADE
(Só para os concellos cuxas débedas con provedores sexan superiores á suma da achega provincial 2021 e 2020, segundo o previsto no penúltimo parágrafo da Base 2.1.)

OUTRAS CUESTIÓNS (Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO III –a)

INFORME DE QUE O CONCELLO NON TEN FACTURAS PENDENTES DE PAGO CON PROVEDORES COS REQUISITOS DAS BASES DO POS+ 2021, OU QUE TÉNDOAS, NON PODE PROCEDER AO SEU PAGO POR CAUSAS XUSTIFICADAS

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na Base 5.B.1 das reguladoras do Plan, emítese este informe para facer constar a situación deste concello en relación coas facturas pendentes de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), con data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2020, este incluído:

(Marcar o que corresponda)

	Este concello **non ten facturas pendentes** de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), con data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2020, este incluído.
	Este concello unicamente ten facturas pendentes de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), con data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2020, este incluído, que **se financiaron con cargo a Plans de anos anteriores**
	Este concello unicamente ten facturas pendentes de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), con data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2020, este incluído, que **non pode pagar por causas que non lle son imputables** As causas son as seguintes: - - -
	Este concello unicamente ten facturas pendentes de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), con data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2020, este incluído, que **se van financiar con cargo a un expediente de modificación de créditos xa aprobad**o inicialmente polo Pleno do concello.

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO III –b)

INFORME COA RELACIÓN DE FACTURAS PENDENTES DE PAGO CON PROVEDORES, DE IMPORTE IGUAL OU SUPERIOR A 100,00 € , PARA AS QUE SE APLICA FINANCIAMENTO PROVINCIAL CON CARGO AO POS+ 2021

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na Base 5.B.1 das reguladoras do Plan, emítese este informe coa relación de facturas con provedores de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído) que teñen data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2020, este incluído, (ou data de entrada posterior se voluntariamente así o acorda o concello ata unha contía máxima do 25% da achega 2021) que están pendentes de pago no momento da elaboración deste informe, separando as facturas que se imputan ao capítulo II e as que se imputan ao capítulo VI do orzamento municipal, que se relacionan segundo a orde da súa entrada no Rexistro do concello.

NOTAS:
- Deben excluírse as facturas non pagadas que xa foron financiadas a través do POS+ de anos anteriores.
- Deben excluírse as facturas que o concello non pode pagar por causas que non lle son imputables, debendo concretarse as ditas causas neste informe.
- Deben excluírse as facturas que van ser financiadas con cargo a un expediente de modificación de créditos xa aprobado inicialmente polo Pleno municipal.
- No caso de facturas que teñan financiamento doutras Administracións Públicas (AP), desagrégase o seu financiamento e só poderá aplicarse a achega provincial asignada neste Plan á parte que financia o concello.

DATOS DAS DÉBEDAS QUE SE IMPUTAN AO CAPÍTULO II DO ORZAMENTO MUNICIPAL

Nº de orde	Data entrada Rexistro concello	Resumo do concepto	Provedor		Importe (IVE incluído)		
			Nome	NIF	Concello	Outras AP	Total
1							
2							
3							
4							
5							
...							
TOTAL FACTURAS CON PROVEDORES PENDENTES DE PAGO (CAPÍTULO II)							

1

DATOS DAS DÉBEDAS QUE SE IMPUTAN AO CAPÍTULO VI DO ORZAMENTO MUNICIPAL							
Nº de orde	Data entrada Rexistro concello	Resumo do concepto	Provedor		Importe (IVE incluído)		
			Nome	NIF	Concello	Outras AP	Total
1							
2							
3							
4							
5							
...							
TOTAL FACTURAS CON PROVEDORES PENDENTES DE PAGO (CAPÍTULO VI)							

RESUMO DAS DÉBEDAS QUE SE IMPUTAN AOS CAPÍTULOS II E VI DO ORZAMENTO MUNICIPAL	Importe (IVE incluído)		
	Concello	Outras AP	Total
Total facturas con provedores pendentes de pago (CAPÍTULO II)			
Total facturas con provedores pendentes de pago (CAPÍTULO VI)			
T O T A L			

2

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO IV

INFORME SOBRE A PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES PARA O EXERCICIO 2021

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 5.B.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe coa previsión orzamentaria para o exercicio 2021 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos conceptos que se detallan:

(só cubrir os datos dos servizos aos que o concello aplique o financiamento con cargo ao Plan)

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2021 (A)	ESTIMACION DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario) (A-B)
Subministración de auga potable	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Recollida domiciliaria de lixo	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

1

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2021 (A)	ESTIMACION DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario) (A-B)
Alumeado público	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
T O T A L				

2

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO V

INFORME TÉCNICO SOBRE O INVESTIMENTO

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓNS
(O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e acreditarse documentalmente que o concello xa conta con elas subindo as correspondentes autorizacións, ou que xa as solicitou, xuntando neste caso as solicitudes presentadas ante os organismos correspondentes.
Cando se acheguen as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse nun novo informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización.)

SUPERVISIÓN TÉCNICA
(Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou o seu contido, de acordo co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017 de contratos do sector público. No caso de ser precisa, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello por persoal técnico independente, remitíndolle unha copia á deputación, ou se solicita a asistencia a esta deputación para a súa realización, ao abeiro da disposición adicional 3.6 da citada norma.)

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)
(No caso de tratarse de fases, tramos, partes, etc., deberá xustificarse que se trata dunha obra completa, no sentido de ser susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, e que comprende todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra, de acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.)

LOTES (marcar o que proceda)

☐ Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

☐ Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

- ☐ Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- ☐ Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- ☐ Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO
(Deberá indicarse expresamente se é necesario realizar o estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, ou que non é necesario por resultar incompatible coa súa natureza).

APTITUDE URBANÍSTICA
(Deberá indicarse se os terreos afectados polo investimento son aptos urbanisticamente para a súa execución)

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO
(Deberá indicarse se o proxectista conta coa titulación profesional habilitante para a redacción do proxecto ou prego que asina)

OUTRAS CUESTIÓNS
(Debéranse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO VI

INFORME TÉCNICO-XURÍDICO SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.3.3 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico xurídico para o investimento indicado, subscribindo cada un dos asinantes unicamente as súas declaracións:

INFORME TÉCNICO
(O persoal técnico detallará os terreos necesarios para a execución do investimento, podendo xuntar para estes efectos a documentación precisa.)

INFORME XURÍDICO
(A Secretaría do concello informará acerca de se o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento.)

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO VII

MEMORIA ECONÓMICA DA ALCALDÍA
ESPECÍFICA DE CADA INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE SOLICITADO

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.3.6 das reguladoras do Plan, emítese esta Memoria económica en relación co investimento financeiramente sostible indicado:

1.- PREVISIÓN DE GASTOS E INGRESOS

- (Previsión dos gastos de mantemento, dos posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores)

- Breve descrición do gasto a realizar e da súa natureza

- Vida útil estimada

- Previsión de ingresos

- Previsión de gastos

- Conclusión relativa á acreditación de que este investimento permite o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores

2.- PROXECCIÓN DOS EFECTOS ORZAMENTARIOS E ECONÓMICOS

(Proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil)

Opción A) se non ten consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes

"Sen consecuencias relevantes en canto aos seus efectos orzamentarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros"

Opción B) no suposto de que se considere que vai ter consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes:

"Na seguinte táboa detállanse as previsión dos efectos deste investimento sobre o orzamento de ingresos, sobre o orzamento de gastos e o resultado previsible durante os anos da súa vida útil."

	2021	2022	2023	.....	Ano final da súa vida útil
Efectos sobre Orzamento de ingresos (+ -)					
Efectos sobre Orzamento de gastos (+ -)					
Resultado previsible (+ -)					

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO VIII

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN ESPECÍFICO DE CADA INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE SOLICITADO

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.3.6 das reguladoras do Plan, emítese este informe en relación co investimento financeiramente sostible indicado:

1.- CONSISTENCIA E SOPORTE DAS PROXECCIÓNS DA MEMORIA ECONÓMICA DA ALCALDÍA

Breve análise da Memoria especifica da Alcaldía sobre este investimento e a súa consistencia e fundamentación, con especial referencia ás conclusións sobre se este investimento permitirá durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello, e do período medio de pago a provedores.

2.- ANÁLISE DA CONSIDERACIÓN DE INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE
(Análise sobre se o investimento solicitado reúne os requisitos para ser considerado financeiramente sostible, indicando a partida orzamentaria de imputación)

- Competencia municipal

- Indicación sobre se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

- Indicación da súa imputación orzamentaria: clasificación económica, grupo de programa (un único grupo de programa dos previstos nas Bases) e aplicación orzamentaria

- Indicación de se o investimento supera ou non os 10 millóns de euros e si supón ou non incremento do capítulo 1 e 2 do orzamento de gastos

- Indicación da súa vida útil (non debe ser inferior a cinco anos)

- Previsión sobre o prazo de execución e xustificación

- Indicación de que consta no expediente Memoria económica da Alcaldía sobre a proxección dos efectos orzamentarios e económicos da súa vida útil

Conclusión:
O proxecto arriba indicado, **cumpre** / **non cumpre** os requisitos para ser considerado financeiramente sostible

A N E X O IX

CERTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA OU DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021"

D. / Dna. _____

secretario/a do Concello de _____

De acordo co disposto no na Base 5.B.3.4 das Reguladoras do Plan, **C E R T I F I C A :**

Que a Alcaldía deste concello / a Xunta de Goberno Local, no día __/__/202__, ditou / adoptou a / o seguinte Resolución / Acordo:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto/prego que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto/prego indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación: (indicar as causas técnicas, económicas, xurídicas ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes. No modelo recóllense algúns dos motivos citados no dito artigo a modo de exemplo)

-A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico

-O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

- (...)

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en _____, ___ de _____ de dous mil _____.

V. pr.
A Alcaldía

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO X

INFORME DA SECRETARÍA DO CONCELLO SOBRE O INVESTIMENTO RELATIVO AO CICLO DA AUGA

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.3.5 das reguladoras do Plan, a Secretaría do concello emite o seguinte informe en relación con este investimento asociado ao ciclo da auga:

Consultado o expediente correspondente, compróbase que a execución deste investimento que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 non se atopa entre as obrigas a realizar pola empresa xestora da auga no concello.

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO XI

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SOBRE PRÉSTAMOS

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SOBRE PRÉSTAMOS

De acordo co esixido na Base 5.B.4.1 das reguladoras do Plan, e no marco do previsto no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais (TRLFL), e na disposición adicional 14ª do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, emítese o seguinte informe:

- O concello adoptou o acordo de solicitude de préstamo segundo as normas de aplicación

- O concello ten aforro neto positivo no exercicio inmediato anterior

- O nivel de endebedamento do concello non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados ou devengados, ou, e excedendo deste límite pero non superando o límite previsto no artigo 53 do TRLRFL (110%), conta coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO XII

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO COS DATOS DAS DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS A REDUCIR

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na base 5.B.4.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe cos datos das débedas con entidades financeiras a reducir:

(Deberá cubrirse unha táboa por cada préstamo, pero debe presentarse un único documento Anexo XII que englobe todas as táboas e subirse na Convocatoria POS+Amortización)

Entidade financeira	
Data do préstamo	
Número ou código do préstamo	
Código IBAN da conta bancaria asociada ao préstamo	
Importe inicial do préstamo	
Importe pendente do préstamo	
Importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración	
Este préstamo está relacionado co mecanismo de pago a provedores (Base 4.1 final) (SI / NON)	
Outros datos	

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO XIII

INFORME XUSTIFICATIVO DO PAGO A PROVEDORES CON CARGO AO POS+ 2021

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na Base 9.1 das reguladoras do Plan, emítese informe xustificativo dos pagos realizados das facturas con provedores que figuraban no Anexo III –b) da solicitude, pagadas con cargo ao financiamento do POS+ 2021, cuxa relación é a seguinte:

DATOS DAS DÉBEDAS PAGADAS QUE SE IMPUTAN AO CAPÍTULO II DO ORZAMENTO MUNICIPAL								
Nº de orde	Data entrada Rexistro concello	Resumo do concepto	Provedor		Importe (IVE incluído)			Data do pago
			Nome	NIF	Concello	Outras AP	Total	
1								
2								
3								
4								
5								
...								
TOTAL FACTURAS CON PROVEDORES PAGADAS (CAPÍTULO II)								

DATOS DAS DÉBEDAS PAGADAS QUE SE IMPUTAN AO CAPÍTULO VI DO ORZAMENTO MUNICIPAL								
Nº de orde	Data entrada Rexistro concello	Resumo do concepto	Provedor		Importe (IVE incluído)			Data do pago
			Nome	NIF	Concello	Outras AP	Total	
1								
2								
3								
4								
5								
...								
TOTAL FACTURAS CON PROVEDORES PAGADAS (CAPÍTULO VI)								

RESUMO DAS DÉBEDAS PAGADAS QUE SE IMPUTAN AOS CAPÍTULOS II E VI DO ORZAMENTO MUNICIPAL	Importe (IVE incluído)		
	Concello	Outras AP	Total
Total facturas con provedores pagadas (CAPÍTULO II)			
Total facturas con provedores pagadas (CAPÍTULO VI)			
T O T A L			

2

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO XIV

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO XUSTIFICATIVO DOS PAGOS DE GASTOS CORRENTES REALIZADOS NO 2021

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 9.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe xustificativo dos pagos realizados e os dereitos recoñecidos por ingresos finalistas para a mesma finalidade, dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos conceptos que se detallan:

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	PAGOS REALIZADOS 2021 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS VINCULADOS (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (A-B) (Pode ser superior ao importe solicitado e aprobado no Plan)
Subministración de auga potable	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Recollida domiciliaria de lixo	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

1

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	PAGOS REALIZADOS 2021 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS VINCULADOS (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (A-B) (Pode ser superior ao importe solicitado e aprobado no Plan)
Alumeado público	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
	T O T A L			

A N E X O X V

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

"POS+ ADICIONAL1/ 2021"

D. / Dna. _____

Secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o pleno deste concello, na sesión realizada o día __/__/202_ adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2021" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	..... €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.			
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.			

1

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS) Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.			
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.			
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.			
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non conten con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.			
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.			
T O T A L			

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en _____, ___ de _____ de dous mil vinte e un.

V. pr.
A Alcaldía

ANEXO XVI

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

POS+ ADICIONAL 1/ 2021

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2021

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 12 das reguladoras deste Plan, emítese este informe relativo aos gastos sociais extraordinarios previstos nas Bases reguladoras do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021.

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.			
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS) Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.			
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.			
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.			
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non conten con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.			
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.			
T O T A L			

ANEXO XVII

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

POS+ ADICIONAL 1/ 2021

INFORME SOBRE XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2021

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 12 das reguladoras deste Plan, emítese este informe relativo á xustificación dos gastos sociais extraordinarios previstos nas Bases reguladoras do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021.

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PAGOS REALIZADOS 2021 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS PUBLICOS OU PRIVADOS (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.			
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PAGOS REALIZADOS 2021 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS PUBLICOS OU PRIVADOS (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS) Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.			
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.			
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.			
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non conten con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais			
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.			
T O T A L			

14.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora de eficiencia enerxética da iluminación pública no Milladoiro," do Concello de Ames, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0301.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226, do 29 de novembro de 2016

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación número 22137 do 7 de xullo de 2017, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017

Logo de ver que no Anexo V a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2017 con cargo ao préstamo 2017, no que figura, entre outras, a obra do concello de Ames denominada “Mellora de eficiencia enerxética da iluminación pública no Milladoiro”, co código 2017.3290.0301.0

Logo de presentar o Concello de Ames un proxecto modificado desta obra, con incremento do seu orzamento de contrata por importe de 26.421,09 €, que conta coa conformidade do contratista adxudicatario, así como á vista dos informes técnicos e xurídicos favorables e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello e o informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación, así como á vista do documento RC do concello acreditativo da existencia de crédito para facer fronte ao incremento experimentado pola modificación do proxecto.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Ames denominada “Mellora de eficiencia enerxética da iluminación pública no Milladoiro, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, co código 2017.3290.0301.0, que foi aprobado polo pleno desta Deputación na sesión realizada o día 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación número 22137 do 7 de xullo de 2017, que representa un incremento no seu orzamento de contrata por importe de 26.421,09

respecto do proxecto técnico inicial que é asumido integramente polo concello de Ames, aínda que non varía o seu obxecto nin a súa finalidade, introducindo únicamente modificacións derivadas do tempo transcurrido dende a súa elaboración ata a súa execución. O cadro de financiamento relativo a este proxecto de obra é o seguinte:

Proxecto Modificado "Mellora de eficiencia enerxética de iluminación pública no Milladoiro" Concello de Ames POS+ 2017 co código 2017.3290.0301.0				
		Contrata	**Adxudicación**	**Balxa**
PROXECTO INICIAL	**Deputación**	356.837,92	225.746,57	131.091,35
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	**356.837,92**	**225.746,57**	**131.091,35**
PROXECTO MODIFICADO	**Deputación**	356.837,92	225.746,57	131.091,35
	Concello	26.421,09	16.714,79	9.706,30
	Total	**383.259,01**	**242.461,36**	**140.797,65**
DIFERENZA POR INCREMENTO	**Deputación**	0,00	0,00	0,00
	Concello	26.421,09	16.714,79	9.706,30
	Total	**26.421,09**	**16.714,79**	**9.706,30**

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/9434/82120 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Ames para os efectos oportunos."

15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da seguridade viaria na travesía de Bastavaliños", do Concello de Brión, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2019 co código 2019.2001.0643.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da seguridade viaria na travesía de Bastavaliños",

do Concello de Brión, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2019 co código 2019.2001.0643.0. no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno provincial na sesión realizada o 20 de decembro de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 2020/1791, do 22 de xaneiro de 2020, que aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2019, no que se inclúe este investimento

Tendo en conta que o Concello de Brión adxudicoulle a obra á empresa AUDECA, S.L. co NIF B33302696, mediante a Resolución da Alcaldía do 15 de xullo de 2020, e que no día de hoxe consta unha primeira certificación de execución de obra por importe de 105.187,15 €, e unha segunda certificación por importe de 61.687,58 €, ascendendo o total certificado a 166.874,73 €, quedando pendente de certificar 34.681,15 €

Logo de aprobar o Concello de Brión un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 30 de novembro de 2020 pola arquitecta municipal e directora da obra, coa conformidade do representante da empresa adxudicataria e do redactor do proxecto inicial, cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, motivado pola aparición, no momento da execución, de moitos tramos con terreo de baixa calidade, polo que foi necesario unha maior escavación ata o firme e un maior aporte de material, “zahorra”, así como substituír parte dos tubos existentes por carecer das dimensións axeitas, atopándose tamén máis tramos dos previstos sen recollida das augas pluviais, circunstancias todas elas sobrevidas e imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato

Tendo en conta que este proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 30 de novembro de 2020

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP número 188, do 2 de outubro de 2018, que lle son aplicables ao POS+Adicional 1/2019

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora da seguridade viaria na travesía de Bastavaliños”, do Concello de Brión, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2019 co código

2019.2001.0643.0, que foi aprobado mediante o acordo adoptado polo Pleno provincial na sesión realizada o 20 de decembro de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 2020/1791, do 22 de xaneiro de 2020, que está adxudicado e certificado parcialmente por importe de 166.874,73 €, que se aprobou polo concello coa conformidade do representante da empresa adxudicataria e do redactor do proxecto inicial, cos informes técnicos e xurídicos favorables, motivado pola aparición, no momento da execución, de circunstancias sobrevidas, imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, tendo o proxecto modificado un incremento do seu orzamento de adxudicación que é asumido integramente polo Concello de Brión, tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello Brión Código: 2019.2001.0643.0 "Mellora da seguridade viaria na travesía de Bastavaliños"	**PROXECTO INICIAL**		**PROXECTO MODIFICADO**		**DIFERENZA**
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	Adxudicación
Deputación	240.449,44	201.555,88	240.449,44	201.555,88	0,00
Concello	66.286,03	0,00	148.245,59	53.855,63	53.855,63
Total	306.735,47	201.555,88	388.695,03	255.411,51	53.855,63

A achega provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/1537/76201 do vixente orzamento provincial."

16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora e acondicionamento da Rúa Nova e da Rúa do Porto de Camelle", do Concello de Camariñas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0418.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora e acondicionamento da Rúa Nova e da Rúa do Porto de Camelle" do Concello de Camariñas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0418.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, no que se inclúe este investimento do Concello de Camariñas

Tendo en conta que o Concello de Camariñas adxudicoulle a obra á empresa SERGONSA SERVICIOS, S.L., co NIF B70372032, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de marzo de 2019, e que no día de hoxe consta unha primeira certificación de execución de obra por importe de 22.691,13 €, unha segunda certificación por importe de 23.381,47 € e unha terceira certificación por importe de 17.902,17 €, ascendendo o total certificado a 63.974,77 € e quedando pendente de certificar 38.481,98 €

Logo de aprobar o Concello de Camariñas un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 3 de decembro de 2020 polo enxeñeiro técnico industrial que xa redactara o proxecto inicial, con incremento do seu orzamento de adxudicación que é financiado integramente polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria dado que para unha correcta execución da pavimentación faise necesario substituír a capa de rodaxe flexible prevista no proxecto inicial que pode dar lugar a asentos por unha ríxida, de acordo coa natureza do terreo descuberta durante o proceso de escavación

Tendo en conta que o proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 4 de decembro de 2020 así como a concesión dunha prórroga do prazo de execución deste investimento ata o 30 de xuño de 2021 mediante a Resolución da Presidencia número 2020/38679, do 26 de novembro de 2020

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora e acondicionamento da Rúa Nova e da Rúa do Porto de Camelle”, do Concello de Camariñas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0418.0, que foi aprobado mediante o acordo plenario desta deputación do 16 de maio de 2018 en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que está adxudicado e certificado parcialmente por importe de 63.947,77€, e quedando pendente de certificar 38.481,98 €, que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria dado que para unha correcta execución da pavimentación faise necesario substituír a capa de rodaxe

flexible prevista no proxecto inicial por unha ríxida de acordo coa natureza do terreo, o que implica un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Camariñas tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Camariñas Código 2018.2200.0418.0 "Mellora e acondic. R/Nova e R/do Porto de Camelle"	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	Adxudicación
Deputación Préstamo	130.788,86	102.456,75	130.788,86	102.456,75	0,00
Achega concello	0,00	0,00	15.490,45	12.134,84	12.134,84
Total	130.788,86	102.456,75	146.279,31	114.591,59	12.134,84

O financiamento do préstamo provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/9435/82120 do vixente orzamento provincial."

17.- Aprobación do 2º proxecto modificado da obra denominada "Rehabilitación do antigo Cine París para centro cultural, 1ª Fase" do Concello de Muros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2100.0032.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018

Logo de ver que no Anexo V a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+2018 con cargo á achega 2018, no que figura, entre outras, a obra do concello de Muros denominada "Rehabilitación do antigo Cine París para centro cultural, 1ª Fase", co código 2018.2100.0032.0 coa condición da presentación do informe de supervisión técnica favorable do proxecto técnico da obra

Logo de ver que mediante acordo plenario desta Deputación, do día 30 de novembro de 2018, aprobouse un proxecto modificado da obra que levantaba a condición suspensiva á que quedara condicionada no acordo plenario de aprobación do plan,

polo que se aprobou definitivamente o investimento.

Logo de presentar o Concello de Muros un segundo proxecto modificado desta obra, sen variación no seu orzamento, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello, e demais documentación técnica e administrativa necesaria para a súa xustificación e que así mesmo conta co informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o segundo proxecto modificado da obra do Concello de Muros denominada “Rehabilitación do antigo Cine París para centro cultural, 1ª Fase”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+2018, co código 2018.2100.0032.0, que foi aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, cun orzamento de contrata de 296.070,74 €, que non supón ningunha variación no seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial, nin varía o seu obxecto nin a sua finalidade, aínda que supón unha variación nas suas partidas internas para adaptalas ás circunstancias sobrevenidas que provocaron unha grave situación de degradación nas obra

2018.2100.0032.0	**POS+2018 “Rehabilitación do antigo Cine París para centro cultural,1ª Fase”**	
	Orzamento de contrata	**Orzamento de adxudicación**
Deputación	225.404,88	225.404,88
Concello	70.665,86	40.660,36
Total	**296.070,74**	**266.065,24**

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar esta resolución ao Concello de Muros para os efectos oportunos."

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provinciual da Coruña e a Asociación Gallega de Organizadores Profesionales de Congresos (OPC) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Congreso nacional OPC Spain 2020".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da esta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O proxecto a subvencionar consiste principalmente en fomentar e profesionalizar a organización de congresos cuxos obxectivos son os seguintes:

- Que exista un referente de calidade para os organizadores
- Que os organizadores teñan certeza de que estean a contratar os mellores profesionais.
- Aportar a súa experiencia como o mellor aval para o éxito do seu congreso
- Contribuir a consolidar o prestixio do sector.

O Congreso está asentado sobre unha serie de piares básicos a tratar nas ponencias:

- Sostenibilidade dos eventos.
- Adaptación á crecente tecnoloxización do entorno.
- Novas fontes de financiación.
- Búsqueda de novos destinos, consolidación dun destino MICE. O Xacobeo 2021
- A Seguridade e prevención nos congresos.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN GALLEGA DE ORGANIZADORES PROFESIONALES DE CONGRESOS (OPC) con CIF G15488711 para financiar o proxecto "CONGRESO NACIONAL OPC SPAIN 2020" cun orzamento total de **131.929,93 €**

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de **30.000,00 €** euros, cunha porcentaxe de financiamento do 22,739 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo con as previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481.

6º O presente acordo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 con que facer frente á achega provincial.

7º Dada a imposibilidade do cumprimento dos prazos indicados na proposta inicial, modifícanse e amplíanse os mesmos, para posibilitar o cumprimento por parte da asociación.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "CONGRESO NACIONAL OPC SPAIN 2020"

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte ..... en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte, ..., en representación do ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA consideran de gran interese para a provincia financiar a celebración dun congreso de organizadores profesionais de congresos, piar básico do turismo congresual.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA**, CIF G15488711, **,** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "CONGRESO NACIONAL OPC SPAIN 2020" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA leva a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	importe
PROMOCIÓN RR.PP.(Web, imaxe, redes, prensa, sinalética, fotografía)	**6.650,00 €**
FORO MICE (aloxamento, transfer, traslados, catering, espazos,etc)	**3.426,00 €**
INFRAESTRUCTURAS (Montaxe ferial, espazos, aluguer)	**26.479,00 €**
CATERING CONGRESO	**10.400,00 €**
PERSOAL (Limpeza, seguridade, traductores, auxiliares, persoal técnico)	**4.010,00 €**

CONGRESO (paneles e ponentes)	**16.400,00 €**
PROGRAMA SOCIAL (visitas, Camino Santiago, etc.)	**32.788,00 €**
Organización -gastos xerais	**3.880,00 €**
SECRETARÍA	**5.000,00 €**
TOTAL	**109.033,00 €**
IVE	**22.896,93 €**
TOTAL IVE ENGADIDO	**131.929,93 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 22,739%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 22,739% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/481.00, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo

xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de marzo de 2020.
2. Unha vez rematadas as actividades, o ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1 O ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento

deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de marzo de 2020, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de agosto do 2021, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA non poida ter presentada a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2021**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de

xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do ASOCIACIÓN DE OPC DE GALICIA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación, O Representante da ASOCIACION

O Secretario Provincial"

19.- Aprobación da proposta de designación do representante da Deputación na Mesa de traballo dos camiños Inglés e Fisterra-Muxía

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"O patrimonio cultural da Comunidade Autónoma de Galicia é un dos seus maiores tesouros, caracteriza e proporciona unha identidade única ao pobo galego no transcurso da súa historia ata a actualidade. Débese ter presente o legado recibido, ser conscientes do valor tanto material como inmaterial herdado.

Este legado non pode caer no abandono, por iso xurde o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia, órgano exclusivo que concentra as competencias sobre o seu patrimonio cultural segundo se reflicte na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en adiante, LPCG). Esta lei ten como obxecto a protección, defensa, coidado, conservación e a procura do fomento e difusión tanto nacional como internacional de dito patrimonio cultural. Unha parte dese patrimonio é o conformado polos Camiños de Santiago, que en base ao artigo 73.2 da LPCG, recoñécense como rutas principais o Camiño Francés, o Camiño do Norte, o Camiño Primitivo, o Camiño Inglés, o Camiño Fisterra-Muxía, o Camiño Portugués, o Camiño

Vía da Prata e o Camiño de Inverno.

O Camiño Inglés atravesa os seguintes concellos: Ferrol, Narón, Neda, Fene, Paderne, Cabanas, Pontedeume, Betanzos, Miño, Cambre, Culleredo, Carral, Abegondo, Mesía, Ordes, Oroso, A Coruña, e Santiago de Compostela.

E o Camiño Fisterra-Muxía discorre por: Santiago, Ames, Negreira, Santa Comba, Mazaricos, Dumbría, Cee, Corcubión, Fisterra e Muxía.

As Mesas de Traballo dos Camiños son órganos de cooperación que reúnen administracións, asociacións e todo ente interesado no fomento das rutas xacobeas, e neste caso do Camiño Inglés e do Camiño Fisterra-Muxía.

O Plan Director e Plan Estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021 e un proxecto impulsado pola Xunta de Galicia que pretende definir as liñas xerais e actuacións prioritarias para atender con criterios de excelencia ao Peregrino do 2021 (próximo Ano Santo), e foi aprobado o 24 de setembro de 2015, polo Consello Asesor da Xunta de Galicia.
O Plan atende aos seguintes obxectivos prioritarios:

- Protexer e preservar o Camiño para garantir a pervivencia da súa identidade e a posta en valor do seu patrimonio.
- Responder ás necesidades do peregrino do século XXI.
- Fomentar a cohesión social e o equilibrio territorial.
- Contemplar o Camiño como un elemento de fortalecemento da marca Galicia, baseándose en aspectos como: a experiencia do peregrino con criterios de seguridade e excelencia, a transcendencia do propio Camiño e a consideración do Camiño como embaixador de Galicia a nivel nacional e internacional.

Para dar respostas ás principais demandas recollidas dos diferentes axentes na fase de consulta ao sector, o Plan Director do Camiño de Santiago establece oito liñas estratéxicas xerais coas súas correspondentes actuacións prioritarias nas que se integran, entre outras:

1.- Coordinación e organización administrativa.
2.- Preservación e potenciación dos valores patrimoniais do Camiño de Santiago.
3.- Conservación e mantemento do Camiño de Santiago.
4.- Camiño de Santiago medio ambientalmente sostible.
5.- Fortalecemento de Santiago de Compostela como meta da ruta xacobea.
6.- Potenciación de todas as rutas de peregrinación a Santiago.
7.- Especialización e calidade do Servizo de atención ao peregrino.
8.- Investigación, comunicación e divulgación do Camiño e da cultura Xacobea.

Dentro destas liñas estratéxicas, as deputacións asumirán especificamente un papel de axente principal na primeira das liñas de actuación apuntadas, de coordinación e organización administrativa.

No plan de actuacións de fomento da cooperación administrativa estarán implicados:

- Como axente coordinador: Turismo de Galicia e a Presidencia da Xunta.

- Como axentes principais: Consellerías da Xunta, Deputacións e Concellos do Camiño de Santiago e órganos coordinadores.
- Como axente colaborador: Administración Xeral do Estado.

O Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2021, na acción recollida no punto 1.1.2, establece que serán as deputacións as responsables de crear as Mesas de Traballo para todos aqueles Camiños que non teñan órgano coordinador, co obxectivo de facilitar o diálogo entre os concellos e elaborar e canalizar as propostas de mellora segundo as necesidades existentes, identificando as boas prácticas que podan extrapolarse a novas mesas. É, segundo o Plan, unha actuación prioritaria.

O Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Designar como representante da Deputación Provincial da Coruña na Mesa ao Deputado de Economía e Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime interior, D. Antonio Leira Piñeiro como titular e ao Deputado de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais, D. José Manuel Pequeño Castro como suplente.

2º. Notificar o acordo de Pleno á Mesa dos Camiños Inglés e Fisterra Muxía."

20.- Aprobación da proposta de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Narón para financiar o proxecto denominado "Rehabilitación do Muiño de Xuvia"" (Convenio 95/2019)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Estimar a solicitude do Concello de Narón do 26/11/2020 na que se solicita a prórroga do convenio nº 95/2019 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas á REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE XUVIA.

O convenio tiña unha vixencia inicial de 31 de decembro de 2020, recollendo nas súas cláusulas que o Concello, en caso de de precisar dunha prórroga debería solicitala antes do 30 de novembro de 2020.

A entidade achegou o documento dentro das datas previstas para o mesmo, cumprindo estrictamente coas cláusulas do convenio.

A entidade solicita prórroga do convenio polas seguintes razóns:

-A propia dificultade, pola magnitude a natureza da obra, na confección dos pregos técnicos e administrativos que rexen ambas licitacións.

-A suspensión de prazos administrativos motivados pola situación sanitaria provocada polo COVID-19, que retrasou a publicación dos anuncios de licitación.

-A incursión das ofertas dos licitadores en presunción de anormalidade, ao superar os límites establecidos nos pregos para seren consideradas inicialmente como anormalmente baixas; o que require dunha minuciosa análise para seren admitidas ou excluídas da licitación.

-A necesidade, de declarar desertos dous dos lotes (Dirección de Obra e Dirección de Execución), pola inexistencia de ofertas presentadas nos prazos establecidos, e a necesidade de proceder neste caso a unha nova licitación; o que á súa vez imposibilita o comezo da obra ata que estes servizos estean contratados.

Propónse a prórroga da vixencia do mesmo segundo a solicitude da entidade, é dicir:

- Nova data de vixencia do convenio: **31 de outubro de 2021**
- Nova data de xustificación do convenio: **31 de outubro de 2021**

2º Aprobar a prórroga do convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE NARÓN con CIF P1505500G, para financiar a “REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE XUVIA” cun orzamento total de 1.307.842,39 €

3º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 400.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 30,5847 %.

4º A nova data de vixencia e xustificación do convenio quedará fixada no 31 de outubro de 2021

5º O presente acordo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 con que facer frente á achega provincial."

21.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o concello de Noia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do proxecto "Promoción reactivación sector turístico".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a cooperación e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. A proposta de subvención plantexa a posta en valor do amplo e valioso patrimonio cultural que atesoura este territorio e na dinamización turística principalmente mediante a proxección mediática do municipio a través das novas tecnoloxías.

As liñas de acción que comprende a memoria concrétanse na creación da marca turística de Noia, a estratexia web do Destino e a estratexia de marketing dixital do destino, destacando o social media marketing: as redes sociais, o marketing de contidos e o posicionamento SEO. Ademais dun plan de reactivación turística da hostalería a través de concertos gratuítos na Vila.

Este plan de acción xera consumo, mantén sinais de identidade e concede visibilidade ás actividades locais, á gastronomía, ás paisaxes e ao patrimonio. Faino, ademais, en épocas nas que é absolutamente necesario estimular o dinamismo, o cal permite aproveitar os recursos, favorecendo a continuidade no movemento económico e concedendo un papel moito máis integral para o destino.

O proxecto reviste unha singularidade especial no que atinxe á diversidade de actuacións que abrangue, cinguíndose en todo caso ao sector turístico, que por si mesmos constitúen factores que xustifican a non aplicación de procedementos de concorrencia por mor de que se trata dun proxecto que aglutina accións intimamente interrelacionadas pero ao mesmo tempo singularmente específicas e dispares no que se refire, entre outras consideracións, ao contido e métodos e instrumentos de creación que en todo caso conflúen no obxectivo principal de fomentar o turismo da zona como recurso endóxeno xerador de riqueza e, en todo caso, de alcanzar, proxectar e persuadir aos cidadáns do abundante e sobranceiro patrimonio natural, paisaxístico e histórico-cultural enaltecedor da elevada potencialidade deste territorio como destino turístico.

3º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE NOIA con CIF P1505800A, para financiar o "PROMOCIÓN REACTIVACIÓN SECTOR TURÍSTICO " cun orzamento total de 18.389,58 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 14.520,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 78,96 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

6º O presente acordo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 con que facer frente á achega provincial.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE NOIA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do proxecto "PROMOCIÓN REACTIVACIÓN SECTOR TURÍSTICO".

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte ....., en representación do CONCELLO DE NOIA

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

EXPOÑEN

1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE NOIA consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "PROMOCIÓN REACTIVACIÓN SECTOR TURÍSTICO", coa finalidade de impulsar diversas actividades a desenvolver co cometido de afondar na posta en valor do amplo e valioso patrimonio cultural que atesoura o territorio municipal e na dinamización turística principalmente mediante a proxección mediática do municipio a través das novas tecnoloxías.

2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE NOIA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE NOIA, con CIF P1505800A , fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do "PROMOCIÓN REACTIVACIÓN SECTOR TURÍSTICO".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

CONCEPTO	IMPORTE
Realización e impresión de 10.000 dípticos co mapa turístico, rutas, destinos, etc	1.873,08 €
Plan turístico plasmado en concertos gratuitos para reactivar a hostelería	8.470,00 €
Creación da marca turística de Noia, portal de turismo e a estratexia de márketing dixital do destino	8.045,50 €
TOTAL	**18.389,58 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 14.520,00 €, o que representa unha porcentaxe do 78.96 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78.96 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE NOIA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE NOIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE NOIA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE NOIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DE NOIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE NOIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE NOIA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE NOIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE NOIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA teñen carácter retroactivo, e abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE NOIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE NOIA da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE NOIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE NOIA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se deveñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1 O CONCELLO DE NOIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE NOIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos

xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE NOIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE NOIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE NOIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se deveñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE NOIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE NOIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de maio do 2021, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de agosto do 2021.

2. O CONCELLO DE NOIA deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 30 de xuño de 2021.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE NOIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DE NOIA,

O Secretario Provincial"

22.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o concello de Outes polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do "Plan de promoción turística do concello de Outes".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a cooperación e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O proxecto pretende xerar sinérxias entre os diferentes actores involucrados, tanto do sector público como do privado.

Trátase de xenerar espazos de encontro e de traballo para que o sector privado poida interactuar e ofertar os recursos existentes cara o seu público obxectivo. É necesario que a implicación do sector público vaia encamiñada cara a promoción do conxunto dos recursos e cara o mantemento e posta en valor dos elementos mais significativos que nos confiren autenticidade e identidade propia xa que están ligados a historia das xentes da nosa contorna. Preténdese crear e posicionar a MARCA (en Outes!) e que sexa recoñecible e pase a ocupar un espazo na mente dos consumidores e que teña como base a esencia e as emocións dos elementos principais dos que dispoñemos no territorio.

Con estes obxectivos marcados o plantexamento é o seguinte:

– Realizar unha campaña promocional atractiva que poña no mapa ao Concello de Outes e axude a descubrir todos os atractivos que agocha.

O mercado turístico require alternativas que permitan superar a estacionalidade e asegurar a estabilidade sectorial. O proxecto trata de:

• Fortalecer a imaxe de marca, “en Outes” . Mediante a Imaxe Corporativa, manter unha liña de acción en todos os formatos publicitarios e de comunicación que se elaboren e que pouco a pouco sexa recoñecida nos ámbitos de interese.

• Canalizar as distintas opinións para detectar aquelas posibles desviacións dos obxectivos. Lograr que todas as parte implicadas no turismo se identifiquen coa proposta e que entre todos posicionemos o destino nun lugar de privilexio nun mercado altamente competitivo.

• Conseguir a satisfacción do viaxeiro, xa que será o mellor representante. É fundamental que o visitante teña unha imaxe adecuada do concello, que se sinta como partícipe directo dos logros conseguidos. Que cando volte a súa casa transmita eses sentimentos con todo o seu entorno familiar e laboral e sobre todo que teñas gañas de voltar porque lle quedou a sensación de que ten algo por descubrir.

• E de vital importancia que os contidos que se vaian xerando teñan un compoñente experiencial, que desperte o interese no turista e que lle xenere un sentimento de vinculación emocional e que o axude a decidir o lugar onde quere pasar as súas vacacións.

3º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE OUTES con CIF P1506300A , para financiar o “PLAN DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE OUTES” cun orzamento total de 22.192,45 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 17.753,96 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos

fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

6º O presente acordo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 con que facer frente á achega provincial.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE OUTES polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do "PLAN DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE OUTES".

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte ....., en representación do CONCELLO DE OUTES

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

EXPOÑEN

1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE OUTES consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "PLAN DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE OUTES ", coa finalidade de posicionar os recursos turísticos do concello e visibilizar a Ruta da Carpintaría de Ribeira.

2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE OUTES, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE OUTES, con CIF P1506300A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do "PLAN DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE OUTES ".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

CONCEPTO	IMPORTE
Imaxe corporativa	611,05 €
Guía	
Deseño e Montaxe	3.751,00 €
Impresión	1.548,80 €
Arquivo fotográfico	
Arquivo	600,00 €
Expo Fotos e Anagrama	677,60 €
RRSS	1.210,00 €
Vídeo turístico	8.470,00 €
Publicacións medios tradicionais	
Edit. Compostela	1.210,00 €
TVG	726,00 €
La Voz de Galicia	1.452,00 €
Canal Barbanza	1.936,00 €

TOTAL	**22.192,45 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 17.753,96 €, o que representa unha porcentaxe do 80.00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80.00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE OUTES obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE OUTES. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE OUTES, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE OUTES deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DE OUTES tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE OUTES.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE OUTES, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE OUTES, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE OUTES deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA teñen carácter retroactivo, e abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII..

2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE OUTES para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE OUTES da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE OUTES na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE OUTES terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se deveñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1 O CONCELLO DE OUTES deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa

comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE OUTES destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE OUTES deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE OUTES poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE OUTES queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se deveñan

desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE OUTES serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE OUTES será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xullo de 2020 ata o 30 de decembro do 2020, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de xullo do 2021.

2. O CONCELLO DE OUTES deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de maio de 2021.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE OUTES, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DE OUTES,

O Secretario Provincial"

23.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Deportiva e Cultural OCR Allariz polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "O Camiño Race".

INTERVENCIÓNS

Sr. presidente

Este punto queda retirado ata o próximo Pleno.

Sr. Secretario

Isto hai que votalo, está na orde do día, se se propón a retirada hai que votala.

Vótase a retirada do punto da orde do día.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Acórdase por unanimidade retirar o punto da orde do día.

24.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a novembro de 2020 e proxección a 31/12/2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de novembro de 2020, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2020 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

25.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de novembro de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e

Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de novembro de 2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de novembro de 2020.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de novembro de 2020.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

26.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2020 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2020 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

27.- Dación de conta das liquidacións provisionais da recadación do 1º e 2º trimestre de 2020 dos conceptos entregables e non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse de conta das liquidacións provisionais da recadación do 1º e 2º trimestre de 2020 dos conceptos entregables e non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

28.- Dación de conta da información complementaria ás propostas de dación de conta da liquidación provisional da recadación da voluntaria do 1º semestre e das liquidacións provisionais do 1º e 2º trimestre de conceptos entregables e non entregables de 2020.

Dáse conta da información complementaria ás propostas de dación de conta da

liquidación provisional da recadación da voluntaria do 1º semestre e das liquidacións provisionais do 1º e 2º trimestre de conceptos entregables e non entregables de 2020.

29.- Aprobación da modificación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Modificar o texto da Ordenanza Xeral de Subvencións e transferencias da Deputación da Coruña que afecta aos seguintes apartados, cuxo texto definitivo queda redactado como se indica:

Art. 5.1. Terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa física ou xurídica, pública ou privada, que vaia realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento na situación que lexitima a súa concesión.

Art. 5.4. Só poderá concederse, para o mesmo obxecto, unha subvención anual por persoa xurídica. Só por razóns extraordinarias e urxentes serían compatibles as subvencións de concurrencia competitiva cunha concesión directa para persoa xurídica, para diferentes obxectos.

Co fin de que non se eluda o cumprimento deste límite, considerarase que existe só una persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

Art. 9.2.g) A designación dos membros da comisión técnica realizarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Art. 16.1. Cando unha persoa interesada considere que unha actividade ou proxecto deba ser obxeto dunha subvención de concesión directa, poderá presentar unha solicitude achegando unha memoria detallada con datos técnicos, xurídicos, orzamentarios e temporais, na que se xustifique:

a) As razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación Provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, deba contribuir económicamente no desenvolvemento da actividade ou proxecto,

e impidan ou dificulten acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plan da Deputación.

b) O orzamento da actividade ou proxecto.

Art. 16.2. Ademais, deberá de achegarse a documentación seguinte:

a) Documentación económico financieira que poña de manifesto a falta de financiación propia: contas anuais do último exercicio económico, liquidación do imposto de Sociedades, salvo en caso de estar exentas da súa presentación, consonte o artigo 124 da Lei do Imposto de Sociedades, o balance de comprobación de sumas e saldos emitido á data da solicitude. No caso de entidades públicas, deberá aportar un estado de execución do orzamento, emitido á data da solicitude.

b) Certificado do acordo da asamblea de socios, patronato ou claustro, e, no caso de que o solicitante sexa un concello ou entidade local, certificado do acordo do Pleno da Corporación, no que conste o interese público provincial da solicitude da subvención provincial. Neste acordo deberá facerse constar o importe da subvención solicitada e do coeficente de financiación proposto.

Art. 26.2. Parágrafo eliminado

Art. 27.2. O pagamento terá que realizarse no prazo máximo de catro meses desde que a persoa beneficiaria presentara completamente a documentación xustificativa.

Addenda á Disposición Transitoria. Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza, rexeranse pola normativa que no seu momento lle fose de aplicación, en todo o que sexa máis favorable á persoa beneficiaria.

2º. Co fin de darlle cumprimento ao disposto no artigo 49.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto consolidado da ordenanza que se transcribe, por un período de trinta (30) días hábiles, co fin de que durante este se poidan formular as reclamacións que se consideren oportunas. De non se presentaren reclamacións, a dita ordenanza entenderase definitivamente aprobada:

"ORDENANZA XERAL REGULADORA DAS SUBVENCIÓNS E TRANSFERENCIAS OUTORGADAS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

TEXTO CONSOLIDADO

I. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a célebre definición de JORDANA DE POZAS, a acción de fomento que realiza a Administración pública ten por obxecto promover aquelas actividades, establecementos ou riquezas que, xeradas pola iniciativa particular, resulte

conveniente apoialas por satisfacer necesidades públicas ou seren de utilidade xeral, sen utilizar a coacción nin crear un novo servizo público. Deste xeito, a acción de fomento vén a distinguirse claramente da realización de actividades ou servizos pola propia administración, xa que nesta segunda a iniciativa parte sempre dela mesma, na execución directa das competencias que ten asumidas, namentres que na primeira, a iniciativa ou ben provén do sector privado ou ben doutra administración pública, para logo ser fortalecida e mellorada polo pulo económico da acción de fomento, mediante a concesión de subvencións ou outras achegas.

Tal como moi ben explica a exposición de motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, unha parte significativa da actividade financeira das administración públicas recibe canle a través das subvencións, dando apoio e resposta a demandas sociais e económicas de entidades públicas e privadas. Neste ámbito, a Deputación da Coruña dirixe a súa acción, por unha banda, cara aos concellos que conforman provincia e demais entidades locais, cooperando primordialmente na mellora das infraestruturas e servizos municipais básicos; pola outra, procura o desenvolvemento cultural, deportivo, social e económico da provincia, cooperando coas entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no noso territorio e, desde datas máis recentes, tamén coas empresas privadas, axudando a mellora do tecido produtivo e a creación de emprego.

Para levar a cabo a súa acción de fomento, a Deputación aproba anualmente o seu orzamento dotando os créditos necesarios nos capítulos IV e VII do estado de gastos, no marco e con pleno respecto aos principios de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, co obxectivo de que esta parte tan significativa do gasto público aprobado polo Pleno da Corporación teña un efecto multiplicador na economía provincial e xere riqueza no conxunto do territorio. Para este fin, a posterior execución destes créditos debe administrarse co maior rigor xurídico e procurando a máxima eficiencia económica. O primeiro límite da xestión atópase, xa que logo, no estrito cumprimento do Principio de legalidade, ao que administración está vinculada positivamente mediante unha lei habilitante ("*Quae non sunt permissa prohibita intelliguntur*"). Neste senso, calquera programa de subvencións ten que estar debidamente ancorado nalgunha das competencias que lle atribúe ás deputacións o artigo 36 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, coa importante reforma levada a cabo pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local, que precisamente pretendeu darlle un pulo de reforzamento ás deputacións.

Pero o respecto ao marco competencial invocado e demais lexislación aplicábel non abonda para conseguir a consecución dos obxectivos ao menor custo, isto é, a consecución da eficiencia económica. Para o cumprimento deste segundo principio ou límite da xestión, devén conveniente e mesmo necesaria a aprobación dun plan estratéxico, no que previamente estean definidos os obxectivos que se pretenden conseguir; agora ben, sendo vontade desta Corporación a redacción e aprobación deste plan, considerouse prioritario articular unha norma propia que aplique e concrete para a nosa organización a lexislación de carácter xeral nesta materia.

Coa finalidade exposta, a presente ordenanza regula aqueles apartados que precisan dun desenvolvemento regulamentario, non só pola esixencia legal de que as bases reguladoras se aproben a través dunha ordenanza xeral ou específica de cada modalidade (artigo 17.2 da Lei xeral de subvencións), senón tamén coa ansia de conseguir maior seguridade xurídica, outorgándolle carácter normativo a aquelas prácticas e criterios seguidos por esta administración na aprobación das convocatorias, actos de concesión e formalización de convenios, xustificación e control das subvencións pagadas nos derradeiros anos.

Por outra banda, como é ben coñecido, ata o de agora o Pleno da Corporación xa lle dera a súa aprobación a unha Ordenanza provincial reguladora do control financeiro e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP número 116, do 22 de xuño de 2015), desenvolvemento regulamentario parcial que se considerou necesario –especialmente en materia sancionadora-, logo da experiencia acadada no exercicio do control financeiro que vén realizando con medios exclusivamente propios o persoal funcionario da Intervención dende o ano 2006. Pero, aínda sendo de recente aprobación, xa dende o primeiro momento da súa aplicación observáronse algúns apartados que poden ser obxecto dunha maior concreción, particularmente no ámbito da graduación das sancións. Igualmente, a posterior aprobación e entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así coma do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, veu derrogar de xeito tácito e pola aplicación do principio de xerarquía normativa algunhas das súas disposicións, polo que xa non resultan de aplicación no momento presente.
Centrándose agora no texto articulado que se desenvolve deseguido, cómpre advertir de antemán que se ten seguido unha técnica normativa propia do ámbito tributario estatal e tamén común na lexislación europea, consistente en darlle só regulación a aqueles apartados, requisitos ou trámites sobre os que non existe disposición similar de rango legal ou regulamentario de carácter xeral, evitando na medida do posible reproducir literalmente as disposicións xa contidas naquelas normas de rango superior, sendo o texto resultante unha norma aclaratoria e de adaptación a esta administración, sen pretender en ningún caso abranguer e codificar de xeito integrador e sistemático toda a normativa sobre as subvencións. Por tal razón, tanto os operadores xurídicos que teñan que aplicar este texto coma os seus destinatarios, deberán incardinar cada un dos preceptos no marco da regulación xeral contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no regulamento desta lei aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (a meirande parte dos seus preceptos son de carácter básico e, xa que logo, de preferente aplicación á lexislación autonómica) e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (que vén a reproducir case na súa totalidade a lei estatal básica).
Logo das disposicións xerais de carácter introdutorio (capítulo I), este texto normativo céntrase nos procedementos de concesión das subvencións, fixándose os criterios e trámites propios para o outorgamento daquelas no réxime ordinario de concorrencia competitiva, así coma o réxime singular e excepcional para o outorgamento directo das chamadas subvencións nominativas, estremando o rigor e as esixencias procedementais para evitar a falla de motivación e mesmo a arbitrariedade (sección segunda). Seguidamente regúlase no capítulo III o réxime de xustificación, concretando especialmente os requisitos formais da documentación xustificativa que se veñen esixindo nesta Deputación, así como regulando con precisión o concepto de coeficiente de financiamento e a fórmula para a súa determinación. Tamén se incorporan a este capítulo as disposicións que acomodan os prazos de xustificación ao principio de imputación temporal dos créditos contido no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e na normativa orzamentaria e contable de desenvolvemento.
O capítulo IV regula o procedemento de control financeiro, modificando as disposicións contidas na ordenanza en vigor para adaptalas ao Regulamento do réxime xurídico de control interno das entidades do sector público local (RD 324/2017, do 29 de abril). Igualmente, mellórase o actual texto normativo delimitando con precisión as competencias do órgano interventor e a súa desconcentración, a

distribución de funcións e, no apartado procedemental, introducindo a posibilidade de que se insten probas complementarias polas persoas interesadas no trámite de alegacións.
O capítulo seguinte é moi breve e está adicado ao procedemento de reintegro, limitándose a atribuír ao órgano interventor a súa instrución e precisando a distribución de funcións. Esta atribución xa fora realizada por resolución de Presidencia, ao seren tanto este procedemento coma o sancionador, procedementos derivados que se instrúen na meirande parte dos supostos a consecuencia da conclusión obtida nos procedementos de control financeiro, polo que resulta máis operativo e funcional que sexa persoal da propia Intervención o que execute os seus propios informes. Neste mesmo senso, un anteproxecto de modificación da Lei xeral de subvencións que se coñeceu no ano 2016 xa tiña previsto tamén esta atribución dos reintegros á Intervención Xeral do Estado.
No capítulo VI desenvólvese a potestade regulamentaria no exercicio da potestade sancionadora nesta materia, tal como habilita especialmente o artigo 64 da Lei xeral de subvencións. Con pleno respecto ao principio de reserva de lei nesta materia, o presente texto normativo só introduce concreción nas condutas que poden ser constitutivas de infraccións leves, sen que nada novo se regule con respecto ás condutas que poden ser constitutivas de infraccións graves ou moi graves. Logo, no apartado de sancións, dado que se require a concreción dos criterios de gradación, a ordenanza limítase a regulalos, para que a actuación do instrutor do expediente estea debidamente regulada, limitándose a aplicar automaticamente estes criterios normativos. Dado que as sancións graves e moi graves poden ter contías certamente significativas e de moi difícil asunción e pagamento por parte das persoas beneficiarias de subvencións (especialmente as entidades non lucrativas) aprovéitase tamén este texto normativo para aumentar as porcentaxes de redución das sancións para os casos nos que a persoa infractora recoñeza a súa responsabilidade e proceda ao pagamento voluntario da sanción imposta, renunciando a presentación de recursos en vía administrativa e se comprometa ao pagamento inmediato, tal como permite o artigo 84 da Lei 39/2015. As porcentaxes mínimas do 20 por cento elévanse ata o 30 por cento, polo que o recoñecemento da responsabilidade e o pago en período voluntario suporá unha redución do 60 por cento do importe da sanción.
Finalmente, considérase conveniente aproveitar este texto normativo para establecer normas regulamentarias respecto á xestión, pagamento e posterior control de achegas económicas que non son propiamente subvencións, segundo o concepto legal establecido no artigo 2 da Lei xeral de subvencións, pero que teñen natureza análoga ao seren transferencias correntes ou de capital que se outorgan sen contraprestación directa da persoa beneficiaria. Así regúlanse neste derradeiro capítulo as cotas de socio e transferencias correntes e de capital a entidades nas que está integrada esta Deputación ou poida integrarse no futuro, de xeito que tamén con respecto a estas achegas de diñeiro se lles poidan aplicar aqueles obxectivos de rigor procedemental no seu outorgamento, eficiencia na súa aplicación e sometemento ao debido control.
En virtude destas consideracións, de conformidade coa atribución conferida ao Pleno no artigo 33.2, apartado b), da Lei 7/85, de bases de réxime local, preséntase para a súa aprobación, logo do ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, o seguinte texto normativo de **ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS E OUTRAS TRANSFERENCIAS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.**

II. TEXTO ARTICULADO

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Habilitación legal.

1. No exercicio da potestade regulamentaria que lle confire ás deputacións provinciais o artigo 4.1 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e consonte á habilitación legal específica que se permite neste ámbito de acción administrativa nos artigos 17.2, 64 e disposición adicional décimo cuarta da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regúlanse a través desta ordenanza o desenvolvemento normativo necesario para a concesión, xestión, fiscalización e pagamento de subvencións e outras achegas sen contraprestación, así como os procedementos de control financeiro, de reintegro e os que se tramitan para o exercicio da potestade sancionadora.
2. Con pleno respecto ao principio de xerarquía normativa establecido no artigo 9.3 da Constitución, os preceptos desta ordenanza serán de aplicación en todo o non disposto e regulado especificamente na Lei 38/2003, xeral de subvencións, no seu Regulamento de desenvolvemento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

1. A presente ordenanza será de aplicación a todas as subvencións que conceda a Deputación Provincial da Coruña, sexan en metálico ou en especie e con independencia do procedemento específico que se siga para o seu outorgamento. Igualmente, a regulación contida nos capítulos IV, V e VII resultará de aplicación as transferencias, cotas de socio e demais achegas sen contraprestación que se poidan acordar.

2. A aprobación, xestión e modificación dos plans de obras e servizos e doutros plans especiais que teñan coma beneficiarios os concellos que integran a provincia, rexerase polas súas disposicións específicas; non obstante, resultarán de plena aplicación ao control dos fondos as disposicións contidas nos capítulos IV e V, referidos respectivamente aos procedementos de control financeiro e de reintegro.

3. Na xestión de subvencións e axudas que poidan concederse e que estean financiadas pola Unión Europea ou por outras administracións públicas aplicarase, as normas recollidas nesta ordenanza terán carácter supletorio respecto da normativa específica que resulte de aplicación, ben sexa procedente da Unión Europea ou da administración da que procedan os fondos.

4. Os premios que se outorguen sen solicitude previa do beneficiario regularanse polas bases específicas aprobadas para este efecto.

5. As subvencións que teñan coma finalidade a cooperación internacional ao desenvolvemento regularanse polas súas normas específicas, de conformidade co disposto na disposición adicional décimo oitava da Lei xeral

de subvencións, aplicándose con carácter supletorio as normas contidas nesta ordenanza.

6. As disposicións reguladoras do procedemento de control financeiro (capítulo IV) e do procedemento de reintegro (capítulo V) resultarán igualmente de aplicación aos procedementos de tal natureza que instrúa o órgano interventor da Deputación, en virtude da delegación que poida ser acordada polos concellos da provincia. As disposicións relativas ao exercicio da potestade sancionadora e procedemento sancionador contidas no capítulo VI só resultarán de aplicación aos procedementos desta natureza que instrúa o órgano interventor, en virtude da delegación conferida polos concellos da provincia, cando estes non tiveran disposición específica aprobada nesta materia.

Artigo 3. Órganos competentes.

1. Compételle ao Pleno da Corporación a planificación da acción de fomento da Deputación, ben sexa mediante a aprobación dun plan estratéxico plurianual ou a través da aprobación do orzamento anual, no que se doten os créditos necesarios para levar a cabo tal acción nos ámbitos de cooperación coa prestación dos servizos públicos municipais e desenvolvemento cultural, deportivo, social e económico da provincia. Tamén lle compete a este órgano o exercicio da potestade regulamentaria nesta materia, mediante a aprobación, modificación ou derrogación de ordenanzas xerais ou sectoriais, así coma a concesión con carácter excepcional de subvencións directas de carácter nominativo, cando aprecie circunstancias de singularidade ou excepcionalidade que imposibiliten ou dificulten a súa convocatoria pública e logo de seguirse o procedemento regulado na sección segunda do capítulo II desta ordenanza.

2. A aprobación das convocatorias de subvencións, resolucións de concesión ou modificación, aprobación da xustificación e ordenación do pago ou, se é o caso, declaración da perda do dereito ao cobro, son atribucións que lle corresponden á Presidencia, sen prexuízo das delegacións que se poidan acordar en cada momento a prol da Xunta de goberno ou de calquera persoa deputada.

3. Baixo a dirección e impulso da Presidencia ou órgano no que poida delegar, a instrución de todos os expedientes é tarefa propia dos servizos administrativos aos que lles corresponda por razón da materia, que actuarán baixo a dirección do persoal funcionario que desempeñe a xefatura de cada un deles, a quen lle corresponderá a redacción e sinatura de todos os informes e propostas de acordo, sen prexuízo do asesoramento legal preceptivo atribuído legalmente á Secretaría Xeral e da fiscalización interna exercida polo órgano interventor.

4. O exercicio do control financeiro, tanto das subvencións e transferencias coma as dos concellos que deleguen esta competencia na Deputación, é atribución do órgano interventor, ao que lle corresponde a planificación desta tarefa segundo unha análise previa de riscos, e a posterior instrución dos expedientes, dándolle conta ao Pleno da Corporación do plan aprobado e dos resultados obtidos. Coa finalidade de acadar maior operatividade e eficacia, tamén se lle atribúe ao persoal deste órgano a instrución dos expedientes de

reintegro e sancionadores nesta materia.

Artigo 4. Os proxectos ou actividades subvencionadas.

1. Co fin de darlle estrito cumprimento ao apartado c) do artigo 2.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os proxectos ou actividades subvencionadas han de estar perfectamente descritos nos documentos técnicos ou memorias que acheguen as persoas solicitantes, debendo diferenciarse da actividade xeral que leven a cabo aquelas e explicando a utilidade pública ou interese social que se pretende acadar.

2. Ao proxecto ou actividade para a que se solicita a subvención deberán atribuírselle gastos e recursos específicos ou afectados que, malia que estean integrados no orzamento xeral da persoa solicitante, deberán ser obxecto dun seguimento contable específico. Igualmente, deberase detallar un cronograma para a súa execución ou desenvolvemento.

3. De ningún xeito se poderá outorgar unha subvención para executar un proxecto ou actividade que, no momento de presentarse a correspondente solicitude, xa estea completamente executado ou rematada aquela. Agora ben, no caso de que se produza unha demora na publicación da convocatoria dun programa de subvencións para actividades ordinarias de carácter anual, admitirase a solicitude para subvencionar aquelas xa realizadas ou en curso de execución no exercicio natural, outorgándolle en tal caso carácter retroactivo ao acto de concesión, de xeito que se poidan financiar os gastos devindicados dende que se inicie a actividade, sempre que se respecte o principio de imputación temporal de créditos establecido no artigo 176 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 5. As persoas beneficiarias: requisitos necesarios.

1. Terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa física ou xurídica, pública ou privada, que vaia realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento na situación que lexitima a súa concesión.

2. As persoas físicas beneficiarias deberán ter capacidade de obrar ou, noutro caso, actuar por medio da persoa que exerza a súa patria potestade, tutela ou curatela. As persoas xurídicas que formen parte do grupo dunha administración pública deberán acreditar a inscrición no inventario ao que se refire o artigo 83 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e as persoas xurídicas privadas a inscrición dos seus estatutos no rexistro público correspondente. Tratándose de asociacións constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito á asociación, deberán contar cun mínimo de 25 membros, agás as excepcións que motivadamente se poidan establecer nunha convocatoria específica.

3. Ademais dos requisitos dispostos con carácter xeral na lexislación básica estatal e autonómica, as persoas beneficiarias das subvencións, transferencias ou achegas provinciais, deberán contar cos seguintes requisitos adicionais:

   a) Ter o domicilio na provincia da Coruña ou acreditaren que as actividades e

investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia.

b) Dispor dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicación necesarias.

c) As persoas que ocupen a presidencia e secretaría da entidade e quen a represente perante a Deputación -no caso de ser distinta das dúas anteriores-, deberán dispor de certificado dixital que lles permita a sinatura electrónica de documentos.

4. Só poderá concederse, para o mesmo obxecto, unha subvención anual por persoa xurídica. Só por razóns extraordinarias e urxentes serían compatibles as subvencións de concurrencia competitiva cunha concesión directa para persoa xurídica, para diferentes obxectos.

   Co fin de que non se eluda o cumprimento deste límite, considerarase que existe só una persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

Artigo 6. As obrigas xerais de carácter formal: publicidade, contabilidade e arquivo da documentación.

1. Ademais de facer constar a colaboración da Deputación na información gráfica ou audiovisual relativa á persoa beneficiaria e as súas actividades, en cada convocatoria específica ou convenio regulador determinaranse de xeito detallado os medios de difusión para dar a coñecer o importe e a porcentaxe do financiamento provincial da actividade ou proxecto subvencionado.

2. As persoas beneficiarias deberán levar a contabilidade segundo a normativa que lles resulte aplicable, de xeito que quede garantido o rexistro dos gastos subvencionables e de todos os ingresos obtidos, diferenciando entre os recursos xerais e os afectados especificamente ao financiamento do proxecto ou actividade subvencionada. En todo caso, deberán contar polo menos coa seguinte información contable:

   - Rexistro cronolóxico de ingresos e gastos ou cobros e pagamentos, que deberá estar debidamente conciliado cos cargos e abonos das contas bancarias. Ao final de cada exercicio o documento ou libro que se forme pola agrupación destes rexistros deberá estar dilixenciado polas persoas que exerzan os cargos de presidencia, secretaría e tesourería da persoa xurídica.

   - Liquidación anual de ingresos e gastos, cun apartado específico para os ingresos e gastos imputables ao proxecto ou actividade subvencionada. Este documento deberá ser obxecto de aprobación pola asemblea, padroado ou órgano similar, deixándose constancia en acta das magnitudes ou resultados obtidos.

- Libro de inventario, no que se rexistren axeitadamente todos os bens e dereitos da persoa xurídica, así coma a rectificación anual por altas e baixas que se produzan, que deberá ser obxecto de aprobación pola asemblea, padroado ou órgano similar e dilixenciado polas persoas que exerzan a presidencia, secretaría e tesourería da entidade.

3. As persoas beneficiarias teñen a obriga de arquivar e conservar a documentación xustificativa da subvención ou achega recibida, así coma os rexistros e libros contables aos que se refire o apartado anterior, polo menos durante un período de catro anos desde que se cobrara o importe da subvención ou recibira a achega ou, no caso de subvencións para a construción, adquisición ou mellor de inmobilizado, durante o tempo de afectación do ben á finalidade pública ou interese social fomentado. Se neste período de tempo se producira un cambio do persoal directivo da persoa xurídica, deberá constar expresamente en acta a entrega ou traspaso desta documentación dos cargos saíntes ás persoas que tomen nova posesión da directiva, padroado ou órgano similar.

Artigo 7. O financiamento dos proxectos ou actividades subvencionadas.

1. Con carácter xeral e agás regulación específica prevista nas bases reguladoras, as subvencións que conceda a Deputación serán compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública ou entidade privada, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do límite regulado no apartado seguinte.

2. O importe que se perciba por cada subvención, illadamente ou en concorrencia con outros ingresos públicos ou privados obtidos para a mesma finalidade, non pode superar en ningún caso o custo da actividade ou proxecto subvencionado. Para o efecto de aplicación desta norma, a contabilidade da persoa beneficiaria deberá permitir distinguir os ingresos afectos á actividade ou proxecto subvencionado dos restantes recursos xerais dos que dispoña para o seu financiamento.

CAPÍTULO II: OS PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN E XESTIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 8. O procedemento ordinario e a excepcionalidade das subvencións de concesión directa.

1. Con carácter xeral e ordinario a Deputación da Coruña concederá as subvencións en réxime de concorrencia competitiva, mediante procedementos baseados na publicidade da convocatoria e nos principios de transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. Igualmente procurarase a maior eficiencia na asignación e utilización dos fondos públicos.

2. Só de xeito singular e excepcional, cando existan razóns de interese público, social, económico ou humanitario que imposibiliten a convocatoria pública e como tal estean acreditadas nunha memoria emitida polo servizo competente, poderá acordar o Pleno da Corporación a concesión dunha subvención directa ou de carácter nominativo.

3. Namentres non se teña aprobado o plan estratéxico de subvencións, entenderase que son obxectivos da acción de fomento provincial o desenvolvemento integral dos servizos municipais de carácter básico (nas subvencións que teñan como beneficiarios os concellos e outras entidades locais) e o apoio a sectores cultural, social, deportivo, económico e produtivo da provincia, sempre que desenvolvan a súa acción no seu ámbito territorial (nas subvencións a prol de persoas privadas). En todo caso, calquera gasto que se propoña deberá quedar supeditado na súa aprobación ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e o respecto á regra de gasto.

Sección primeira. O procedemento en réxime de concorrencia competitiva

Artigo 9. Incoación: a convocatoria.

1. O procedemento de concorrencia competitiva iníciase sempre de oficio, mediante a convocatoria aprobada polo órgano competente, no marco regulador desta ordenanza e de toda a normativa estatal e autonómica de superior xerarquía.

2. A convocatoria é un acto administrativo de carácter xeral, polo que deberá publicarse na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Boletín Oficial da Provincia. O seu contido mínimo será o seguinte:

   a) Invocación inicial da normativa de xeral aplicación, coa indicación expresa de que esta ordenanza reguladora ten o carácter de bases reguladoras.

   b) Contía máxima do gasto e crédito orzamentario ao que se imputa. No caso de que o gasto sexa tramitado con carácter de anticipado, deberá estar ditaminado favorablemente pola comisión informativa correspondente o proxecto do Orzamento xeral para o ano seguinte ou, a modificación orzamentaria que se estea a tramitar.

   c) Fundamento competencial no que se encadra a acción de fomento, no marco do plan estratéxico de subvencións ou orzamento anual, explicándose a finalidade de utilidade pública ou interese social que se pretende acadar.

   d) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditalos e documentos que deberán achegarse, coa indicación expresa de que todo o procedemento será tramitado por medios electrónicos a través da Plataforma SUBTEL ou calquera outra que a substitúa, incluídas as notificacións, requirimentos e, se é o caso, tramitación dos procedementos posteriores de control financeiro, reintegro e sancionador.

   e) Cadro de gastos que puideran resultar subvencionables, indicando as contas contables ás que resulten imputables, seguindo para tal efecto o Plan xeral de contabilidade, Plan de entidades non lucrativas ou calquera outra adaptación sectorial que resulte aplicable.

   f) Indicación dos órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento.

   g) A designación dos membros da comisión técnica realizarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no

Boletín Oficial da Provincia.

h) Criterios de valoración das solicitudes, nos termos que se regulan seguidamente.

i) Contía máxima e mínima de cada subvención que se vaia conceder fixada tanto en termos absolutos como porcentuais, mediante o establecemento dun límite superior e, se é o caso, inferior, ao coeficiente de financiamento do gasto que resulte subvencionable.

j) Prazo de presentación de solicitudes, de resolución provisional, manifestación da necesaria aceptación, resolución definitiva e notificación; de ser o caso, posibilidade de reformular a solicitude logo da concesión provisional, así coma a posibilidade de redistribuír entre as persoas beneficiarias o crédito orzamentario sobrante, no caso de non esgotarse o importe previsto na convocatoria. Tamén se poderá establecer unha reserva de crédito para atender aquelas solicitudes que, por circunstancias descoñecidas e acaecidas con posterioridade, non puideran ser presentadas en prazo.

k) Período de execución da actividade ou proxecto, indicando o prazo máximo para o seu remate e a posibilidade de pedir prórroga.

l) Publicidade que debe dar a persoa beneficiaria á subvención, con indicación dos medios posibles que ha utilizar para tal fin.

m) Posibilidade de efectuar pagamentos anticipados ou aboamentos a conta, así coma o réxime de garantías que, se é o caso, se teñan que presentar.

n) De ser o caso, incompatibilidade con outros ingresos ou achegas para a mesma finalidade.

o) Prazo e forma de xustificación, indicando a documentación que se terá que presentar.

p) Prazo máximo de pagamento.

Artigo 10. Os criterios de valoración das solicitudes.

1. Cada convocatoria fixará os criterios obxectivos para o outorgamento e cuantificación de cada subvención, fixándose a ponderación relativa atribuída a cada un destes.

2. Cando os posibles beneficiarios sexan os concellos ou outras entidades locais da provincia, deberán utilizarse algún dos seguintes criterios de baremación:

   - O carácter supramunicipal do proxecto ou actividade.
   - A superficie do termo municipal e o número de lugares poboados.
   - O custo do servizo
   - A poboación da entidade local e a súa distribución en función de distintos estratos que ponderen o grao de envellecemento, a poboación infantil existente, o nivel de desemprego ou a adicación a

determinado sector produtivo.

3. Cando sexan entidades non lucrativas as posibles persoas beneficiarias, escolleranse algún dos seguintes criterios:

    - A supramunicipalidade do proxecto ou actividade.
    - O número de persoas beneficiarias do proxecto ou actividade.
    - Os recursos persoais e materiais cos que contan as entidades.
    - Os menores custos unitarios nos que se incorre na execución da actividade.

4. Se as subvencións van destinadas a persoas que realizan actividades económicas, os criterios a escoller serán os seguintes:

    - A creación de novas empresas, de novos postos de traballo ou a estabilización e mellora do emprego.
    - O desenvolvemento de sectores económicos estratéxicos para un determinado ámbito territorial.
    - O carácter innovador do proxecto ou actividade e a súa incidencia na mellora dos recursos naturais ou do medio ambiente.

5. No caso de subvencións a prol de persoas físicas, os criterios poderán ser:

    - A capacidade económica.
    - Os méritos académicos, científicos ou deportivos.

Artigo 11. As solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica Subtel. A presentación por este medio producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán en conta as solicitudes presentadas noutros rexistros.

2. Os prazos de solicitude serán os que establezan de xeito particular cada unha das convocatorias específicas, que serán contados desde a publicación do anuncio na Base de Datos Nacional de Subvencións, que tamén será publicado no Boletín Oficial da Provincia.

3. A documentación que se ha presentar será detallada en cada convocatoria específica e, coma mínimo, será a seguinte:

    a) Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento da persoa representante para a relación coa Deputación.

    b) Acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance desta delegación.

    c) Declaración de estar legalmente constituída antes de presentar a

solicitude, de dispor de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.

d) Certificación dos datos bancarios da entidade, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña. En caso de que estes datos xa consten no ficheiro de terceiros da Deputación, non resultará preciso achegar este documento.

e) Declaración de non estaren incursas a persoa representante e a entidade nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións das administracións públicas, segundo o disposto na lexislación de carácter xeral.

f) Documento explicativo da actividade ou investimento que se vai realizar, coa programación temporal deste (cada convocatoria deberá determinar un contido mínimo e necesario).

g) Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar o pagamento.

h) Solicitude de autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei Xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta Lei aprobado por RD 887/20016, do 21 de xullo).

i) No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.

j) Calquera outra documentación, compromisos ou manifestacións que se especifiquen na convocatoria correspondente ou que sexa precisa para a valoración da solicitude.

4. No caso de que a documentación achegada fose incorrecta ou insuficiente, concederase un prazo de dez días para a súa emenda. Transcorrido este prazo sen que a persoa interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

5. Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos,

non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos coma obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Artigo 12. A instrución, comités técnicos de valoración e resolución provisional.

1. Logo de que o servizo correspondente, co carácter de órgano instrutor do procedemento de concesión, teña determinado as solicitudes recibidas e, se é o caso emendadas, que reúnen todos os requisitos previstos nesta ordenanza xeral e na convocatoria específica, someteraas a un comité técnico de valoración, designado polo órgano competente e composto por un mínimo de tres persoas expertas ou de recoñecido prestixio profesional sobre a materia, que deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude, aplicando os criterios establecidos en cada convocatoria específica segundo o previsto no artigo anterior. As funcións de secretaría dos comités técnicos serán realizadas por persoal funcionario do servizo correspondente, con voz, pero sen voto.

2. En función dos puntos asignados e dentro do límite máximo do crédito dispoñible, a xefatura do servizo instrutor realizará proposta motivada, na que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a súa contía, así coma as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

3. Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor, sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a Presidencia ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles ás persoas interesadas concedéndolles un prazo de dez días hábiles para presentaren, se é o caso, a desistencia da solicitude, reformulación, cambio de obxecto, ou as alegacións que estimen oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención entenderase aceptada tacitamente.

Artigo 13. Resolución definitiva.

1. As alegacións que, de ser o caso, presenten as persoas interesadas, deberán ser estudadas polo órgano instrutor e, unha vez emitido o correspondente informe-proposta, remitiranse ao órgano interventor para a súa fiscalización. Con base nese informe-proposta, a Presidencia ditará a resolución definitiva de concesión. No caso de que non se presentaran alegacións no prazo establecido para o efecto, a resolución ata entón provisional terá o carácter de definitiva.
2. Cando se solicitara autorización para contratar con persoas ou entidades vinculadas e, sempre que se achegara a información necesaria, esta autorización entenderase concedida no acto de concesión definitiva, nos termos da solicitude presentada.

Artigo 14. Reformulación das solicitudes.

1. Despois da notificación da resolución de concesión provisional e dentro do prazo concedido de dez días hábiles, a persoa beneficiaria deberá reformular a súa solicitude unicamente no caso de que o orzamento definitivo da actividade ou do investimento que se vai realizar sexa inferior ao orzamento subvencionado que se debe xustificar, segundo estea fixado naquela resolución provisional.

2. A solicitude de reformulación deberá achegar o proxecto adaptado ao novo orzamento, debendo respectarse o obxecto e a finalidade da subvención provisionalmente concedida.
3. Na resolución de concesión definitiva aprobarase, se procede, a reformulación e manteranse as condicións de concesión da subvención, minorándose, se é o caso, o importe que corresponda.

Artigo 15. Cambios de obxecto.

1. Despois da notificación de resolución de concesión provisional das subvencións e dentro do prazo concedido de dez días hábiles, a persoa beneficiaria poderá solicitar, razoadamente, o cambio de obxecto da subvención, para o que deberá achegar o proxecto ou memoria adaptados ao novo obxecto. En todo caso, o proxecto ou memoria adaptados deberán respectar a finalidade da subvención provisionalmente concedida.
2. A solicitude de cambio de obxecto será resolta pola Presidencia, logo da avaliación realizada polo comité técnico de valoración e o correspondente informe-proposta do órgano instrutor. Para a avaliación desta solicitude teranse en conta as seguintes circunstancias:
   - Se o orzamento da nova actividade ou investimento é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, manteranse as mesmas condicións da subvención concedida: coeficiente de financiamento, importe da subvención e orzamento subvencionado.
   - Se o orzamento da nova actividade ou investimento é inferior ao orzamento subvencionado inicial, o comité técnico de valoración, logo do informe previo do órgano instrutor, deberá determinar o novo coeficiente de financiamento para o novo importe da subvención, así como o novo orzamento subvencionado, contías que serán inferiores ás inicialmente establecidas.
3. O simple cambio dalgún dos conceptos de gasto non se considerará cambio de obxecto, aínda que estes gastos non previstos no orzamento non se considerarán subvencionables. Tampouco se producirá o cambio de obxecto pola simple variación de circunstancias de lugar e tempo, sempre que se cumpra cos prazos xerais establecidos na convocatoria e non se altere a finalidade da subvención concedida. En todo caso, haberá que comunicarlle telematicamente á Deputación estas circunstancias antes de que se produzan.
4. As convocatorias específicas dos programas de subvencións poderán establecer os supostos nos que non se admiten cambios de obxecto.

Sección segunda.- O procedemento de concesión directa.

Artigo 16. A solicitude de persoa interesada.

1. Cando unha persoa interesada considere que unha actividade ou proxecto deba ser obxeto dunha subvención de concesión directa, poderá presentar unha solicitude achegando unha memoria detallada con datos técnicos, xurídicos, orzamentarios e temporais, na que se xustifique:

   a. As razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación Provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, deba contribuir económicamente no desenvolvemento da actividade ou proxecto, e impidan ou dificulten acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plan da Deputación.

b. O orzamento da actividade ou proxecto.

2. Ademais, deberá de achegarse a documentación seguinte:

   a. Documentación económico financieira que poña de manifesto a falta de financiación propia: contas anuais do último exercicio económico, liquidación do imposto de Sociedades, salvo en caso de estar exentas da súa presentación, consonte o artigo 124 da Lei do Imposto de Sociedades, o balance de comprobación de sumas e saldos emitido á data da solicitude. No caso de entidades públicas, deberá aportar un estado de execución do orzamento, emitido á data da solicitude.

   b. Certificado do acordo da asamblea de socios, padroado ou claustro, e, no caso de que o solicitante sexa un concello ou entidade local, certificado do acordo do Pleno da Corporación, no que conste o interese público provincial da solicitude da subvención provincial. Neste acordo deberá facerse constar o importe da subvención solicitada e do coeficente de financiación proposto.

Artigo 17. A instrución do expediente e o acordo de concesión.

1. Recibida a solicitude e documentación complementaria, o servizo competente por razón da materia emitirá un informe no que se pronuncie sobre o cumprimento dos requisitos previstos no apartado anterior e, se é o caso, a proposta de acordo correspondente, na que se indicará a aplicación orzamentaria á que se imputará o gasto.

2. Logo do informe do servizo competente, emitirá un informe xurídico a Secretaría Xeral, procedéndose seguidamente ao sometemento do expediente á fiscalización do órgano interventor.

3. Á vista dos informes emitidos e o ditame previo da comisión informativa correspondente, corresponderalle ao Pleno da Corporación a adopción do acordo que proceda.

4. As solicitudes recibidas que carezan de fundamento ou motivación serán non admitidas a trámite mediante resolución de Presidencia, logo do informe emitido polo servizo correspondente.

Artigo 18. A formalización da subvención mediante a sinatura do convenio regulador.

1. Logo da aprobación polo Pleno da Corporación, a formalización da subvención, impoñéndoselle á persoa beneficiaria todos os compromisos e obrigas establecidos legalmente e nos artigos desta ordenanza que regulan a concesión e xustificación das subvencións en concorrencia competitiva, outorgarase un convenio de cooperación, ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. O borrador deste documento deberá figurar no expediente tramitado para a concesión, seguindo para a súa preparación os modelos-tipo que estean aprobados polo Pleno da Corporación.

2. O convenio será asinado pola persoa representante legal da entidade

beneficiaria, acreditando previamente a Secretaría Xeral que está facultado para este outorgamento, e polo titular da Presidencia da Deputación ou persoa deputada na que delegue, dando fe do acto o Secretario Xeral da Corporación. O outorgamento deste documento supón a aceptación da subvención por parte da persoa beneficiaria, así como a asunción de todos os compromisos e obrigas establecidos.

CAPÍTULO III: A XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

Artigo 19. Regras xerais da xustificación.

1. A xustificación, actuación obrigatoria da persoa beneficiaria, deberá realizarse mediante a presentación da conta xustificativa, na modalidade xeral ou simplificada, segundo se concrete en cada convocatoria xeral ou convenio regulador, co contido que se detalla nos apartados seguintes.

2. Con carácter xeral, a conta xustificativa deberá incorporar os seguintes apartados:

   a) Unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas, describindo a actuación realizada, con indicación dos resultados obtidos e do número de persoas beneficiarias. Este documento deberá estar asinado pola persoa física que desempeñe a representación legal da persoa beneficiaria.

   b) Unha relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acredora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pagado de ser o caso, os posibles descontos fiscais. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; nas restantes entidades deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva.

   c) Unha relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; no caso de persoas beneficiarias privadas, deberán asinalo as persoas que exerzan a responsabilidade de tesourería e a representación legal da entidade.

   d) Unha certificación (entidades públicas) ou declaración (persoas privadas) dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, segundo o formato esixido en cada convocatoria ou convenio, achegando unha proba documental ao respecto.

Artigo 20. O orzamento subvencionado que se ha xustificar: o coeficiente de financiamento.

1. O coeficiente de financiamento defínese xa no momento de presentar a solicitude de subvención e resulta ser o cociente entre o importe da subvención solicitada e o orzamento de gastos estimados pola persoa solicitante.

2. O orzamento subvencionado para xustificar será o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

3. No caso de que a persoa beneficiaria obtivera outras subvencións, ingresos públicos ou privados para a mesma finalidade, ou mesmo obtivera recursos propios xerados pola propia actividade ou proxecto subvencionado, que sumados ao importe da subvención concedida dean un resultado superior ao importe calculado segundo o apartado anterior, o orzamento subvencionado que se ha xustificar será a suma de todo o financiamento obtido por mor da realización da actividade ou proxecto subvencionado.

Artigo 21. Os gastos subvencionables.

1. Só se considerarán gastos subvencionables os que resulten imputables contablemente a algún dos conceptos fixados no orzamento que se tomou en consideración no acto de concesión da subvención ou que se detallou no convenio regulador, sempre que resultaran estritamente necesarios para executar o proxecto ou actividade subvencionada e se teñan devindicado no prazo previsto na convocatoria ou convenio regulador.

2. O importe de cada gasto subvencionable non poderá superar o valor razoable segundo as normas contábeis nin o prezo de mercado. De ningún xeito serán subvencionables os gastos suntuarios nin os que correspondan a consumos que poidan resultar nocivos para a saúde das persoas ou contribuíran a producir unha infracción das normas reguladoras da ordenación do territorio, o medio ambiente ou o patrimonio histórico-artístico. No caso de indemnización por gastos de locomoción ou manutención, o importe subvencionable non superará as contías que, segundo a lexislación vixente en cada momento, estean exentas de tributación.

Artigo 22. A contratación cos provedores de bens e servizos para executar o proxecto ou actividade subvencionada.

1. A persoa beneficiaria terá que realizar por si mesma a actividade subvencionada, utilizando para tal fin os medios persoais e materiais dos que dispoña. Cando ditos medios resulten insuficientes, poderá contratar directamente con terceiros a provisión dos bens e servizos necesarios, sen que poida utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo que non poden prover por eles mesmos, aumentando así o prezo final facturado.

2. Non se poderán contratar prestacións de bens ou servizos con persoas que incorran nalgún dos supostos regulados no artigo 29.7 da Lei xeral de subvencións, a non ser que no caso de contratación con persoas vinculadas

se cumpran previamente os requisitos dispostos en tal disposición. A realización da actividade por persoas traballadoras contratadas pola propia persoa beneficiaria non se considerará operación vinculada, sempre que os salarios devindicados se ateñan aos convenios colectivos en vigor.

3. Cando o importe dun gasto subvencionable supere as contías do contrato menor establecidas na lexislación de contratos do sector público, a persoa beneficiaria deberá solicitar previamente polo menos tres ofertas a distintos provedores, con carácter previo á contratación, seleccionando a oferta máis vantaxosa consonte a criterios de eficiencia e economía. En calquera caso, as ofertas recibidas deberán achegarse coa documentación xustificativa.

4. No caso de que o importe dun gasto subvencionable supere o importe de 60.000 euros, a persoa beneficiaria deberá seleccionar o provedor mediante un procedemento con publicidade e liberdade de concorrencia. Na valoración da oferta máis vantaxosa deberá participar persoal técnico da Deputación, que será designado para este cometido en cada caso e con solicitude previa da persoa beneficiaria.

Artigo 23. Os xustificantes dos gastos subvencionables.

1. Os gastos que se incorporen á relación clasificada regulada no apartado b) do artigo 19.2 terán que estar acreditados cos seguintes documentos:

   a) A execución de obras: certificación de obra expedida por técnico competente e factura. Ademais achegarase unha fotografía dilixenciada por técnico competente.

   b) Subministracións: Albará de entrega e factura. No caso de adquisición de vehículos, igualmente deberá disporse do documento acreditativo da inscrición da titularidade a prol da persoa beneficiaria no rexistro público correspondente.

   c) Servizos: Factura e, de ser o caso, declaración-liquidación das retencións practicadas e ingresadas a prol da Axencia Tributaria.

   d) Gastos de persoal propio: contratos de traballo ou nomeamento de persoal funcionario, nóminas dos meses correspondentes, boletíns de cotización á Seguridade Social e declaración-liquidación das retencións practicadas; se é o caso, *finiquitos* de liquidación.

   e) Gastos derivados de impartir relatorios ou conferencias: folla de liquidación cos datos fiscais da persoa receptora e declaración-liquidación acreditativa da retención practicada e da súa declaración e ingreso a prol da Axencia Tributaria.

   f) Indemnizacións por manutención ou gastos de locomoción: folla de liquidación cos datos fiscais da persoa perceptora e coa descrición detallada do desprazamento realizado, achegando factura dos servizos de restauración e, se é o caso, aloxamento, da persoa perceptora.

   g) Alugueiros: contrato de alugueiro, recibos mensuais de pagamento e declaración-liquidación das retencións practicadas e do seu ingreso a prol da Axencia Tributaria.

h) Adquisición de bens inmobles: escritura pública do contrato e inscrición correspondente no Rexistro da Propiedade a prol da persoa beneficiaria.

2. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación ou mellora de bens inmobles, adquisición de vehículos ou mobles, nas convocatorias ou no convenio regulador deberá fixarse o período de adscrición á finalidade pública para a que se concedeu a subvención. Se o ben resulta susceptible de inscrición nun rexistro público, deberá anotarse naquel o importe da subvención concedida e a afección do ben ao pagamento do reintegro, no caso de incumprimento da obriga de destino.

Artigo 24. O pagamento dos gastos subvencionables.

1. A persoa beneficiaria deberá pagar os provedores de bens e servizos, así como as persoas traballadoras, nos prazos establecidos legal ou regulamentariamente e, en todo caso, no prazo máximo dun mes desde que teña cobrado o importe da subvención concedida.

2. O cumprimento desta obriga, que se comprobará de ser o caso nun procedemento de control financeiro posterior, deberá quedar acreditado mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante (perceptora da subvención) e a persoa beneficiaria (provedora do ben ou servizo); non obstante, para os pagamentos de gasto que non excedan de 150 euros abondará co recibín do perceptor inserido no propio documento de gasto.

Artigo 25. Prazo de xustificación.

1. A conta xustificativa deberá presentarse no prazo previsto na correspondente convocatoria ou, se é o caso, convenio regulador. Con carácter xeral, o prazo de xustificación non excederá de tres meses desde a finalización do período para realizar a actividade ou proxecto subvencionado.

2. Por solicitude previa da persoa beneficiaria presentada como mínimo un mes antes de que venza o prazo inicialmente establecido, mediante resolución poderase conceder unha ampliación deste que non exceda da metade do prazo inicial, sempre que en ningún caso se poida prexudicar dereitos de terceiro.

3. Se no prazo previsto non se tivera presentado a conta xustificativa, de inmediato a unidade xestora emitirá e notificará un requirimento á persoa beneficiaria concedéndolle un prazo improrrogable de quince días para que proceda á correspondente presentación e advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro desta. En calquera caso, a presentación da conta xustificativa fóra de prazo dará lugar a incoación de expediente sancionador, impoñéndose a sanción que proceda de acordo co previsto no capítulo VI desta ordenanza.

Artigo 26. Comprobación das subvencións: trámites e informes.

1. Unha vez recibida a conta xustificativa, a unidade xestora comprobará a correcta xustificación desta, nos termos previstos na presente ordenanza e na

correspondente convocatoria ou convenio regulador. Para este efecto, será emitido un informe-proposta de aprobación da xustificación presentada ou, se é o caso, inicio de expediente de anulación e perda de dereito ao cobro, con proposta de reintegro no caso de que se realizara algún pagamento anticipado.

2. Contido derogado

3. Completada a documentación e emitido o informe-proposta favorable ao pagamento, o expediente será remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

Artigo 27. Pagamento da subvención.

1. Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro. Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada pola persoa beneficiaria no modelo establecido con carácter xeral para todos os pagamentos pola Deputación.

2. O pagamento terá que realizarse no prazo máximo de catro meses desde que a persoa beneficiaria presentara completamente a documentación xustificativa.

3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable.

4. Cando se subvencionen investimentos cuxa execución se estenda por máis dun ano, poderán realizarse ata dous pagamentos fraccionados en función do ritmo de execución da obra ou instalación, aboándose en cada pagamento o importe que resulte de aplicar o coeficiente de financiamento ao importe de gasto debidamente certificado e xustificado.

CAPÍTULO IV: O PROCEDEMENTO DE CONTROL FINANCEIRO

Artigo 28. Órgano competente e persoal actuario.

1. Consonte ao disposto na disposición adicional décimo cuarta da Lei xeral de subvencións e de acordo co establecido no Regulamento de réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local (Real decreto 424/2017, do 28 de abril), correspóndelle ao órgano interventor o exercicio de control financeiro das subvencións, cotas de socio e demais transferencias correntes, como modalidade de control diferenciada da función interventora, e realizada "*a posteriori*" e plenamente integrada no modelo de control interno que teña aprobado este órgano.

2. A planificación das actuacións mediante a aprobación do correspondente plan anual, a orde de incoación pola apreciación de riscos singulares, por denuncia ou por ampliación de actuacións competeralle á persoa titular da Intervención Xeral. Tamén lle corresponderá a emisión do informe-resumo ao que se refire o artigo 37 do Regulamento do réxime xurídico de control interno das entidades do sector público local. Do plan aprobado e das súas modificacións darase conta á Presidencia e, a través de tal órgano, ao Pleno da Corporación.

3. A comunicación de inicio de actuacións, requirimentos de información, actos de ampliación de prazos, suspensións ou aprazamentos, así como a emisión dos informes de control financeiro corresponderalle ao persoal interventor con habilitación de carácter nacional que participa no exercicio de funcións reservadas nesta materia, segundo o exercicio desconcentrado de funcións que dispoña en cada momento o titular da Intervención xeral e con plena suxeición ao principio de xerarquía.

4. As actuacións coas persoas interesadas en cada expediente, a análise da documentación achegada e mesmo a sinatura das dilixencias de comparecencia que se estendan para documentalas corresponderalle ao persoal actuario adscrito ao Negociado de control financeiro que se designe para este cometido, correspondéndolle tamén as restantes actuacións de trámite das que se deixe constancia no expediente mediante dilixencia estendida para o efecto. En todo caso, este persoal deberá desempeñar a condición de funcionario da subescala técnica e para a súa designación deberá acreditarse que dispón da formación axeitada en Dereito administrativo e financeiro, contabilidade e técnicas de auditoría.

Artigo 29. A colaboración das autoridades e persoas físicas e xurídicas.

1. Cando sexa necesario obter información ou realizar algunha actuación concreta, as autoridades de calquera administración pública e todas as persoas que exerzan funcións públicas deberán prestar a debida colaboración e apoio ao persoal que exerza calquera das actuacións ás que se refire o artigo anterior, contestando nos prazos que se fixen os requirimentos de información e autorizando o acceso a esta. Igualmente, deberán emitir os informes que, atendendo as funcións e coñecemento técnico do asunto, lles sexan solicitados.

2. Toda persoa, sexa física ou xurídica, estará obrigada a proporcionar a información que lle poida ser solicitada respecto das relacións económicas, profesionais ou financeiras que poidan ter transcendencia nas actuacións de control financeiro. Para tal efecto, o persoal do órgano interventor emitirá o requirimento de información, debendo ser contestado no prazo máximo de quince días hábiles desde a súa notificación, sen prexuízo de que se poida solicitar a súa ampliación atendendo a dificultade técnica para remitir a información requirida.

Artigo 30. As formas de inicio dos procedementos de control financeiro.

1. Con carácter xeral, o procedemento iniciarase sempre de oficio, na execución do Plan de control financeiro aprobado polo órgano interventor e remitido ao Pleno da Corporación para efectos informativos. Unha vez aprobado este plan

e feita a selección dos expedientes que compoñan a mostra, procederase á comunicación de inicio de actuacións en cada expediente en función da planificación do traballo e dos efectivos de persoal dos que se dispoña en cada momento.

2. Sen prexuízo da propia iniciativa do órgano interventor para realizar modificacións do Plan de control financeiro cando o estime necesario, poderán incoarse expedientes que non estean na mostra obtida en execución deste plan nos seguintes casos:

    a) Por solicitude motivada dalgún órgano dos que compoñen a Corporación.

    b) Por petición razoada doutros órganos, servizos ou unidades administrativas, pertenzan ou non a esta administración.

    c) En virtude de denuncia, sempre que esta cumpra cos requisitos dispostos no artigo 62 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

    d) Por ampliación de actuacións a outros expedientes, logo de terse emitido un informe definitivo de desconformidade con proposta de reintegro total ou parcial.

Artigo 31. A notificación de inicio de actuacións.

1. O inicio de actuacións de control financeiro sobre as persoas beneficiarias de subvencións ou doutras achegas efectuarase mediante a notificación a aquelas, seguindo para tal efecto as disposicións contidas nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Nesta notificación indicarase a natureza e alcance das actuacións que se van desenvolver, a data de presentación dos actuarios de ser o caso, a documentación que terá que pórse a disposición deles e demais elementos que se consideren necesarios.

2. Cando o destinatario da notificación sexa unha persoa xurídica, ademais da notificación no domicilio social da propia entidade que conste no expediente, remitirase outra á persoa que desempeñara a representación legal daquela no momento de xustificación da subvención, para o efecto de non xerar indefensión ningunha no caso de que a consecuencia do expediente de control financeiro se tiveran que derivar a responsabilidades subsidiarias dispostas nos artigos 40 e 69 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Xuntamente coa notificación de inicio de actuacións, achegarase un documento informativo dos dereitos e obrigas dos interesados, así coma unha indicación respecto da posibilidade de actuar por medio de representante, que poderá designarse “apud acta” perante o persoal actuario, mediante comparecencia electrónica na sede electrónica ou a través da inscrición no rexistro electrónico de apoderamentos (unha vez que este medio estea operativo).

Artigo 32. Tipos de procedementos.

1. En función da forma de obter a evidencia razoable de que a actividade ou investimento se realizou consonte á finalidade prevista na concesión e co cumprimento de todos os requisitos legais e regulamentarios, establécense dous tipos de procedementos:

   a) Procedemento ordinario (PO): Logo da notificación de inicio de actuacións procederase a comparecencia do persoal actuario no domicilio social da entidade, verificándose neste lugar a documentación orixinal xustificativa da correcta aplicación dos fondos, as operación contables rexistradas e, se é o caso, a comprobación material da obra, instalación ou subministración adquirida.

   b) Procedemento abreviado (PA): Neste procedemento prescindirase da comparecencia do persoal actuario na sede da entidade, pois enténdese que a evidencia razoable de que a actividade se realizou consonte ao acto de concesión e con respecto ás normas legais e regulamentarias aplicábeis pode obterse mediante a verificación documental; non obstante, se á vista desta documentación non se puidese obter esta evidencia, estenderase unha dilixencia facendo constar as insuficiencias das comprobacións realizadas e, logo da súa notificación aos interesados, realizarase a comparecencia no domicilio social da persoa beneficiaria para realizar as comprobacións complementarias que resulten precisas.

2. O procedemento abreviado utilizarase na tramitación dos expedientes que teñan por obxecto a verificación dos pagamentos de subvencións destinados á realización de actividades, sempre que o importe pagado non exceda de 6.000 euros, ou á adquisición de equipamento, sempre que o seu importe non exceda de 3.000 euros.

Artigo 33. Lugar das actuacións.

1. As actuacións dos procedementos de control financeiro poderán executarse nos seguintes lugares:

2. Se o domicilio social da persoa xurídica estivese radicado no mesmo inmoble no que estivese fixado o domicilio dunha persoa física, as comprobacións "*in situ*" serán realizadas na oficina pública provincial ou municipal que estea máis preto. Esta circunstancia deberá ser comunicada polo representante legal da persoa xurídica no prazo dos dez días hábiles seguintes á recepción da notificación de inicio de actuacións.

3. Se durante a tramitación do expediente as persoas interesadas cambiasen o seu domicilio, deberán comunicalo ao persoal actuario.

Artigo 34. Horario das actuacións.

1. As actuacións que se realicen no domicilio social da persoa xurídica interesada, lugar onde se custodie a documentación ou estea realizado o investimento serán realizadas no horario no que este local estea aberto ao público ou teña dispoñibilidade o representante legal ou apoderado da persoa xurídica interesada. Tendo en conta estas circunstancias, o persoal actuario

adaptará o seu horario por necesidades de servizo.

2. As actuacións que se realicen nas oficinas públicas desenvolveranse no horario oficial de apertura ao público que estea disposto regulamentariamente.

Artigo 35. Aprazamento das actuacións.

1. O persoal interventor que dirixa as actuacións de control financeiro en cada expediente poderá conceder, logo da solicitude motivada da persoa interesada, un aprazamento da data previamente indicada na comunicación de inicio de actuacións. En todo caso, non se concederá máis dun aprazamento, a non ser que concorra algunha circunstancia excepcional debidamente acreditada.

2. Para que proceda o aprazamento das actuacións deberán concorrer os seguintes requisitos:

   a) Presentación de solicitude asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal, remitida electronicamente no prazo dos cinco días hábiles seguintes á recepción da notificación de inicio de actuacións.

   b) Documento xustificativo das circunstancias obxectivas que impidan ou dificulten a realización das actuacións no día e hora indicados na notificación de inicio de actuacións.

3. O acordo de concesión do aprazamento poderá fixar nova data e hora para levar a cabo as actuacións ou, se é o caso, remitirse a unha comunicación posterior. Este acordo non é susceptible de recurso ningún, sen prexuízo de que se poida argumentar contra este no prazo de alegación ao informe provisional.

Artigo 36. As actuacións: a obtención de evidencia.

1. Unha vez iniciado o procedemento, todas as probas, comprobacións e verificacións terán coma finalidade a obtención dalgunha ou todas das seguintes evidencias:

   a) Evidencia física: a que se obtén da inspección física dos investimentos, equipamentos ou subministracións financiadas con cargo á subvención pagada. Poderá documentarse utilizando medios audiovisuais, memorandos, esquemas, diagramas ou gráficos.

   b) Evidencia documental: obtida da análise de calquera documento orixinal no que se recolla información de natureza descritiva, gráfica, xurídica ou económica sobre a actividade ou investimento subvencionado.

   c) Evidencia testemuñal: a obtida mediante o interrogatorio da persoa interesada ou do seu representante legal, das persoas beneficiarias da actividade ou investimento subvencionado ou de calquera persoa que fora testemuña das accións realizadas por mor da actividade ou investimento subvencionados.

   d) Evidencia analítica: a derivada da análise da información económico-financeira e contable da persoa beneficiaria da subvención ou da obtida

dos terceiros que tiveron relación con aquela.

e) Evidencia informática: a información e datos contidos en soportes electrónicos e aplicacións informáticas.

2. Para a obtención da evidencia non se admitirá a utilización de presuncións por simples indicios, sendo necesaria sempre a acreditación dos feitos por algún dos medios expostos no apartado anterior.

3.

Artigo 37. Documentación das actuacións.

1. Os documentos emitidos durante as actuacións poderán ter o seguinte carácter:

    a) Notificación: o acto de comunicación de inicio de actuacións ou de calquera actuación que deba ser posta en coñecemento da persoa interesada.

    b) Dilixencia: Documento estendido polo persoal actuario no que se deixa constancia de feitos, circunstancias, incorporación de documentos, vista do expediente, envío de comunicacións electrónicas e outras actuacións análogas. Cando as dilixencias sexan estendidas diante de calquera persoa interesada farase constar esta circunstancia mediante a correspondente identificación da persoa comparecente no encabezamento e ofrecendo a posibilidade de asinar no pé xuntamente co persoal actuario. Tamén se fará constar, se é o caso, a negativa a asinar da persoa comparecente.

    c) Papeis de traballo: notas que poidan emitir tanto o persoal actuario coma o persoal interventor no que se recollen simples resumos, recordatorios ou cálculos á vista da documentación analizada ou das inspeccións físicas. En ningún caso se utilizará este documento para recoller manifestacións dos interesados ou calquera actuación relevante que teña que ser documentada en forma de dilixencia. Estes documentos só serán rubricados polos seus autores.

    d) Acordo: Acto de trámite que dita o persoal interventor polo que se concede ou denega o aprazamento, suspensión ou ampliación das actuacións.

    e) Informe: acto de coñecemento ou de xuízo no que, logo das evidencias obtidas, se emiten consideracións e conclusións con fundamento na lexislación aplicábel.

2. O expediente de control financeiro, segundo o disposto no artigo 70 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, estará formado pola incorporación sucesiva e numerada -seguindo unha orde cronolóxica- de todos os documentos que se describen no apartado anterior.

Artigo 38. O remate das actuacións: informes provisional e definitivo.

1. Logo de practicadas todas as actuacións necesarias para obter a evidencia razoable de cómo foron xestionados e aplicados os fondos públicos á finalidade prevista en cada caso, o persoal interventor ao que lle corresponda a dirección de instrución do procedemento emitirá un informe provisional, no que se recollan de xeito separado os antecedentes, a lexislación aplicable, o resumo das actuacións practicadas, as consideracións legais e contábeis ao respecto e, finalmente, as conclusións obtidas.

2. En función do apartado de conclusións, os informes poden ser cualificados do seguinte xeito:

    a) De conformidade, cando as verificacións realizadas poñan de manifesto a correcta aplicación dos fondos públicos ao fin previsto, co cumprimento por parte da persoa beneficiaria de todas as obrigas formais e materiais impostas nas bases reguladoras, acto de concesión ou convenio regulador. Neste suposto, o informe xa será expedido co carácter definitivo, prescindíndose do trámite de alegacións regulado no apartado 3 deste artigo.

    b) Sen obriga de reintegro, con observacións ou recomendacións tendentes á mellora da xestión documental ou a información contábel, sen que as incidencias apreciadas teñan a importancia suficiente para seren cualificadas como infraccións administrativas.

    c) De desconformidade, sen obriga de reintegro e con proposta de incoación de expediente sancionador: cando se verifique a correcta aplicación dos fondos á finalidade prevista en cada caso, pero se aprecien incumprimentos formais que puideran ser constitutivos dalgunha infracción leve das previstas na Lei 38/20013, do 17 de novembro, xeral de subvencións, co desenvolvemento regulado nesta ordenanza.

    d) De desconformidade con obriga de reintegro parcial ou total e proposta de incoación de expediente sancionador, cando se aprecie algunha das causas de reintegro dispostas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións e, igualmente, incumprimentos formais ou materiais que puideran ser constitutivos dalgunha infracción das previstas no capítulo XX da Lei xeral de subvencións, co desenvolvemento regulado no capítulo XX desta ordenanza.

3. Os informes provisionais serán notificados ás persoas interesadas, concedéndolles un prazo de quince días hábiles para que poidan presentar alegacións e achegar, se é o caso, a documentación que estimen oportuna ou solicitando a práctica dalgunha proba complementaria. Consonte ao disposto no artigo 97.2 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, no pé do documento de notificación do informe advertirase expresamente que no ulterior procedemento de reintegro non se admitirán documentos nin probas que, podendo ser realizadas neste procedemento de control financeiro, non se achegaran ou solicitaran a súa práctica.

4. O trámite de prácticas de probas complementarias que se pode solicitar no

período de alegacións terá que estar referido a feitos ou circunstancias que non puideron ser verificados polo persoal actuario no desenvolvemento das actuacións practicadas, sempre que puideran resultar relevantes para a conclusión final. En tal suposto, o trámite será acordado polo persoal interventor que dirixa a instrución do procedemento, segundo para tal efecto o disposto nos artigos 77 e 78 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. Recibidas alegacións ao informe provisional ou, se é o caso, practicadas as probas complementarias que se acorden, o persoal interventor emitirá o informe definitivo, no que se incorporará un apartado específico de valoración destas alegacións ou das evidencias obtidas coa práctica da proba. No caso de que non se presentaran alegacións, transcorrido o prazo de alegacións, o informe ata entón provisional quedará elevado automaticamente a definitivo.

6. O informe definitivo será notificado ás persoas interesadas, así coma ao servizo ou unidade xestora do expediente de concesión de subvención, no prazo máximo de 12 meses desde que se incoaron as actuacións ou, no caso de ampliación, no prazo máximo fixado no acordo correspondente. No pé da notificación farase constar que se trata dun acto de coñecemento ou de xuízo e, xa que logo, non é susceptible de recurso administrativo ningún, sen prexuízo de que as consideracións e conclusións deste poidan ser refutadas nos procedementos de reintegro ou sancionadores que se tramiten na súa execución.

Artigo 39. A execución dos informes definitivos de control financeiro.

1. Cando o informe definitivo conteña proposta de reintegro ou incoación de expediente sancionador, a Presidencia deberá ditar resolución de incoación de ditos procedementos no prazo dun mes desde que se produza a notificación daquel informe á persoa interesada e ao servizo ou unidade xestora. Para tal efecto, o Negociado de Control Financeiro da Intervención preparará o borrador de resolución e porao a disposición da Secretaría Xeral, para a súa expedición e sinatura.

2. Igualmente, cando no informe definitivo se poñan de manifesto irregularidades que puideran ser constitutivas de delito, o órgano interventor porá os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal, achegándolle unha copia do informe emitido. Este acto de comunicación determinará a suspensión do inicio do procedemento sancionador, pero non do procedemento de reintegro.

3. Do mesmo xeito se actuará cando se teña apreciado un presunto incumprimento das obrigas tributarias ou coa Seguridade Social, comunicando estas circunstancias á administración competente en cada caso e achegando copia do informe emitido.

Artigo 40. Publicación e remisión dos informes de control financeiro.

1. Unha vez rematado o Plan de control financeiro de carácter anual, ademais o informe-resumo que debe elaborar o órgano interventor e remitirlle ao Pleno consonte ao disposto no artigo 37 do Regulamento de control interno, este documento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no apartado de economía e facenda da sede electrónica da Deputación.

2. O informe-resumo de actuacións de control financeiro será remitido aos órganos de control externo, xuntamente coa relación de reparos que se emitan no exercicio da función interventora.

CAPÍTULO V: O PROCEDEMENTO DE REINTEGRO

Artigo 41. Órganos competentes.

1. Os expedientes de reintegro de subvención ou doutras achegas serán incoados mediante resolución da Presidencia, ben procedan dun informe de control financeiro ou ben do informe-proposta dalgún servizo. Na resolución de incoación nomearase ao persoal ao que lle corresponda as funcións de instrución e secretaría do procedemento.

2. A instrución de todos os expedientes de reintegro será realizada polo persoal dependente do órgano interventor. O nomeamento das persoas funcionarias que exerzan as funcións de instrución e secretaría recaerá en persoal que pertenza a subescala técnica.

3. Logo da tramitación que se detalle no artigo seguinte, corresponderalle tamén a Presidencia ditar a resolución definitiva de reintegro, así coma aprobar as liquidacións resultantes.

Artigo 42. A instrución do procedemento.

1. Logo de notificado un informe definitivo de control financeiro con proposta de reintegro ou recibido polo órgano interventor un informe-proposta emitido por algún servizo e procedente un expediente de xestión dalgunha subvención ou transferencia, o persoal adscrito ao Negociado de Control Financeiro e Auditoría prepara o borrador de resolución de incoación do procedemento, para que poida ser emitida e notificada á persoa interesada no prazo máximo dun mes desde que se notificou o informe de control financeiro.

2. No caso de que a persoa interesada ingresara voluntariamente o importe que se ha reintegrar, farase constar esta circunstancia na resolución de incoación, limitándose o procedemento a determinación dos xuros de mora que se teñan devindicado.

3. Da incoación do expediente daráselle traslado a Unidade Central de Tesourería, para o efecto de que poida adoptarse, se é o caso, a medida cautelar de retención de pagamentos a prol da persoa interesada, de conformidade e co disposto no artigo 35 da Lei xeral de subvencións.

4. O procedemento tramitarase consonte ao disposto no artigo 42 da Lei xeral de subvencións e, con carácter xeral, na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas, dándolle audiencia á persoa interesada por un período de quince días hábiles. Non se terá en conta neste trámite a documentación que, estando dispoñible e podendo ser entregada ou posta a disposición do persoal actuario ao longo da tramitación do procedemento de control financeiro, non se achegara efectivamente.

Artigo 43. Resolución, liquidación e recursos.

1. Logo do período de audiencia e, se é o caso, doutros trámites que se poidan acordar, a persoa instrutora emitirá un informe-proposta, que deberá recibir a conformidade do órgano interventor. Con fundamento nesta a Presidencia ditará a resolución definitiva de reintegro, que deberá ser notificada á persoa interesada.

2. Os actos de liquidación do importe principal que se ha reintegrar e dos xuros de mora serán practicados polo Servizo de Xestión Tributaria, notificándollos á persoa interesada logo de ditarse a correspondente resolución.

3. Contra a resolución definitiva de reintegro e contra a resolución que aprobe as liquidacións correspondentes só poderá interporse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Contra a desistencia, expresa ou presunta, deste recurso, poderá interporse recurso contencioso-administrativo perante os órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

CAPÍTULO VI: POTESTADE SANCIONADORA E PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 44.- Sancións pola comisión de infraccións graves.

1. Nas normas de rango legal reguladoras das subvencións establécese que as infraccións graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional do tanto ao dobre da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada. Dentro deste marco legal, establécense os seguintes tramos para a súa aplicación regulada:
    - Ata o importe de 10.000 euros de contía indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada a multa inicial, sen prexuízo da aplicación posterior das circunstancias agravantes que se regulan no artigo 46, aplicarase no seu grao mínimo, isto é, nun importe igual á contía que se ha reintegrar.
    - A partir de 10.000 euros de contía indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada, a sanción incrementarase nun punto porcentual por cada 1.000 euros ou fracción deste importe, ata acadar o importe do dobre da contía que se ha reintegrar.

2. Igualmente, cando o importe do prexuízo económico sufrido pola administración represente máis do 50 por cento da subvención concedida e exceda de 30.000 euros, imporanse as sancións non pecuniarias previstas legalmente coa seguinte graduación:

    - De 30.000 a 50.000 euros de subvención: 1 ano de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo
    - De 50.001 a 100.000 euros de subvención: 2 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo.

- Máis de 1000.000 euros: 3 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo.

Artigo 45. – Sancións pola comisión de infraccións moi graves.

1. Na lexislación xeral de rango legal en materia de subvencións establécese que as infraccións que sexan cualificadas como moi graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional do dobre ao triplo da cantidade indebidamente obtida, aplicada o non xustificada. Dentro deste marco legal, establécense os seguintes tramos para a súa aplicación regulada:

    - Ata o importe 10.000 euros de cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada, a multa inicial, sen prexuízo da aplicación posterior das circunstancias agravantes reguladas no artigo 46, a multa imporase no seu grao mínimo, isto é, no dobre da cantidade que se ha reintegrar.

    - A partir de 10.000 euros de contía indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada, a multa incrementarase en cinco puntos porcentuais por cada 1.000 euros adicionais que se ha reintegrar ou fracción deste importe, ata acadar o importe do triplo da contía que se ha reintegrar.

2. Igualmente, cando o importe do prexuízo económico sufrido pola administración exceda de 30.000 euros, imporanse as sancións non pecuniarias previstas legalmente coa seguinte graduación:

    - De 30.000 a 50.000 euros de prexuízo económico: 3 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo
    - De 50.001 a 100.000 euros de subvención: 4 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo.
    - Máis de 1000.000 euros: 5 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo.
3. En calquera caso, atendendo ao límite máximo establecido legalmente, o importe das multas graves e moi graves impostas a unha mesma persoa infractora por cada subvención non excederá no seu conxunto do triplo do importe da cantidade obtida, aplicada ou non xustificada.

Artigo 46. Graduación das sancións graves e moi graves.

No desenvolvemento do artigo 60 da Lei xeral de subvencións e co fin de concretar o importe das sancións que lle poidan corresponder ás persoas que cometan algunha das infraccións previstas naquela lei, establécense seguidamente a porcentaxe que se ha aplicar dentro do abano de posibilidades disposto legalmente.

a) Comisión repetida de infraccións: entre 10 e 75 puntos (só aplicable ás infraccións graves e moi graves).

- Por cada infracción grave que se cometa e aprecie noutro expediente: 25 puntos.
- Por cada infracción moi grave que se cometa e aprecie noutros expedientes: 30 puntos.

b) Resistencia, negativa ou obstrución: entre 10 e 75 puntos: aplicarase sempre un incremento de 35 puntos porcentuais.

c) Utilización de medios fraudulentos: entre 20 e 100 puntos porcentuais.

- Anomalía contable substancial, apreciándose infracción grave: 40 puntos.
- Anomalía contable substancial, apreciándose infracción moi grave: 50 puntos.
- Utilización de facturas falsas ou falseadas, apreciándose infracción grave: 60 puntos.
- Utilización de persoas que dificulten a comprobación da realidade da actividade, cando a infracción sexa cualificada como grave: 30 puntos.
- Utilización de persoas que dificulten a comprobación da realidade, cando a infracción sexa cualificada como moi grave: 50 puntos.

d) Ocultación: entre 10 e 50 puntos porcentuais: en todo caso 30 puntos.

Artigo 47. Graduación das sancións pecuniarias pola comisión de infraccións leves.

1. Libros sen dilixenciar, contas sen aprobar e conta xustificativa inexacta:

Por cada unha das infraccións seguintes, sendo compatibles entre sí : INFRACCIÓN 1-Libros sen legalizar INFRACCIÓN 2-Contas sen aprobar INFRACCIÓN 3-Conta xustificativa inexacta INFRACCIÓN 4-Carecer de libros contables INFRACCIÓN 5-Non dispor de inventario	
Orzamento subvencionable	Importe da multa asociada a cada unha das infraccións
Ata 3.000 €	75 €
Entre 3.001 e 5.000	150 €
De 5.001 a 10.000	300 €
Entre 10.001 e 20.000	600 €
Máis de 20.000	900 €

2. Non atender a algún requirimento: falla de achega de probas ou non achegar documentos requiridos, negativa á súa exhibición e incumprir a obriga de colaborar e facilitar documentación.

INFRACCIÓN: Art. 61.2 e) e g) -Falla de achega de probas e documentos requiridos ou negativa á súa exhibición. -Incumprimento da obriga de colaborar e facilitar documentación.		
Orzamento subvencionable	Requirimento	Importe multa
Ata 3.000 €	Primeiro	150€
	Segundo	250€
De 3.001 a 5.000	Primeiro	200€
	Segundo	350€
De5.001 a 10.000€	Primeiro	300€
	Segundo	450€
Máis de 10.000 €	Por cada un	500€

3. Inexactitude ou omisión dunha ou varias operacións na contabilidade e rexistros legalmente establecidos

INFRACCIÓN: Art.61 2.a) Inexactitude ou omisión dunha ou varias operacións na contabilidade e rexistros legalmente establecidos	
Operación	Importe multa
Inexactitude na contabilización da subvención	200€
Omisión na contabilización da subvención	500€

4. Incumprimento da obriga de levar a contabilidade ou dos rexistros legalmente esixidos

INFRACCIÓN: Art.61 2.b) Incumprimento da obriga de levar a contabilidade ou rexistros legalmente esixidos	
	Importe multa
Non levar contabilidade, sendo o orzamento mínimo subvencionable de ata 1.000€	150€
Non levar contabilidade, sendo o orzamento mínimo subvencionable entre 1.001€ e 2.000€	300€
Non levar contabilidade, sendo o orzamento mínimo subvencionable entre 2.001€ 3.000€	600€
Non levar contabilidade, sendo o orzamento mínimo subvencionable entre 3.001€ e 5.000€	800€
Non levar contabilidade, sendo o orzamento mínimo subvencionable entre 5.001€ e 10.000€	1.200€
Non levar contabilidade, sendo o orzamento mínimo subvencionable entre o orzamento mínimo xustificable entre 10.001€ e 30.000€	2.000€
Non levar contabilidade, sendo o orzamento mínimo	2.500€

subvencionable de máis de 30.000 €	
Non levar os libros legalmente establecidos	250 €

5. Levar contabilidades diversas.

INFRACCIÓN: Art.61 2.c)Levar contabilidades diversas	
Orzamento subvencionable	Importe multa
Ata 3.000€	150 €
De 3.001 a 5.000 €	750 €
De 5.001 a 10.000 €	1.500 €
Máis de 10.000	6.000 €

6. Utilización de cotas con significado distinto ao que corresponde

INFRACCIÓN: Art.61 2.d)Utilización de contas con significado distinto ao que corresponde	
	Importe multa
Entre 1 conta e tres	150 €
Entre 4 e 5 contas	750 €
Máis de 5 contas	1.500 €

7. Presentación extemporánea da xustificación:

   - Ata un mes de atraso: 75 euros.
   - Entre un e tres meses de atraso: 600 euros.
   - Máis de tres meses de atraso: 900 euros.

8. O importe das sancións leves impostas a unha mesma persoa infractora por cada subvención non excederá no seu conxunto do importe da subvención inicialmente concedida.

9. En calquera caso, cando á persoa infractora teña que proceder ao reintegro total da subvención concedida e se lle impoña igualmente unha sanción grave ou moi grave, deixarase sen efecto a imposición das sancións de carácter leve.

Artigo 48. Tramitación do procedemento sancionador: aplicación de porcentaxes de redución en caso de conformidade do infractor e pagamento en período voluntario.

1. O procedemento sancionador será tramitado consonte ao disposto con carácter xeral na lexislación de procedemento administrativo común das administracións públicas, coas especialidades previstas para os

procedementos desta natureza.

2. De conformidade coa habilitación legal conferida polo artigo 85.3 da Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, aplicaranse as seguintes reducións ao importe da sanción que resulte da aplicación das normas de baremación e graduación contidas nos artigos anteriores:

   a) No caso de que iniciado o expediente sancionador, se a persoa infractora achega un escrito no que recoñece a súa responsabilidade e acepta a sanción que se lle puidera impor, o importe desta será reducido nun 35 por cento.

   b) No caso de pagamento voluntario da persoa infractora con anterioridade a que se dite a resolución, aplicarase unha redución do 30 por cento.

3. Estas dúas reducións serán acumulables entre si, de xeito que o recoñecemento da responsabilidade e pagamento voluntario antes de que se dite a resolución correspondente, implicará unha redución do 65 por cento da sanción que correspondería. En todo caso, a súa efectividade estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

Artigo 49. Competencia para a imposición de sancións.

1. A competencia para resolver o procedemento e impor a sanción resultante correspóndelle á Presidencia da Deputación, logo de vista a proposta emitida pola persoa funcionaria que teña asumido a instrución do procedemento. Tamén lle corresponderá á Presidencia da Deputación a resolución dos expedientes sancionadores que se tramiten por delegación de calquera dos concellos da provincia.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución queda fixado en seis meses. No cómputo deste prazo non se terán en conta os aprazamentos de trámites ou dilacións causadas pola persoa interesada.

CAPÍTULO VII: OUTRAS ACHEGAS: COTAS DE SOCIO E TRANSFERENCIAS CORRENTES

Sección primeira: as cotas de socio ou achegas de patrón.

Artigo 50. A fixación das cotas de socio.

1. Con carácter previo á nova adhesión desta Deputación a calquera asociación privada ou fundación, deberá determinarse a cota anual de socio ou achega de patrón mediante a aplicación de criterios de estrita proporcionalidade entre o importe proposto e a participación desta Corporación no patrimonio e adopción de acordos polos órganos de goberno da entidade participada, con pleno respecto á Lei orgánica reguladora do dereito á asociación ou á lexislación reguladora das fundacións.

2. Antes de que o Pleno da Corporación adopte o acordo correspondente, deberá tramitarse un expediente ao que se incorporen os seguintes documentos:

a) Solicitude de adhesión emitida polo órgano competente da asociación ou fundación, achegando os estatutos, memoria da actividade que está a realizar a entidade, as contas anuais do derradeiro exercicio aprobado, un balance de sumas e saldos emitido con data na que se asine a proposta e, se é o caso, derradeira declaración-liquidación do imposto sobre sociedades. Tamén se achegará un informe explicativo do criterio establecido para a cuantificación das cotas de socio.

b) Informe-proposta do servizo competente por razón da materia, no que se valore a relación do obxecto social da entidade con algunha das competencias atribuídas legalmente ás deputacións e a finalidade pública ou interese social que se pretende promover mediante a integración na entidade e a imposibilidade de promover o mesmo fin mediante a aprobación dunha convocatoria pública de subvencións.

c) Informe xurídico emitido pola Secretaría Xeral.

d) Informe de fiscalización emitido polo órgano de control interno.

3. Despois de completado o expediente, logo do preceptivo ditame da comisión informativa correspondente, o Pleno adoptará o acordo de adhesión, esixíndose o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

4. Neste acordo designarase a persoa deputada que asumirá a representación da Deputación na asociación ou fundación, debendo facer constar neste apartado que o representante non poderá outorgar o voto favorable a prol de acordos adoptados polos órganos de goberno da asociación ou fundación sen que previamente fora autorizado polo órgano competente da Deputación, asumindo unicamente responsabilidade persoal sobre estes acordos cando non cumpra este requisito previo. Con carácter previo á adopción do acordo polo que se autoriza solicitaranse os informes que resulten preceptivos ou convenientes. Na notificación á entidade do nomeamento da persoa deputada que desempeñará a representación farase constar esta advertencia da esixencia de autorización previa para que poida comprometer validamente a vontade desta administración.

Artigo 51. A tramitación e pagamento das cotas de socio ou achegas de patrón.

1. En cada exercicio orzamentario o servizo que resulte competente por razón da materia procederá a instruír o expediente para o pagamento da cota anual, achegando a este polo menos a seguinte documentación:

   a) Memoria das actividades realizadas pola asociación ou fundación no exercicio anterior.

   b) Contas anuais aprobadas no derradeiro exercicio e, se é o caso, declaración-liquidación do imposto sobre sociedades.

   c) Orzamento do exercicio corrente e balance de sumas e saldos correspondente ao derradeiro trimestre do exercicio corrente.

   d) Extracto das actas dos órganos de goberno no que figure a relación de acordos adoptados no exercicio anterior.

e) Proposta de pagamento da cota resultante e imputación orzamentaria do gasto.

2. Á vista da documentación sinalada no apartado anterior, o órgano interventor emitirá un informe no que, ademais da fiscalización do expediente, valorará os seguintes apartados:

   a) A subsistencia das circunstancias que xustificaron a adhesión da Deputación á asociación ou fundación.

   b) A sostibilidade financeira da entidade.

   c) A concorrencia dalgunha das causas de disolución previstas legalmente

3. Cando a achega a prol da fundación teña como finalidade o financiamento dos gastos de funcionamento e o resultado que reflicte a conta de resultados sexa positivo, deberá minorarse a achega da Deputación no importe que resulte segundo a porcentaxe de participación desta Corporación no patrimonio fundacional.

Sección segunda: As transferencias a prol de consorcios.

Artigo 52. A creación dun consorcio no que participe a Deputación ou a incorporación a un xa existente.

1. Con carácter previo á creación dun consorcio no que vaia participar a Deputación ou a incorporación a un ente desta natureza xa existente, deberá determinarse a transferencia que lle corresponderá a esta Corporación para atender o investimento inicial e gastos de funcionamento, mediante a aplicación de criterios de estrita proporcionalidade entre o importe proposto e a participación desta Corporación no patrimonio e adopción de acordos polos órganos de goberno da entidade participada, con pleno respecto á regulación contida nos capítulos I e VI do título II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. Antes de que o Pleno da Corporación adopte o acordo correspondente, deberá tramitarse un expediente ao que se incorporen os seguintes documentos:

   a) Proposta de creación do consorcio, fixándose á administración territorial ou institucional de adscrición, ou solicitude de incorporación emitida polo órgano competente do consorcio xa existente, achegando o borrador de estatutos ou dos xa aprobados, memoria da actividade de servizo público que se vai desenvolver ou se está a realizar, as contas anuais do derradeiro exercicio aprobado e un estado de execución do orzamento emitido na data que se faga a proposta de incorporación.

   b) Informe-proposta do servizo competente por razón da materia, no que se valore a relación do obxecto social da entidade con algún dos servizos públicos que está a prestar a Deputación ou que deberá presentar consonte á lexislación de réxime local vixente en cada momento, analizando polo miúdo se coa creación da nova entidade ou a incorporación á xa existente se vai acadar un maior grao de eficiencia na prestación do correspondente

servizo público. Informe xurídico emitido pola Secretaría Xeral.

c) Informe de fiscalización emitido polo órgano interventor.

d) Despois de completado o expediente, logo do preceptivo ditame da comisión informativa correspondente, o Pleno adoptará o acordo de incorporación, esixíndose o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

e) Neste acordo designaranse as persoas deputadas que asumirán a representación da Deputación no consorcio, debendo facer constar neste apartado que estes representantes non poderán outorgar o voto favorable a prol de acordos adoptados polos órganos de goberno do consorcio sen que previamente fora autorizado polo órgano competente da Deputación, asumindo unicamente responsabilidade persoal sobre estes acordos cando non cumpra este requisito previo. Na notificación á entidade do nomeamento das persoas deputadas que desempeñarán a representación farase constar esta advertencia.

Artigo 53. A liquidación da transferencia anual para gastos de funcionamento.

1. En cada exercicio orzamentario, o servizo que resulte competente por razón da materia procederá a instruír o expediente para o pagamento da transferencia anual para gastos de funcionamento, achegando a este polo menos a seguinte documentación:

   a) Memoria da actividade de servizo público realizada polo consorcio no exercicio anterior.

   b) Liquidación orzamentaria e conta xeral aprobadas no derradeiro exercicio e orzamento do exercicio corrente.

   c) Extracto das actas dos órganos de goberno no que figure a relación de acordos adoptados no exercicio anterior.

   d) Proposta de pagamento da transferencia resultante e imputación orzamentaria do gasto.

2. Á vista da documentación sinalada no apartado anterior, o órgano interventor emitirá un informe no que, ademais da fiscalización do expediente, valorará os seguintes apartados:

   a) A subsistencia das circunstancias que xustificaron a incorporación da Deputación ao consorcio.

   b) A sostibilidade financeira da entidade.

   c) A concorrencia dalgunha das causas de disolución previstas legalmente.

3. Cando da liquidación orzamentaria resulte un resultado positivo axustado, o importe da transferencia deberá minorarse no importe que deste lle corresponda a Deputación, segundo a porcentaxe de participación que lle corresponda a esta Corporación nos gastos de funcionamento da entidade.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA: APLICACIÓN RETROACTIVA DA NORMA MÁIS FAVORÁBEL

Posto que o capítulo VI desta ordenanza establece un réxime de baremación das sancións e uns criterios para a graduación das sancións máis favorábeis para as persoas infractoras que os recollidos na ordenanza ata o de agora en vigor, será de aplicación a nova ordenanza a todos os expedientes sancionadores que estean en fase de instrución no momento da entrada en vigor desta ordenanza e sobre os que aínda non se ditara a resolución administrativa correspondente.

Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza, rexeranse pola normativa que no seu momento lle fora de aplicación, en todo o que sexa máis favorable á persoa beneficiaria.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA: DERROGACIÓN DA ORDENANZA PROVINCIAL REGULADORA DO CONTROL FINANCEIRO E DOS PROCEDEMENTOS DE REINTEGRO E SANCIONADORES DERIVADOS

Coa entrada en vigor desta ordenanza quedará derrogada a ordenanza provincial reguladora do control financeiro e dos procedementos de reintegro e sancionadores, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 24 de abril de 2015 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 116 do 22 de xuño de 2015.

DISPOSICIÓN FINAL: A ENTRADA EN VIGOR

A presente ordenanza seguirá a tramitación prevista no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, e logo da súa aprobación definitiva será publicada no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor una vez que transcorran quince días hábiles desde a súa publicación."

30.- Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP para financiar o programa COOPERAMOS+, no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2020

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º. Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa á Unión de Cooperativas EspazoCoop, para o desenvolvemento do programa "COOPERAMOS ",

por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da mesma.

2º. No expediente de tramitación da concesión da subvención nominativa á Unión de Cooperativas EspazoCoop, aprécianse razóns de interese público que acreditan esta concesión, como se indica a continuación:

- A Unión de Cooperativas EspazoCoop a través do programa “COOPERAMOS ” ten por finalidade principal, na situación extraordinaria derivada da crise da Covid 19, apoiar ás cooperativas prexudicadas pola mesma e impulsar o cooperativismo para grupos promotores da provincia da Coruña, en especial os que provengam de empresas ou sectores en crises, no ámbito provincial.
- A importancia do programa “COOPERAMOS” radica na capacidade do cooperativismo, e másconcretamente o cooperativismo de traballo asociado, para dar resposta dunha maneira eficaz ao acceso ao emprendemento de colectivos con especiais dificultades -como os das persoas en risco de exclusión-, despedidas por crises ou reconversión empresarial, persoas novas ou de mulleres, tanto no ámbito urbano como no ámbito rural, onde non se consolidan outro tipo de iniciativas.
- A transcendencia do programa “COOPERAMOS” vén orixinada pola necesidade de reactivación e supervivencia da actividade e mantemento do emprego das pequenas cooperativas da provincia da Coruña, maiormente microempresas e nunha situación agravada pola crise da Covid 19.
- O desenvolvemento do programa COOPERAMOS supón un efecto positivo sobre a creación de emprego e a xeración de riqueza do tecido produtivo provincial, tras anos de crise económica e financeira que afectou á actividade produtiva e ao mercado laboral, situación agravada na actualidade pola crise da Covid-19. O programa contribúe por tanto, á promoción dos intereses da provincia e de empresas ou sectores en crises.
- A Unión de Cooperativas EspazoCoop é unha entidade multisectorial de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, integrada por cooperativas de distintas clases, inspirada nos principios cooperativos e os seus valores e que ten como obxectivo: agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.

3º. Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP, CIF G-70506662, para financiar o programa COOPERAMOS .

4º. A subvención provincial prevista no convenio de colaboración ascende a un total de 47.040,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80%.

5º. A subvención poderá facerse efectiva, de acordo con as previsións e requisitos fixados no convenio, con cargo á partida orzamentaria 0520/24100/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

O texto íntegro do convenio é o seguinte

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP PARA FINANCIAR O PROGRAMA COOPERAMOS+, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL), ANUALIDADE 2020

Na Coruña, a ……..

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, _____, en representación da Unión de Cooperativas EspazoCoop,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Unión de Cooperativas EspazoCoop consideran de gran interese para a provincia potenciar o cooperativismo e en concreto do cooperativismo de traballo asociado, apoiando a reactivación e supervivencia da actividade e mantemento do emprego das pequenas cooperativas da provincia da Coruña, maiormente microempresas, cuxa situación xa de por si complexa, se viu agravada pola crise da Covid- 19.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Unión de Cooperativas EspazoCoop, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Unión de Cooperativas EspazoCoop, CIF G-70506662, para o financiamento do programa “Cooperamos+”, cuxo obxectivo consiste en apoiar ás cooperativas prexudicadas pola crise da Covid- 19 e impulsar o cooperativismo para grupos promotores da provincia da Coruña, en especial os que proveñan de empresas ou sectores en crise, no ámbito provincial. Ao tempo que servir como ferramenta que impulse as alternativas laborais asesorando e acompañando a grupos promotores, para a posta en marcha de novos proxectos, analizando tanto a viabilidade técnica coma a económica e organizativa do seu proxecto empresarial.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Unión de Cooperativas EspazoCoop levará a cabo as actividades do programa, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Cooperamos+ ACOMPAÑAMENTO	**33.600,00€**
Soldos e salarios do persoal imputado ao programa	25.541,62€
Seguridade Social a cargo da entidade	8.058,38€
Cooperamos+ IMPULSO	**25.200,00€**
Soldos e salarios do persoal imputado ao programa	19.156,21€
Seguridade Social a cargo da entidade	6.043,79€
Total custo proxecto	**58.800,00€**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 47.040,00€, o que representa unha porcentaxe do 80% do custo do proxecto.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Unión de Cooperativas EspazoCoop obteña para a mesma finalidade.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

Corresponderalle á Unión de Cooperativas EspazoCoop o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

No caso de que a Unión de Cooperativas EspazoCoop tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el

os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na web: www.emprego.dacoruna.gal

Coa memoria e conta xustificativa, a Unión de Cooperativas EspazoCoop achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 53ª das de execución do Orzamento para o ano 2020, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:

a) Requiririase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente, polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 po 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logro de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

d) En todo caso o beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade....”. Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado como unha infracción simple e sancionada co importe que resulte da aplicación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias”.

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

“3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable”.

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol da Unión de Cooperativas EspazoCoop, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A Unión de Cooperativas EspazoCoop estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Unión de Cooperativas EspazoCoop, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, non seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demáis xustificante de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
5. A entidade deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

6. A Unión de Cooperativas EspazoCoop estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.
7. Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Unión de Cooperativas EspazoCoop na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de marzo de 2020 e ata o 31 de decembro de 2020.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a Unión de Cooperativas EspazoCoop deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Unión de Cooperativas EspazoCoop para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Unión de Cooperativas EspazoCoop na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a correcta e axeitada xustificación dos compromisos adquiridos polo beneficiario sen que se lle abonase o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao aboamento do xuro legal do diñeiro, computado desde a finalización do prazo de catro meses antes indicado ata a data do pago efectivo. Se a xustificación documental fose incompleta ou insuficiente o prazo de cómputo dos xuros iniciarase cando o beneficiario emendase as deficiencias detectadas perante a Administración provincial.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Unión de Cooperativas EspazoCoop deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial serán determinadas por ésta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Unión de Cooperativas EspazoCoop destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Unión de Cooperativas EspazoCoop poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Unión de Cooperativas EspazoCoop queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Unión de Cooperativas EspazoCoop serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Unión de Cooperativas EspazoCoop será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de marzo de 2020 e ata o 31 de decembro de 2020,** sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de abril de 2021**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a Unión de Cooperativas EspazoCoop non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación **antes do 30 de abril de 2021**, deberá solicitar alomenos un mes antes desta data a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de

que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá aprobar por resolución da presidencia a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2021**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Unión de Cooperativas EspazoCoop perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e o da Unión de Cooperativas EspazoCoop, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña	Pola Unión de Cooperativas EspazoCoop
Asdo:	**Asdo:"**

31.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), para cofinanciar o proxecto "Asesoría Enerxética 2020"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdad e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC), CIF G70053087, para regular a achega de **34.500 €** para cofinanciar o proxecto "ASESORÍA ENERXÉTICA 2020", cun orzamento subvencionado de 44.235,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 77,99 %.

4 Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220200000506, do 22.01.2020, da Partida 0520/4251/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021, tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de agosto de 2021.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC), PARA FINANCIAR O PROXECTO "ASESORÍA ENERXÉTICA 2020"

Na Coruña a … de …..... de 20....

REUNIDOS

D. ....., en representación da Deputación Provincial da Coruña

D. ....., en representación da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

A Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) é unha entidade sen ánimo de lucro, fundada en maio de 2006 por iniciativa da Deputación da Coruña, a través do programa Intelligent Energy-Europe (EIE), co fin de alentar accións a nivel provincial para a utilización eficiente da enerxía e o uso dos recursos enerxéticos provinciais.

A FAEPAC foi clasificada de interese industrial pola Orde do 28 de xuño de 2006, da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (D.O.G. do 19 de xullo de 2006) e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Innovación e Industria, do 15 de setembro de 2006 (D.O.G. do 11 de outubro de 2006).

En liña coa política enerxética marcada pola Unión Europea e dos compromisos internacionais adquiridos por España a través da sinatura do protocolo de Quioto, se pretende contribuír a reducir as emisións de CO2 e doutros gases contaminantes, para cuxa consecución faise imprescindible o fomento de políticas de aforro e eficiencia enerxética e de promoción de enerxías renovables a todos os niveis.

De acordo cos seus estatutos, a FAEPAC ven desenvolvendo nese ámbito liñas de traballo xa consolidadas, entre as que figura un servizo gratuíto de asesoramento á cidadanía sobre a factura eléctrica, o bono social, e o aforro e eficiencia enerxética no fogar, que se integran no denominado proxecto “Asesoría Enerxética”.

O apoio da Deputación da Coruña ao proxecto “Asesoría Enerxética” que a FAEPAC desenvolve, permite beneficiar a un maior número de fogares e cidadáns da provincia, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), NIF G70053087, para financiar o proxecto **“ASESORÍA ENERXÉTICA 2020”**, no que se integran as actividades de asesoramento á cidadanía da Provincia da Coruña sobre a factura eléctrica, o bono social, e o aforro e eficiencia enerxética no fogar.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen se definen no proxecto, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Salarios (*)	40.775,06 €
Subministracións (material funxible)	2.500,00 €
Desprazamentos	960,00 €
TOTAL	**44.235,00 €**

(*).- Inclúese un técnico, a xornada completa durante todo o ano, e unha administrativa cunha dedicación ao proxecto do 10 % da súa xornada laboral.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **34.500,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **77,99 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **77,99** % da cantidade efectivamente xustificada.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á vinculación xurídica na aplicación orzamentaria 0520/4251/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FAEPAC obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes

emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certifdicación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.

2. Unha vez rematadas as actividades, a FAEPAC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FAEPAC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FAEPAC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FAEPAC na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FAEPAC terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A FAEPAC deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FAEPAC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só

excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FAEPAC deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FAEPAC poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FAEPAC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimiento también poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 72, do 15 de abril de 2019).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 72, do 15 de abril de 2019).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FAEPAC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de agosto de 2021 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2020.

2. Para o caso de que a FAEPAC non poda presentar a xustificación antes do 31 de agosto de 2021, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2021. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas aas dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN,	A REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA,
D.	D. ....."

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

1.Moción Plan Integrado Emprego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano 2020 pasará á memoria colectiva como o ano da crise sanitaria, pero tamén da volta dos peores agoiros a respecto da estabilidade do sistema laboral e da equidade social non só na sociedade galega, senón a nivel global.

A pandemia veu para lembrarnos que a seguridade laboral, no sentido da blindaxe da empregabilidade, é un asunto aínda pendente nas axendas.

Esta situación e este contexto brigan máis que nunca ás administracións públicas a intervir na economía, tanto para regulala, como para estimulala e para favorecer a integración na mesma de segmentos sociais que as novas circunstancias desprazaron até a precariedade ou o desemprego.

Un dos instrumentos para levar a cabo a intervención no mercado laboral coa finalidade de mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral de persoas desempregadas son os chamados Programas Integrados de Emprego (PIE).

Estes programas están adicados á formación e orientación laboral en diversos ámbitos profesionais, e fornecer ao usuario mecanismos de intermediación laboral para a facilitación da súa inserción no mercado laboral.

Os PIE son financiados pola Consellería de Emprego e executados a través dos Concellos e tamén a través de entidades sociais. Son precisamente os Concellos os que sportan a maior carga de ditos programas, pola súa cercanía á cidadanía e pola facilidade que teñen á hora de interactuar e interveir no mercado.

En todo caso, os fondos para os Programas integrados de emprego supoñen un importante recurso dos concellos para as actuacións de acompañamento da inserción laboral e mellora da ocupabilidade das persoas demandantes de emprego, e aínda con maior intensidade nos concellos máis pequenos, por seren os que menos recursos propios teñen.

A relevancia destes progrmas non se corresponde co peso orzamentario que estes acarrean para a Xunta, e menos aínda no documento orzamentario a debate estes

dáis no parlamento galego.

Os PIE durante a convocatoria de 2018 tiñan consignados 5.300.000,00€ a executar por entidades locais e 5.600.000,00€ a executar por entidades sen ánimo de lucro; en canto ao 2019 concedéronse 5.000.000,00€ para entidades sen ánimo de lucro e outros tantos para entidades locais.

Para o ano dispuxéronse 1.666.666,67€ para as entidades locais e 6.733.333,33€ para entidades sen ánimo de lucro, reducindo de forma drástica o número de programas concedidos a entidades locais, que pasa de 22 no ano 2019 a 7 no ano 2020. Este recorte das partidas orzamentarias para a execución dos programas integrados de emprego polas entidades locais, supón un incomprensible desinterese pola primeira liña, condición que se agudiza nos concellos pequenos e rurais que carecen de recursos propios para aplicar políticas activas de emprego e causará gravosos prexuízos para os demandantes de emprego, moito mais tendo en conta o impacto económico negativo que está a causar a epidemia da COVID-19.

Por todo isto, propoñemos os seguintes ACORDOS:

Primeiro:

Instar a Xunta de Galicia, en concreto a Consellería de Emprego e Igualdade, a realización dun incremento do orzamento previsto para a execución de programas integrados por entidades locais no bienio 2020-2021, que cando menos, non sexa inferior ao previsto para as entidades sen ánimo de lucro, e canto menos en igual ou superior contía a do ano anterior, e que permita adaptarse ao novo contexto trala irrupción da COVID –19 para que os concellos e entidades locais poidan, verdadeiramente, axudar aos veciños na inserción ou reinserción laboral.

Segundo:

Dar traslado deste acordo á Consellería de Emprego, á Xunta de Galicia, así como a todos os grupos parlamentarios representados no Parlamento Galego.

Sr. presidente

Hai unha moción, única moción, presentada polo Grupo Marea Atlántica sobre o Programa Integrado de Emprego.

Sr. Lema Suárez

Bo día, presidente, bo día tamén aos compañeiros. En primeiro lugar quero expresar no nome de Marea Atlántica, pero estou seguro que me acompañarán nesta proposta a maioría ou a totalidade dos presentes no Pleno da Corporación da Deputación da Coruña, a nosa solidariedade cos traballadores da fábrica de Alcoa da Coruña que se están manifestando a estas horas ás portas da fábrica porque están nunha situación de folga indefinida ante o despedimento inxusto dalgúns dos seus compañeiros. Eu creo que é unha situación de sensibilidade e de solidariedade que compartirán, probablemente, o resto dos membros desta Cámara. Desculpen que non nos dera tempo a incluír como unha proposta na orde do día do Pleno.

A moción que traemos a debate e aprobación trata do desinvestimento que vén padecendo nas últimas datas os Programas integrados de emprego.

(le o texto da moción)

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todas e a todos. Nós en relación a esta moción sobre todo centrarnos no que é o formato destes programas e os destinatarios e destinatarias aos que vai dirixido. Os programas integrados de emprego diríxense a persoas desempregadas con baixa cualificación, de xeito prioritario, e tamén contemplan liñas específicas para a formación e inserción sociolaboral en exclusiva de mulleres.

Como ben di a moción, logo deste ano 2020, do impacto a nivel económico, social e laboral, vemos nos datos de desemprego que os datos seguen sendo dramaticamente peores para as mulleres que para os homes. Entendemos que programas que contemplan liñas específicas para a inserción sociolaboral para o colectivo de mulleres, en especial para a aquelas persoas que, efectivamente, contan cunha menor cualificación e que, polo tanto, resulta evidente que van ter máis complexo poder adaptarse a un entorno laboral que, xa o vemos, vai ser cambiante.

En relación ao rol dos concellos no desenvolvemento destes programas, redundando na cuestión dos colectivos aos que van dirixidos, entendemos que moitas veces para o seu aproveitamento para a inserción laboral eficiente, estas persoas precisan tamén dun acompañamento no que entendemos que os servizos sociais de base xogan un papel estratéxico e fundamental para dar garantía e éxito a esa inserción, atendendo tamén a esa sensibilidade por parte das administracións, coa realidade na que vivimos, entendemos que non é, nin moito menos o momento para reducir o investimento en programas de formación e inserción laboral que poidan supoñer o apoio necesario para que as persoas con menos vantaxe poidan reincorporarse ao traballo, tendo en conta que a situación de desemprego é un factor fundamental de vulnerabilidade e de risco de exclusión social. Nese sentido compartimos o que se pide na moción, e expresamos o noso voto favorable para ela.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós compartimos tamén o fondo e a forma desta moción, desde logo non podemos entender como se aplica unha diminución desas características, ademais por parte dunha administración que pretende aprobar un orzamento de máis de 11.000 millóns de euros. Cabe destacar que esta Deputación, cun orzamento de 180, puxo 12 millóns de euros no Plan de emprego, neste PEL, aprobado hai anos por este actual goberno. Neste caso a Xunta de Galicia para o 2021 pon aproximadamente uns 8 millóns de euros, fronte aos 12 millóns que pon a Deputación para o Plan de emprego, é unha forma de comparalos, evidentemente haberá outro tipo de investimentos por parte da Xunta, pero si chama a atención esa redución nun momento de crise, ou de precrise, e ademais nun momento no que a propia

Consellería e a Xunta de Galicia na súa publicación, ou nas publicacións que realizaron dos orzamentos, os venden como uns orzamentos encamiñados a recuperar a economía e o emprego. Pois fraco favor se fai á recuperación, polo menos do emprego, ou á xeración do emprego, se se pode ver así, reducindo os importes das achegas que se fan, sobre todo aos concellos que ademais, como ben sabemos todos e todas, estamos moi necesitados de persoal polas limitacións que temos á contratación impostas ao longo dos últimos anos.

Polo tanto nós, repito, apoiamos esta moción e imos votar favorablemente. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día a todos. Permitídeme empezar expresando os meus mellores desexos para a toda Corporación cara ao 2021 que está próximo a comezar, seguro que é un dos principais desexos de todos nós, como é o de deixar atrás a pandemia que marcou este 2020 e suscitaría bastante consenso, por non dicir unanimidade. Non semella que isto poida ser posible en relación coa moción que hoxe trae a debate Marea Atlántica. Si compartimos con vostede, Sr. Lema, a preocupación pola incerta, ou por desgraza, cada vez máis certa situación económica que está a provocar a pandemia, e máis aínda se cabe, polas seguras consecuencias sociais que vai provocar. Tamén coincidimos con vostede en considerar os programas integrados de emprego unha valiosa ferramenta dirixida á mellora da empregabilidade e a inserción laboral de persoas demandantes en situación de desemprego.

Non obstante, é importante non esquecer que os PIE axudan a mellorar a empregabilidade, pero non crean emprego. É por que dicimos isto?, porque no actual contexto a prioridade non pode ser outra, sen desatender outros programas, como por exemplo este, que por un lado tentar manter o emprego, evitando así que sigan a pecharse empresas e a baixarse persianas, e por outra, activar a economía e xerar emprego. Este é o modo de combater a pandemia económica e, polo tanto, tamén a pandemia social que inevitablemente leva aparellada. E esta foi a prioridade da Xunta nestes meses en materia de emprego, e por iso, entre outras medidas, acometeu unha loita contra a Covid activando un plan de rescate de oitenta e catro millóns de euros de apoio aos sectores e actividades máis afectados polo impacto da pandemia e dirixido a máis de 30.000 autónomos, por exemplo, ou 10.000 microempresas, ou adaptando medidas de flexibilidade para as accións formativas no ámbito concreto da formación profesional para o emprego ante a suspensión temporal das accións presenciais, ampliando os prazos nas convocatorias para esas accións formativas, para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral e para convocatorias de obradoiros duais de emprego, obradoiros de emprego para persoas mozas e tamén para estes programas integrados de emprego, ou tamén impartindo cursos para formación dixital, para formadores, para maiores de corenta e cinco anos e para parados de longa duración e persoas autónomas.

Esa, por tanto, e non outra, vai ser, ten que ser necesariamente, a prioridade dos orzamentos da Xunta para o 2021, que se vai traducir nun esforzo investidor clave para reactivar a economía, aumentando nun 53% os gastos de capital, e sobrepasando a barreira dos 2.500 millóns de euros, que é récord histórico, que

ademais significa, por exemplo, multiplicar por tres o investimento previsto nos orzamentos xerais do Estado para Galicia.

E tamén esa vai ser a prioridade nos orzamentos da Consellería de Emprego e Igualdade para este ano 2021, orzamentos que crecen, os desta Consellería, máis dun 32% respecto ao ano 2020, ata acadar un importe total de 355 millóns, que incrementan as axudas para desempregados e as empresas en crise ou en ERTE, que tamén poderán, a partir deste ano, beneficiarse dos cursos dirixidos a ocupados, que reforzan máis ca nunca a partida dedicada a emprego e traballo autónomo e economía social, cun investimento de máis de 184 millóns de euros, e que supón un incremento da dotación orzamentaria dun 88%. E dedican máis de 152 millóns de euros á área de formación e colocación, que medra preto dun 3% respecto do ano 2020 e que vai apostar pola orientación laboral e pola formación, incluíndo convocatorias de teleformación en aula virtual para este ano 2021.

Pero todo isto, insisto, sen desatender outros programas, como é o caso dos programas integrados de emprego que son obxecto deste debate. Estes programas mantéñense intactos para o ano 2021 e garantirán a formación de 3.400 persoas desempregadas, por un período de 12 meses, a través de sete programas executados por concellos, e outros 27 por entidades sen ánimo de lucro. Do total, oito destes programas ademais están destinados exclusivamente a mulleres co obxecto de que reciban atención e existe a posibilidade de ampliar este orzamento da convocatoria para o vindeiro ano e o crédito destinado, polo tanto, aos cursos e aos programas a desenvolver por entidades locais, se nas conferencias sectoriais do Estado, este opta por incrementar os fondos finalistas que se distribúen ás autonomías. Ante esta posibilidade, máis que probable de ampliación de crédito, por iso o investimento inicial ademais está dedicado no ano 2021 a ampliación dos prazos para os programas integrados de emprego programados no ano 2020, que se viron, por razóns obvias, gravemente afectados no seu normal desenvolvemento por razón da Covid-19.

Por tanto, é máis imprescindible ca nunca, Sr. Lema, que á parte de traer vostede hoxe aquí esta moción, fale cos seus compañeiros de Madrid, porque vostedes, aínda que se resisten a ser conscientes de que son goberno, son goberno, non son oposición da oposición, aínda que habitualmente exerzan de tal, son goberno, ou no caso tamén do Bloque Nacionalista Galego, facilitaron ese Goberno, aínda que semella que tamén ultimamente xa escarmentaron. Pelexen canda a Xunta para acadar esa ampliación de fondos finalistas, e pelexen tamén por ese fondo Covid municipal de 3.000 millóns de euros prometidos polo Goberno. Hai máis dun mes que Sánchez comprometeu por escrito á FEMP, porque parece que xa nin Abel Caballero se fía da súa palabra, comprometeu por escrito á FEMP que antes de que rematara o ano se aprobaría ese fondo tan necesario para as entidades locais, nomeadamente para os concellos, que afrontaron en solitario a loita contra a pandemia, orfos dun Goberno, a pesar de ser estes concellos a administración máis próxima á cidadanía.

De verdade que, e xa remato, gustaríame cambiar esta intervención, porque onte no último Consello de ministros do ano o Sr. Sánchez me desmentira, e mire o que lle digo, é dicir, que aprobara ese fondo e mesmo aínda que o mandara envolto neses adhesivos tamaño XXL, que tanto se estilan nestes días, pero non foi así,

decidiron dedicar ese último Consello á propaganda e abrir as portas a unha lei da coroa, sen dúbida moito máis urxente que este fondo, a pesar de que segundo o propio CIS de Tezanos, apenas un 0,3% da poboación a sinala entre as súas inquedanzas.

Por todo isto é polo que non podemos apoiar a súa moción, porque entendemos que a Xunta, pese a ter claras as prioridades en materia de emprego, formación e colocación na actual circunstancia, si que non está a desatender os programas integrados de emprego, estaos a manter e ademais contamos con que coa axuda de todos o Estado poida ampliar os fondos e poidan incluso verse ampliados e poder ampliar estes programas integrados de emprego ao longo do ano 2021. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Por ser breves, máis ben, teño que agradecerlle ao Sr. Roberto García que parta desde o recoñecemento de que a Xunta de Galicia non acredita nas políticas activas de emprego, acredita noutras ferramentas, como o investimento, que desde logo son necesarias, e non discutimos, pero estamos falando de políticas activas de emprego, non de investimento e infraestruturas, que é outra cuestión, Sr. García, estamos falando simplemente de políticas de emprego.

A Consellería de Emprego e a Xunta de Galicia dirixida polo Sr. Feijoó nunca se distinguiron pola súa excelencia nas políticas activas de emprego, é algo residual, simbólico, repetitivo, rutineiro, que se fai porque queda mal quitalo, porque digamos que politicamente é unha opción imposible eliminar completamente as políticas activas de emprego, pero desde logo nunca a Xunta de Galicia se distinguiu por isto. Comparativamente, pensamos no caso de Asturias, mesmo no caso de León, mesmo no caso, tantas veces citado, ou tantas veces evocado pola Xunta de Galicia, do País Vasco, onde existen políticas activas de emprego que realmente teñen capacidade para mellorar a empregabilidade das persoas que están en situación de desemprego, aínda que sexa un marco complexo, nun mercado laboral desregulado, en situación de crise, esta é unha ferramenta supervaliosa, que non debe de ser en ningún caso postergada, como está facendo a Xunta de Galicia pola vía dos feitos, reducindo de vinte a sete os programas para os concellos, e basicamente pola vía das cifras, pola vía do desinvestimento, e isto é responsabilidade unicamente da Xunta de Galicia e non do Goberno do Estado, Sr. García, porque parece que estamos aquí confundíndonos tal vez de Pleno, estamos no Pleno da Deputación da Coruña, falando de cuestións que atinxen aos concellos da provincia coruñesa, que son os que trasladan esta moción pola cal se solicita que se manteña o investimento, xa escaso, en programas de inserción laboral, e vostede contéstame referíndose ao Goberno do Estado. Realmente non é desviando a atención, que realmente non é o que vimos aquí a debater hoxe.

Direille en todo caso por non desmerecer, ou por non pasar por alto esa mención súa, que desde o meu punto de vista o Ministerio de Traballo, dirixido pola ministra Yolanda Díaz, é das boas novas deste ciclo durísimo pasado, do ano 2020, no que creo que tivo a actitude que debía de ter en defensa, por fin, dos intereses da clase traballadora, desde o punto de vista da concertación e o diálogo social. Despois de que padecésemos no 2011, xa que facemos un pouco de memoria sobre este

caso, unha reforma laboral unilateral e non pactada por parte do Goberno de Rajoy, agora estamos vendo que é posible o diálogo social para avanzar na recuperación de dereitos, e isto, esta situación, esta reversión da longa xeira de desregulación do mercado laboral está sendo encabezada polo ministerio que dirixe Yolanda Díaz, á cal, francamente, manifféstolle as miñas felicitacións polo seu traballo. Eu creo que se demostra que é posible gobernar en sentido distinto ao que vimos padecendo durante os últimos anos.

Pero regresando ao sentido da moción, basicamente a nosa denuncia visibilízase nos feitos, visibilízase nunhas cifras que son pasar deses 5.600.000 euros de investimento a escasamente un millón e medio. Por tanto, non dixo vostede, Sr. García, ningún argumento que fixese mudar o fondo da formulación desta moción que mantemos, por tanto, inalterada. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo. A verdade é que se me cortan un brazo, non sangro. E dígoo porque a afirmación do representante do Partido Popular, que me acaba de deixar pampo, e cito textualmente: "Os PIE axudan a mellorar a empregabilidade, pero non a xerar emprego". Non sei, paréceme a aquilo da parte contratante da primeira parte, é dicir, se axudan á empregabilidade, axudarán a xerar emprego, digo eu. Pero á parte, xa non é que o diga eu, vou lerlle o que di a propia Xunta de Galicia na súa páxina web, respecto dos PIE: "Os programas de integración de emprego do PIE levan aparellado o compromiso de inserir laboralmente a un mínimo do 35% das persoas demandantes de emprego atendidas durante o desenvolvemento do Programa. A inserción media acadada por programas integrados de emprego nos últimos anos é dun 40%. Entre os obxectivos que se perseguen é a integración e a inserción laboral das persoas en situación de desemprego". Non o digo eu, Sr. García, dío a propia Xunta de Galicia. Polo tanto, o que di vostede queda desmentido, non por quen está a falar, senón pola Xunta de Galicia. Dicir que os PIE axudan á empregabilidade, pero non axudan a xerar emprego, eu penso que é unha contradición en si mesma, é unha contradición en si mesma que ao final o que vén deixar claro e a constatar, é que non hai argumentos. O mesmo que dicir, ese mantra, antes a culpa é de Zapatero, agora a culpa é de Pedro Sánchez, xa sabemos que a culpa sempre é de alguén que non sexa a Xunta de Galicia. Pero é curioso, que resulta que a Xunta de Galicia cando presenta estes orzamentos di que son os orzamentos que teñen o teito de gasto máis alto da súa historia, 11.664 millóns de euros, e resulta que vostede vincula a redución, ou polo menos o non incremento, ou polo menos a non equiparación dos fondos que hai para os PIE neste ano con respecto a anos anteriores a que o Goberno do Estado non lle dea más cartos. Pero se vostedes mesmos acaban de dicir que ten o teito de gasto máis alto da historia, da serie histórica de todos os orzamentos da Xunta de Galicia.

Polo tanto, teñen máis cartos para gastar ca nunca, e tendo máis cartos para gastar ca nunca deciden vostedes reducir os fondos que había para os PIE, diso non ten ningunha culpa o Sr. Pedro Sánchez porque se o ano anterior, o ano 2019, o ano 2017, o ano 2020, o ano 2016, había máis fondos que agora con menos orzamento, non terá culpa o Estado, se agora temos o orzamento máis alto da historia da Comunidade. Pero ben, a culpa é de Pedro Sánchez, de Podemos, do BNG, a culpa é de todo o mundo, pero quen toma a decisión de que a partida para os PIE sexa a que

é, é a Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular, nin se lle consulta ao Goberno do Estado, nin ao Partido Socialista, nin ao BNG, nin á Marea, nin a ninguén, decídeno vostedes. Polo tanto, responsabilizar disto a calquera destes Grupos é totalmente absurdo, e réstalle a vostede, cando menos coherencia, non vou dicir algo máis, pero cando menos coherencia.

Despois chama a atención, claro, a veces emocionámonos tanto coas afirmacións que dicimos a verdade, sen quere dicila, como é o caso. Dicía vostede, os concellos que afrontaron a pandemia en solitario, menos mal, menos mal que o empezamos a recoñecer, pero é que este país non é como Portugal, aquí hai autonomías, e se a afrontamos en solitario tamén é porque a autonomía non colaborou cos concellos. E erixirse aquí como representantes máximos defensores dos concellos, cando a Xunta de Galicia nos leva *birlado*, por utilizar de forma coloquial o termo, catorce millóns do Fondo de Cooperación Local, que quere que lle diga?, tampouco eu creo que lle dea a vostede moita credibilidade, ou polo menos ao seu Grupo.

Sobre os carteis xigantes, eu penso que entrar nese tipo de afirmacións, que está moi ben como chiste, todos lembramos aquelas máscaras que se entregaban ás persoas maiores nas farmacias, co logo da Xunta de Galicia, é dicir, aquí o que máis e o que menos fai, digamos, propaganda, pódese dicir, dunha administración, o Goberno do Estado ou a Xunta de Galicia, non leva o logo do PSOE, nin de Podemos, nin da Marea, nin do BNG, nin o outro leva o logo do PP. Polo tanto, igual que a Deputación, cando fai algún tipo de investimento, e leva o logo da Deputación, faino dunha administración, independentemente de quen a xestione, e vai sendo hora de que abandonen vostedes iso que ten no seu subconsciente de que a administración é propiedade do partido que a goberna, de aí que o leve a vostede a identificar Goberno do Estado nun cartel con PSOE e Podemos, cando o que está é promocionando o Goberno do Estado, da mesma forma que a Xunta de Galicia, cando pon nesas máscaras Xunta de Galicia para a xente maior, non é o Partido Popular, é a Xunta de Galicia. Polo tanto, é importante que teñamos os termos claros para que non nos poidamos confundir.

Penso que é un tema que non ten ningunha defensa, absolutamente ningunha, e ás probas me remito, a súa argumentación non podía ser peor. Primeiro botando balóns fóra, falando dunha administración que nada ten que ver con isto, cando ademais, repito, teñen vostedes o orzamento máis alto da súa historia, e presumen diso, cando vostedes ademais desde a Xunta de Galicia presumen de que este é un orzamento orientado e dedicado á xeración de emprego e á recuperación económica, e cando vostede comeza a súa intervención dicindo que os PIE axudan á empregabilidade pero non á xeración de emprego. Penso que non hai peor forma de empezar unha argumentación para defender unha postura que facelo cunha contradición dese calibre. Polo tanto, penso que pouco máis se pode dicir a este respecto, máis alá de que intentan defender vostedes unha decisión da Xunta de Galicia, que non ten ningún sentido e que non pode ser defendida por quen, en primeiro lugar, que queira loitar contra o desemprego e que queira colaborar co fomento de emprego, e que queira facelo ademais desde o municipalismo, que é unha cuestión bastante importante.

Polo tanto, nós, repito, imos votar favorablemente esta moción e non

acabamos de comprender esta parte contratante da primeira parte que nos acaba de expoñer o Partido Popular. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Simplemente para puntualizar determinadas cuestións. En relación coa intervención do Sr. Lema, dicir que eu aquí afirmei que a Xunta de Galicia non acredita nas políticas activas de emprego, moi mal debín de expresarme. O que eu dixen foi que o contexto actual esixe actuar en varios frontes.

E si, Sr. Fernández, si, axudan á empregabilidade, pero non crean postos de traballo, non crean os postos nos que hai que empregar a quen forman parte e participan deses plans integrais de emprego. Se vostede quere entender, que capacidade ten, eu acredito, entende, pero está ben claro, o que se fai é formar demandantes de emprego para que teñan unha mellor cualificación, unha mellor condición para acceder a un posto de traballo, pero o posto de traballo non o crea o Programa integral de emprego, iso seino eu, e se quere, sábeo vostede. Por certo, falando de coherencia, a ver, a min pódenme gustar máis ou menos as intervencións do resto dos Grupos, pero claro, que veña vostede a falarme de coherencia cando saca aquí a relucir catorce millóns da Xunta en relación co municipalismo, cando o Goberno en Madrid, aínda non sabemos nada dos 1.700 que ten aínda pendentes, se quere falamos de coherencia.

Pero ben, volvendo ao tema, Sr. Lema, eu si que desde logo, xa o apreciaba e respectaba, pero hoxe gañouse vostede o respecto practicamente xa para o ano que vai empezar completo, porque defender a xestión que está a facer a Sra. Yolanda Díaz, a verdade é que hai que recoñecer que, efectivamente, iso hai que ter valentía e hónrao, hónrao, eu recoñézoo, evidentemente, espero que teña máis éxito explicando o futuro diálogo social, do que tivo explicando hai seis meses os ERTES, penso que será moi boa nova para todos. E, en todo caso, o diálogo social, home, a min non me veña dicir vostede que agora a Sra. Díaz inventou o diálogo social. No peor da anterior crise, e por certo, tamén, xa que estamos falando de emprego, ao mellor tamén hai que lembrar como son os ciclos de emprego neste país, é dicir, quen eleva ou quen manda a curva abaixo en vermello, e quen logo a pon arriba en azul, e mesmo incluso o de vermello e azul tamén serve para outro tipo de identificación máis alá de que a curva baixe ou suba. Pero quero dicirlle que no ano 2010, no peor da anterior crise que herdamos do anterior goberno socialista, xa houbo diálogo social en Galicia, mire, eu estaba alí e vin como se asinou, estaban evidentemente o Sr. Feijóo e os representantes empresariais e sindicais, por tanto, só faltaría que agora, xa dentro desa orxía propagandística viñeran dicirnos que o diálogo social o inventou tamén a Sra. Díaz.

Hai outra ministra tamén, probablemente se lles esqueceu entre ese Consello tan amplo, pero é dicir, hai dentro desas vinte e tres persoas que forman o Consello de Ministros, hai outra ministra de política territorial da que non se sabe nada, e claro que estamos falando aquí de que os concellos estiveron orfos, efectivamente, Sr. Fernández, orfos dun goberno, foi o que dixen eu, dun goberno nacional que non quixo saber nada, que é máis, que non esquecemos que o que intentou facer foi expropiarlle os aforros, non imos ter outra vez xa a piques de rematar este ano esa discusión, pero eses aforros non se expropiaron simplemente pola mobilización que

xerou ese intento, non só porque se opuxera o Partido Popular, recórdolle cal é, se é necesario, a composición da FEMP, recórdolle cal foi o resultado da votación en Madrid. Penso que vostedes, vostedes só se acordaron dos concellos en plena crise da Covid para intentar levarlles os aforros que son dos veciños, aínda por riba para levarllos para facer algo que non tiña nada absolutamente que ver co combate na pandemia, é dicir, non puideron levarlle os cartos para non axudalos e aínda por riba logo ese prometido fondo de 3.000 millóns, onde está?, non está, e por escrito o Sr. Sánchez, presidente do Goberno, díxolle á FEMP, onde están representadas todas as entidades locais deste país, que antes de que rematara o ano, vía Rel decreto, ese fondo ía estar aprobado, e non o está. Eu entendo que isto non lle guste escoitalo, non é cuestión de coherencia ou non, é cuestión de que, efectivamente, non está, non está, e non hai máis historia ao respecto.

Polo tanto, penso que a posición deste Partido e deste Grupo quedou clara, é dicir, cremos nos programas integrados de emprego, estamos aquí discutindo, non esquecemos, porque se mantén esa partida de xeito inicial, xa nos gustaría a nós poder discutir que as partidas que estaban nos orzamentos do Partido Popular 2018 se mantiveran nos orzamentos xerais do Estado que vén de aprobar o Sr. Sánchez, xa nos gustaría poder ter esa discusión, ou no Concello da Coruña onde nin sequera podemos discutir se soben ou baixan porque simplemente non vai haber orzamento. Polo tanto, reedítase, mantense esa aposta, coa intención de poder melloralo coa colaboración do Estado, que é o que se dixo aquí, que se espera a colaboración de todos para que ese fondo poida medrar, e nada máis.

E mire, sobre o tema dos adhesivos das máscaras, evidentemente foi unha brincadeira, non hai que poñerse así, tamén é certo que se queremos entrar no detalle, as máscaras polo menos aí a Xunta si que foi quen no peor da pandemia tivo que xestionar a súa compra, contou tamén coa colaboración doutras entidades, fixo algo á parte de poñer o adhesivo, e claro, aquí estamos falando de que o Goberno de Sánchez, ese que dicía que non quería ter dezasete plans distintos, dezasete modelos de vacinación distintos, non son distintos, todos levan o mesmo adhesivo, ese é un gran logro que fixo na loita contra a pandemia o Goberno de Sánchez.

Xa anticipo que non teño previsto volver intervir, reitero os meus desexos de cara ao próximo ano, e tamén reitero, obviamente, o sentido do voto do noso Grupo pola razóns xa expostas, que se se queren malinterpretar, ou retorcer, ou manipular, pois ben, evidentemente, alá cadaquén. Penso que quedou claro, penso que está clara a aposta pola reactivación económica, polo mantemento e a xeración de emprego e, por suposto, tamén pola política activa de mellora da empregabilidade das persoas que están desocupadas e afectadas pola pandemia, especialmente neste ano que vén de rematar. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Por rematar, antes de nada, agradecerlle ao Sr. García a súa intervención, que lle toca sempre defender vultos complicados, pero que o fai con bastante solvencia diría eu, está disposto a falar do que sexa menos do Sr. Francisco Conde que finalmente é do que se trata neste caso.

Só dúas cuestións, eu non vou discutir agora a validez de ferramentas de

inserción laboral coma esta para mobilizar emprego, hai dous puntos de vista, o da demanda e o da oferta, a mellora do demandante tamén implica que ten máis oportunidades para crear oferta. Indo simplemente a cuestión dos datos macro, os datos que fornece o Instituto Nacional de Estadística, e que se detallan para Galicia a través do IGE, do Instituto Galego de Estatística, hai que lembrar que Galicia foi a única Comunidade Autónoma que no período 2015-2019 destruíu poboación ocupada, 50.000 persoas menos, iso é algo que está accesible na páxina do IGE, e que está accesible tamén na páxina do Instituto Nacional de Estadística. Tal vez haxa algunha relación entre esas cifras de destrución de poboación ocupada, que non ten que ver, aquí non podemos xogar e confundir termos, poboación ocupada, con desemprego, con poboación activa, falo de poboación ocupada, tamén baixou o mesmo rango temporal a poboación activa, pero destruíronse 50.000 empregos en Galicia, o cal non é incompatible con que baixe o paro, iso hai que dicilo, pode baixar o paro, igualmente sobre todo cando se dá unha situación, como a que vén padecendo Galicia de baixada demográfica xeral, en tal caso, descende o paro porque descende tamén a poboación total, ou a poboación en idade activa, pero falo de poboación ocupada, 50.000 empregos menos nese período de tempo, 2015-2019. Tal vez teña que ver algo o que estamos debatendo de fondo, que hai unha despreocupación xeral, unha falta de actividade ou unha deixación de funcións por parte do conselleiro de emprego, elevado ao status de vicepresidente, por razóns que desde logo, desde o meu punto de vista, non teñen moito que ver co seu quefacer como conselleiro, senón probablemente con outras que eu descoñezo, aínda que o podo intuír, pero que desde logo non hai unha soa iniciativa política, unha política nova do conselleiro Conde digna de ser recordada. Se facemos aquí un exercicio de memoria, estou seguro de que ningún dos presentes coñece ou ten memoria de ningunha política relacionada coa promoción industrial ou coa defensa do emprego por parte do conselleiro Francisco Conde.

E, insisto, mentres isto acontece, mentres nós debatemos aquí, Galicia perde emprego, pechan as empresas e o único que recibimos por parte dos representantes da Xunta de Galicia, con mellor ou peores argumentos, con bos argumentos no caso do Sr. Roberto García, sempre, é basicamente un exercicio de balóns fóra e de situar a responsabilidade en terceiras administracións, nunca na propia.

Eu tampouco vou repetir máis a miña intervención, desexarlles a todos un bo peche de ano, e nada máis. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Non tiña pensado intervir, pero obrigádesme a intervir.

Eu estou totalmente de acordo co que di a moción, e recordar que houbo un tempo en Galicia onde ocorría máis ou menos o mesmo que o que está denunciando nesta moción, menos diñeiro aos concellos e máis diñeiro a entidades sociais, empresas, etc.

E recordar, aínda que a prensa di o contrario, que naquel momento tiven que denunciar eu esa situación, porque quedaban os concellos sen diñeiro para a política de emprego, e denunciara eu polos medios de comunicación a situación tan grave que se daba cos sindicatos, con Crespo, co presidente dos hostaleiros, que levaban

os cartos dos traballadores, así como así, sen buscar un só emprego. Iso redundou nunha denuncia que despois outras persoas, véndose afectadas polas mesmas manifestacións nos medios de comunicación, levaron aos tribunais, incluso levaron os funcionarios aos tribunais a situación.

Polo tanto, estou totalmente de acordo, máis diñeiro para os concellos e menos diñeiro para aqueles que dilapidan os cartos que van para os traballadores, totalmente de acordo nese aspecto.

E teño que dicir por outro lado que eu no Concello de Oleiros, que presido, desde hai un montón de anos, na política de emprego nós tivemos unha relación bastante boa, á marxe dese periplo determinado, no tema da creación de emprego. Nós estamos creando douscentos e pico, case douscentos setenta paréceme este ano que acaba, de traballadores que buscaron traballo a través do Concello de Oleiros no centro de formación profesional, centro que financia a Xunta, e unha cantidade importante e onde nós usamos os fondos da forma que é debido. Por tanto, ben por un lado, mal polo outro, e a moción adiante porque non se pode volver ás políticas de darlle os cartos a aqueles que os dilapidan, en contra de quen os podemos xestionar de forma correcta, que tamén hai concellos que manda c..... con eles. Polo tanto, dito isto, acabei, vou votar a moción a favor.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, está claro que máis alá da tentativa do Partido Popular, tentativa digo, porque non consegue a ollos de calquera que nos estea vendo e escoitando de botar balóns fóra, falando de Pedro Sánchez, ou dos adhesivos, ou doutras moitas cousas, o importante é que o Sr. García non me contestou ao que lle preguntei, e era por que en anos precedentes con orzamentos inferiores esta contía era superior, e por que este ano é inferior. E chama a atención que lonxe de contestar diga vostede algo que é cuestión de sumar, non ten moita complicación, dicía vostede hai un rato "Por iso este ano mantemos a aposta...", non mire, quitarlle cinco millóns a unha partida non é manter a aposta, é reducila, iso aquí e en calquera sitio. Se pasamos de cinco millóns para os concellos, ou cinco, a un millón seiscentos, estase reducindo, por tanto, non é a mesma aposta, e aínda por riba estase reducindo nun ano no que o orzamento é superior aos anos anteriores, de aí que vostede volvérase centrar nos adhesivos e noutras moitas cousas dos remanentes para non responder ao que lle preguntei. Porque se isto non xera emprego, como di vostede, non entendo por que ten que poñer cartos o Estado para suplementar o que non quere poñer a Xunta, porque non é necesario, tendo en conta, segundo di vostede, que isto non xera emprego, algo que repito, e me reafirmo, que parece que é unha contradición, porque se hai demanda de determinadas, digamos, formacións, se xera emprego. Sabemos, por exemplo, no eido sociosanitario que hai unha demanda brutal de emprego, e de xente formada nel. Por tanto, non é verdade iso que está vostede dicindo, porque se a empregabilidade, a mellora da empregabilidade, non xerara emprego, pois estariamos equivocados todos desde hai moitísimos anos, cousa que penso que está constatado que non é así, xa non vou nin sequera a discutir.

Sobre o tema dos remanentes, e reclamar, fai vostede un discurso que está moi ben se o fixera no Parlamento español, pero nesta Deputación renxe un pouco, renxe un pouco porque este Grupo apoiou sempre a reclamación da utilización dos

remanentes, sempre, pero tamén apoiou outras cuestións que non están relacionadas co Goberno do Estado, pero si co municipalismo e coa Xunta de Galicia, como por exemplo, a redución do Fondo de Cooperación, que vostedes non votaron. Polo tanto, a súa coherencia só chega ata onde chega o Goberno do Partido Popular, a partir de aí empezamos a ser incoherentes, cousa que non nos pasa aos que estamos aquí en fronte, porque temos votado cuestións solicitando e esixindo ao Goberno do noso Partido para que fixera determinadas achegas, cousa que vostedes, no caso da Xunta de Galicia non fan. Por exemplo, do Fondo de Cooperación, ou poño o exemplo deste mesmo tema que estamos a tratar hoxe, que lonxe incluso de facer esa reclamación, vostede fai unha intervención que non ten, para empezar, nada ou moi pouco que ver con isto, e di cousas que, desde logo, e desde o meu punto de vista, e podo estar equivocado, son totalmente contraditorias.

En todo caso o Goberno do Estado, credibilidade non sei a que vai ter, non vou facer unha comparativa. Desde logo o Partido Popular que dicía que nos ían roubar os remanentes, cando agora xa os podemos utilizar, está claro que, desde logo, vostedes en predicións tampouco andan moi acertados, porque non foi así, ao final si que se puideron utilizar os remanentes.

Pero ben, en todo caso, repito, vostede elude contestar ao que estamos a falar, é verdade o que dicía o Sr. Lema, ten unha papeleta complicada, porque é moi difícil defender isto, de aí que loxicamente vostede falara dos carteis, falara dos remanentes, e dun montón de cousas que pouco ten que ver co tema que se está a tratar, e é que a Xunta de Galicia, co orzamento máis alto da súa historia, reduce os fondos para os PIE, ese é o titular, e despois, como dicía o chiste, píntao de cores, pero o que hai, é o que hai, e é moi difícil xustificar esa redución, como digo, con maior orzamento. E moito menos xa dicir que, ben, se o Estado pon máis cartos darase máis, claro, e se o poñemos os concellos, claro que haberá máis tamén, pero a cuestión que estamos a tratar é que quen o poñía, quen poñía os fondos, agora pon menos e o reduce. E por un lado vostede o xustifica dicindo que é porque isto non xera emprego e por outro di que isto é moi bo e que a ver se o Estado nos dá o diñeiro, ben, pois unha cousa e a contraria. Repito, parte contratante da primeira parte.

En todo caso, eu tampouco penso intervir máis, penso que as posturas de cadaquén están suficientemente claras e recoñézolle que a papeleta que tiña hoxe sobre a mesa para defender era complicada, polo tanto, nese aspecto, hai que recoñecerlle a gallardía e a valentía de poder defendela con poucos argumentos, ou con argumentos complicados, pero aínda así, telo feito.

E nada máis, desexarlles tamén a todos e a todas unha feliz saída de ano e unha mellor entrada, que falta nos fai.

Sr. Rodríguez Martínez

Simplemente, dúas cousas.

A primeira que apelidándome Rodríguez Martínez, non me pode parecer mal que me chamen García, máis aínda cando, efectivamente, o Sr. Lema pode confundirse, porque somos tres Robertos no Concello da Coruña, e un deles é

García. Pero o que si, Sr. Lema, para vindeiras ocasións si que teño que comunicarlle que desde hai xa uns meses a Conselleira de Emprego é a Sra. Lorenzana, xa non é o Sr. Conde, entón, para que así conste tamén na acta.

Nada máis, simplemente simplemente unha cuestión que si que hai que precisar, efectivamente, eu dixen que se mantiñan porque Sr. Fernández, se manteñen, é dicir, respecto do 2020 ao 2021, como ben expón na súa moción o Sr. Lema non hai, efectivamente, esa baixada, esa baixada produciuse anteriormente, pero neste ano se mantén os criterios e se manteñen os cartos, por iso eu dixen que se mantén, non mentín, e ben, ata aí ás veces con axuda dos dedos vou sumando.

Entón máis nada, e agora si moitas grazas pola paciencia.

Sr. Presidente

Simplemente dicir que canto me alegro de ter sido, polo que vexo, a única institución que decidiu repartir medio millón de máscaras, Roberto, imaxino que te referías a esta casa, que é a túa, cando dicías que a Xunta contou coa colaboración doutras entidades, pódese dicir, non pasa nada, estamos orgullosos todos diso, e canto me alegro de tomar a decisión de non poñerlle adhesivo ás máscaras da Deputación da Coruña, creo que é o correcto.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: 13 deputados/as (PP)
Abstéñense: ningún/a deputado/a

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

"Moción Plan Integrado Emprego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano 2020 pasará á memoria colectiva como o ano da crise sanitaria, pero tamén da volta dos peores agoiros a respecto da estabilidade do sistema laboral e da equidade social non só na sociedade galega, senón a nivel global.

A pandemia veu para lembrarnos que a seguridade laboral, no sentido da blindaxe da empregabilidade, é un asunto aínda pendente nas axendas.

Esta situación e este contexto brigan máis que nunca ás administracións públicas a intervir na economía, tanto para regulala, como para estimulala e para favorecer a integración na mesma de segmentos sociais que as novas circunstancias desprazaron até a precariedade ou o desemprego.

Un dos instrumentos para levar a cabo a intervención no mercado laboral coa

finalidade de mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral de persoas desempregadas son os chamados Programas Integrados de Emprego (PIE).

Estes programas están adicados á formación e orientación laboral en diversos ámbitos profesionais, e fornecer ao usuario mecanismos de intermediación laboral para a facilitación da súa inserción no mercado laboral.

Os PIE son financiados pola Consellería de Emprego e executados a través dos Concellos e tamén a través de entidades sociais. Son precisamente os Concellos os que sportan a maior carga de ditos programas, pola súa cercanía á cidadanía e pola facilidade que teñen á hora de interactuar e interveir no mercado.

En todo caso, os fondos para os Programas integrados de emprego supoñen un importante recurso dos concellos para as actuacións de acompañamento da inserción laboral e mellora da ocupabilidade das persoas demandantes de emprego, e aínda con maior intensidade nos concellos máis pequenos, por seren os que menos recursos propios teñen.

A relevancia destes progrmas non se corresponde co peso orzamentario que estes acarrean para a Xunta, e menos aínda no documento orzamentario a debate estes dáis no parlamento galego.

Os PIE durante a convocatoria de 2018 tiñan consignados 5.300.000,00€ a executar por entidades locais e 5.600.000,00€ a executar por entidades sen ánimo de lucro; en canto ao 2019 concedéronse 5.000.000,00€ para entidades sen ánimo de lucro e outros tantos para entidades locais.

Para o ano dispuxéronse 1.666.666,67€ para as entidades locais e 6.733.333,33€ para entidades sen ánimo de lucro, reducindo de forma drástica o número de programas concedidos a entidades locais, que pasa de 22 no ano 2019 a 7 no ano 2020. Este recorte das partidas orzamentarias para a execución dos programas integrados de emprego polas entidades locais, supón un incomprensible desinterese pola primeira liña, condición que se agudiza nos concellos pequenos e rurais que carecen de recursos propios para aplicar políticas activas de emprego e causará gravosos prexuízos para os demandantes de emprego, moito mais tendo en conta o impacto económico negativo que está a causar a epidemia da COVID-19.

Por todo isto, propoñemos os seguintes ACORDOS:

Primeiro:

Instar a Xunta de Galicia, en concreto a Consellería de Emprego e Igualdade, a realización dun incremento do orzamento previsto para a execución de programas integrados por entidades locais no bienio 2020-2021, que cando menos, non sexa inferior ao previsto para as entidades sen ánimo de lucro, e canto menos en igual ou superior contía a do ano anterior, e que permita adaptarse ao novo contexto trala irrupción da COVID –19 para que os concellos e entidades locais poidan, verdadeiramente, axudar aos veciños na inserción ou reinserción laboral.

Segundo:

Dar traslado deste acordo á Consellería de Emprego, á Xunta de Galicia, así como a todos os grupos parlamentarios representados no Parlamento Galego."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, presidente.

O pasado 1 de xaneiro de 2020, o Consorcio Provincial Contraincendios e de Salvamento da Deputación da Coruña pasaba a xestionar de xeito directo todos os parques de bombeiros da provincia da Coruña. Máis adiante, en novembro deste mesmo ano, a Deputación aprobaba a relación de postos de traballo do Consorcio, outro paso máis adiante na necesaria homoxeneización das condicións laborais nos diversos parques, falta agora saber cal será a data do concurso oposición para que os bombeiros poidan, por fin, consolidar os seus postos de traballo.

Por iso formulamos a seguinte pregunta oral: En que prazos conta o goberno provincial iniciar as probas de funcionarización do persoal do Consorcio?

Sr. García Piñeiro

Bos días a todos e a todas. Antes de nada, sumarme aos bos desexos dos meus anteriores intervintes para estas datas nas que estamos e para o vindeiro ano.

Explicar que é certo que durante este ano tivemos un traballo importante no Consorcio para ir regularizando toda a situación de funcionamento do propio Consorcio como dos propios traballadores e traballadoras del, e nas reunións que estivemos tendo con eles, e cos sindicatos da Mesa Xeral, chegamos a unha serie de acordos e entre eles é que a principios deste ano iniciaremos o que é a Mesa e a Comisión para iniciar os trámites de negociación para regularizar os postos de traballo. Dicir que ata o de agora non se fixeron porque estiveron en proceso electoral, elixiuse un novo Comité de Empresa, que precisamente hoxe, nesta mañá, se constituíu e entón a principios do vindeiro ano teremos as primeiras xuntanzas con eles para, como dicía, crear esta Comisión que acabe na regularización dos postos de traballo do Consorcio.

Sr. García Seoane

Quería facer un rogo. Hai unha estrada moi perigosa, como moitas outras, que eu continuamente denuncio, no Concello de Arteixo, que ten unha pequena rotonda, unha rotonda de xoguete, e onde hai moitísimos accidentes, tanto de coches como de peóns, e sustos a moreas todos os días. Esta é a estrada provincial 0514, que na unión entre Torrente Ballester e a Avenida de Caión, é o núcleo que eu quero denunciar. De non ser posible a ampliación desa rotonda, que é unha mini rotonda,

dado que o concello neste caso de Arteixo tería que expropiar o terreo para ampliala, debíase elevar sobre a calzada os pasos que hai de peóns, porque isto permitiría cortar as velocidades que hai nese cruce tremendas, e daría unha seguridade, tanto ao peón como aos automobilistas que teñen tantos accidentes alí. Por tanto, é un rogo que fago.

Se me permite presidente, dúas palabras nada máis, desexar un ano sen Covid, moita saúde a todas e a todos, traballar arreo para sacar o país adiante, acabar coas citas previas, facer un chamamento a ser máis solidarios e humanos cos que sofren as guerras, as persecucións, os éxodos, para que cheguen a acadar a paz e a felicidade, e se esquezan das desgrazas e a fame que están a soportar, un ano novo distinto e singular como di o tema de Alternativa dos Veciños, cheo de felicidade e humanidade.

Sr. Calvelo Martínez

Recordar un pouco que hai uns Plenos veu tamén unha pregunta que presentou Alternativa dos Veciños, Gelo, sobre o tema dunha situación que se daba no Centro social da Lagoa, na zona de Chamín. Referíuselle e se lle contestou que había unha problemática en todo o que era a estrada da Deputación que ía de Arteixo a Caión, falóuselle explicitamente desa rotonda, onde está alí un pouco, que a dimensión, que habería que ampliala, pódese ampliar perfectamente porque hai superficie e dentro do ámbito da aliñación da propia estrada da Deputación, e non só é mellorar esa rotonda, senón é o que diciamos, reiteramos, mellorar o que son os pasos de peóns sobreelevados na zona da estrada de Barrañán, que é unha recta moi perigosa, e a petición que fixo tamén Gelo anteriormente que era onde está o Centro social da Lagoa en Chamín, que se falara de que neste caso a Deputación ía estudar ou facer un proxecto aí para mellorar a seguridade nese centro social. Só matizar iso, que este mesmo tema se tratara cando xa preguntou tamén Gelo hai dous plenos sobre ese tema. E felices festas tamén.

Sr. Ben Otero

Bo día. Eu, se me permites, presidente, bo día deputadas e deputados, quería facer unha pequena reflexión en nome do Grupo respecto do ano que acaba e posiblemente do ano que vai empezar, son dous minutos, pídovos que teñades un pouco de paciencia.

Di así: Acércase o final dun ano que sempre permanecerá na nosa memoria, un ano que nos ensinou que nada é seguro e que a vida tal e como a entendemos pode cambiar dun momento para o outro. Estou convencido de que os retos que o futuro nos presenta como institución só poderemos superalos desde o diálogo, a cooperación e a lealdade institucional. Toca máis ca nunca que todos rememos na mesma dirección, o obxectivo é a recuperación social e económica. As confrontacións partidistas, aínda que lexítimas, deben de pasar a un segundo plano. Ao meu xuízo debemos de centrarnos nun obxectivo común, a restauración do estado do benestar. Esta non será unha tarefa fácil, nin tampouco será unha tarefa cómoda e sen dúbida requirirá do esforzo e o compromiso dos políticos, da administración e da sociedade en xeral.

O principio que nos debe mover, sen dúbida, debe ser o de non deixar a ninguén atrás, o urxente debe guiarnos e ao noso xuízo, o prioritario, así o puxemos de manifesto nas conversacións do orzamento, é o apoio ás políticas sociais e ás entidades benéfico sociais. A loita contra a desigualdade pasa por potenciar os servizos públicos, a sanidade, a educación, a atención á dependencia, protección da infancia e da familia, acceso aos bens básicos ou oportunidades de promoción persoal, deben ser consideradas como piares do noso benestar e pedras angulares dunha sociedade que quere seguir cohesionada e que aspira a proporcionar benestar a todos os seus membros.

Nestas datas hai tres palabras que quererría poñer en valor, proximidade, esperanza e gratitude. Proximidade aínda que nesta ocasión non sexa tan física como ao que estabamos afeitos, pero creo que é fundamental que as persoas nos sintan preto, especialmente aquelas que o están pasando mal, que saiban que o noso compromiso con elas é inquebrantable. Esperanza ante a inminente chegada dun novo ano, que todos desexamos que veña cargado de saúde, para que a vacina chegue a todos os cidadáns o antes posible, e que encontren traballo todas aquelas persoas que o están buscando. E gratitude con aqueles que nos están axudando a superar a pandemia, grazas aos traballadores desta casa, que en tempo récord se adaptaron a unha situación nova e inesperada, e que co seu compromiso lograron que a institución non deixara de prestar os seus servizos. Grazas aos sanitarios que nos coidan, aos profesores que foron capaces de seguir formando aos nosos fillos, aos forzas e corpos de seguridade do Estado, aos servizos de emerxencias, ás forzas armadas, ao persoal de recollida de residuos sólidos urbanos, todos eles, desde a súa vocación de servizo público axudáronnos a superar un ano tan difícil, e grazas tamén aos traballadores de sectores produtivos privados, que se conformaron en esenciais, os traballadores do campo, do mar, do sector do transporte, recordo especialmente aos compañeiros que non poden volver aínda a España e están intentando volver, transportistas, o persoal dos supermercados, a todos eles moitas grazas de todo corazón.

E ás portas do Ano Santo, e como compostelán que son, convídoos a dúas cousas, por suposto, a visitar Santiago e a que todos lle pidamos ao apóstolo que nos axude a superar esta situación tan complicada.

Felices festas a todos, en nome do Grupo Popular e feliz 2021 para todos. Grazas.

Sr. Presidente

Grazas. Pola nosa parte e pola miña parte en nome do Goberno, sumarme ás palabras que acaba de dicir Evaristo, a todas e cada unha delas, de Gelo, de Alberto anteriormente tamén, e dicir que a verdade é que, como conclusión deste ano tan difícil, tan estraño e tan duro, eu creo que é un orgullo poder dicir que estivemos á altura das circunstancias todos e todas as que estamos aquí. Eu creo que é un orgullo poder falar do equipo que compón esta Deputación a nivel político, cando digo político refírome ao Goberno e a Corporación, é un orgullo o nivel de cada traballador, cada traballadora, que estivo á altura das circunstancias, que erradicou da súa mente e do seu vocabulario habitual a palabra horario, traballando vinte e catro horas ao día no peor da pandemia, no peor do confinamento, falando co interventor ás doce da noite,

ou co secretario, ou Amparo, ou con Luis Jaime ás once da noite, ás nove da mañá dun domingo, deu igual todas as barreiras habituais administrativas e laborais, e a verdade é que un se sinte francamente orgulloso e humildemente orgulloso dunha institución que está bastante, digamos, que pasa pola vida de forma moi discreta, pero que nos momentos difíciles sempre está ao lado de quen ten que estar. Polo tanto, feliz 2021, e que sexa o ano da xeneralización da vacina e que poidamos volver a bailar nas verbenas, Gelo e Bernardo, que creo que é fundamental. Moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:20 horas.